



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 3

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 16 de abril de 2009

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único.– Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Ábrese a sesión ás doce e dous minutos do mediodía.

Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta explica o procedemento que se vai seguir para o desenvolvemento do debate, de conformidade co acordo da Mesa-Xunta de Portavoces. Así mesmo, informa de que a votación para a elección do candidato se efectuará ás seis e media da tarde, agás que algunha incidencia na sesión obrigase a aprazala.(Páx. 3.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 3.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 12.) e Sr. Ruíz Rivas (P).(Páx. 22.)

Resposta do candidato: Sr. Núñez Feijóo.(Páx. 30.)

A señora presidenta suspende a sesión e anuncia que se retomará ás cinco da tarde coa réplica dos grupos parlamentarios.(Páx. 38.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás cinco e dous minutos.

Retómase a sesión coa réplica dos grupos parlamentarios.

A señora presidenta lémbrales ás súas señorías a forma na que se efectuará a votación, que se producirá logo do debate.(Páx. 38.)

Réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 39.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 42.) e Sr. Ruíz Rivas (P).(Páx. 45.)

Dúplica do candidato: Sr. Núñez Feijóo.(Páx. 47.)

A señora presidenta anuncia que se suspende a sesión ata as seis e media, hora na que se realizará a votación.(Páx. 52.)

Suspéndese a sesión

Retómase a sesión.

A señora presidenta anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato proposto a presidente da Xunta de Galicia, que a votación será pública, por chamamento, e que se requiren os votos da maioría absoluta para esta elección. A continuación pídelles ao señor secretario que saque a sorte o nome do deputado ou da deputada polo que comezará o chamamento.(Páx. 52.)

O señor secretario (Balseiro Orol) saca a sorte o nome, e correspóndelle ao deputado Sueiro Pastoriza. (Páx. 52.)

A continuación o señor secretario fai o chamamento das señoras e dos señores deputados, que responden "si" ou "non".

Votación: votos a favor, 38; votos en contra, 36.

A señora presidenta fai público o resultado da votación e, obtida a maioría absoluta, proclama elixido presidente da Xunta de Galicia a D. Alberto Núñez Feijóo.(Páx. 53.)

Remata a sesión ás seis e corenta e dous minutos da tarde.

Retómase a sesión ás doce e dous minutos do mediodía.

A señora PRESIDENTA: Bos días.

Prégolles ás señoras e aos señores deputados que vaian ocupando os seus escanos.

Moitas grazas.

Punto único.– Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.

Reiniciamos a sesión de investidura.

Corresponde agora a intervención dos representantes dos grupos parlamentarios que, de conformidade co acordado pola Mesa-Xunta de Portavoces do día 7 de abril de 2009, poderán facer uso da palabra por un tempo de 45 minutos. O candidato poderá contestar individual ou globalmente aos grupos parlamentarios, conforme o disposto no artigo 136 do Regulamento.

Tras o debate levarase a efecto a votación, coidamos que aproximadamente ás 18:30 horas, inda que esta hora, como todos vostedes saben, poderémola variar ao longo do debate; pero, en principio, témola prevista para as seis e media da tarde, sen prexuício de que as incidencias da sesión obri-guen a aprazala momentaneamente.

A primeira intervención correspóndelle, pois, ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego, seguido do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; e a continuación o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Por tanto, damos comezo a esta sesión e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra, por corenta e cinco minutos, don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Feijóo, como demócratas os nacionalistas recoñecemos que o seu partido, o Partido Popular, gañou as eleccións e que ten unha maioría suficiente para gobernar; unha maioría que lle pode permitir hoxe ser investido presidente e constituír un goberno.

Isto, que parece un recoñecemento obvio, non foi realizado por vostedes hai catro anos. Nós, como demócratas, sentímonos obrigados a facelo, e tamén como galegos sentímonos obrigados a lembrarlle que vai gobernar vostede o país nunha situación de crise e cunha sociedade dividida; vostede alentou tamén esa división. Hai máis xente detrás das bancadas da oposición, máis votantes detrás das bancadas da oposición, que detrás, señoría, das bancadas do Goberno.

É de saudar tamén que, despois de dicir na oposición que os anos do Goberno bipartito foran anos perdidos, recoñecese antonte que as conquistas sociais, que os logros dese Goberno, hai nalgúns casos que mantelos, mágoa que noutros, señoría, este recoñecemento vaia acompañado do anuncio explícito de derrogar e revisar algunhas desas conquistas, que non son nin do PSOE nin do BNG, son patrimonio xa da sociedade galega, e, desde logo, nós non imos permitir que se eliminen. Mais vaíamos, señoría, ao caso.

Nunha entrevista concedida poucos días antes das eleccións definíase vostede a si propio como o candidato con máis intelixencia e con menos ideoloxía. Eu –é unha cuestión persoal– non gosto das comparacións e non lle vou discutir o da intelixencia. Espero –créame– que polo ben de Galiza estea adornado por esa virtude. Espero que intelixencia non lle falte. Deterime algo máis, señoría, na súa suposta carencia de ideoloxía. Eu xa entendo que vostede, en coherencia co que foi a súa campaña electoral, queira parecer agora como un candidato immaculado, sen pasado, sen ligazón co pasado do seu partido en Galiza e tampouco sen ligazón coa traxectoria e a situación apurada do seu partido en Madrid; queira parecer vostede como un técnico obxectivo, como o xestor neutral que nos vai sacar da crise. Mais as cousas, señor Feijóo, non lle son tan doadas.

Vostede ten pasado, ¡claro que o ten!, e tamén ten unha ideoloxía, por certo, ben marcada. Ten pasado, porque vostede foi integrante dos gobernos de Aznar e de Fraga, gobernos nos que destacou como un excelente privatizador de ser-

vizos públicos. Da man de Romay Beccaría introduciu a privatización da sanidade a través das fundacións; en Correos, a través da conversión desta entidade pública nunha sociedade anónima; e na autoestrada do Atlántico, a través da súa entrega a prezo de saldo a unha construtora foránea. Esta é, señoría, a súa traxectoria e a súa experiencia de goberno.

Tamén ten pasado político. Se por algo destaca vostede neste campo, señor Feijóo, é por saber dar conta do recado. Vostede é un fiel cumpridor das ordes de Madrid. Veu a Galiza coa orde de aplicar no seu partido a doma e castración deseñada nos despachos de Génova. Liquidou vostede calquera veleidade galeguista no Partido Popular, e relegada a boina, o sector da boina, a postos secundarios, depurado o partido, pretende agora estender a súa limpeza ao conxunto de Galiza. De aí, e non doutra parte, vén a súa teima contra a lingua, a de todos e a de todas; a súa desconfianza fronte ao autogoberno e esa insistencia en que o único camiño que a Galiza lle queda é apenas o de ser un trampolín desde o que consumir a conquista da Moncloa.

E tampouco –xa llo dixen– carece vostede de ideoloxía, tena e ben marcada. Mesmo lle diría que afirmar que se carece de ideoloxía, ou que as ideoloxías e os antagonismos ideolóxicos xa están superados, é en si mesmo un indicio claro de que se profesa unha ideoloxía conservadora. E abofé que iso é o que destila o seu discurso de antonte, con trazos que lembran o *Crepúsculo de las ideologías* do finado ideólogo conservador don Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, mentor político de Mariano Rajoy. Como ve vostede, si que ten ideoloxía, e, por certo, ben resesa.

Díxonos tamén que fronte á crise temos que nos unir arredor dunha idea compartida de país e que temos que deixar á marxe os antagonismos e as disensións ideolóxicas. Ben, mais a cuestión, loxicamente, señor Feijóo, é cal é esa idea de país que supostamente deberíamos compartir, en que valores se debería fundar ese consenso colectivo e tamén –porque isto é fundamental– sobre que relato compartido da nosa historia se debe asentar a construción dese proxecto común que é Galiza.

Aquí as diferenzas son fondas, mais, ao cabo, asumámo-las con normalidade. Iso é a democracia, o antagonismo lexítimo entre concepcións diferentes do país, do poder e da sociedade, as súas e as nosas. Porque vostedes e nós repre-

sentamos alternativas políticas diferentes, defendemos tamén na sociedade intereses diferentes, e, como mostra, as declaracións reiteradas dos representantes da grande patronal galega, beneficiarios, por certo, de substanciosas concesións eólicas co seu Goberno, que non só saúdan a súa vitoria senón que xa lle están marcando cal é o camiño que debe seguir. Debe levantar a protección do litoral, debe derrogar o decreto do hábitat porque, segundo el, é demasiado avanzado; é dicir, que o que convén neste momento é dar marcha atrás. En definitiva, debe pór o país aos pés dos intereses especulativos que el e vostede representan.

Mais, antes de entrarmos noutras fonduras, hai algo no que si podemos coincidir, máis diría, no que si debemos coincidir. Hai valores que necesariamente deben ser comúns se é que queremos que o debate democrático sexa posíbel no noso país, por exemplo, a veracidade, o respecto pola verdade. Dixo vostede que Galiza precisa dun presidente que non minta. Espero, señor Feijóo, que, de se converter en presidente de Galiza, comece a dicir a verdade. Porque, se por algo se caracterizou a súa campaña, alén da falta de propostas, foi pola mentira e pola difamación. E isto debe ser recordado, sen revanchismos, mais debe ser recordado; porque, mal que lle pese, vai condicionar o seu Goberno e, sen dúbida, tamén o noso labor de oposición. Vostede, señoría, chegou ao Goberno montado sobre un cabalo de mentiras, e ese cabalo agora ameaza con encabritarse e voltarse contra o xinete.

A respecto doutro deses valores compartidos, ao que vostede tamén se referiu, o respecto polas normas e a superación do caciquismo, do enchufismo e do sectarismo –mensaxe que entendo vai dirixida ás súas propias filas–, ten vostede unha inmejorable ocasión para nos demostrar que o seu propósito é real e que, por unha vez, está a dicir a verdade. Creo que debe de destituír, señor Núñez Feijóo, ao señor Agustín Hernández Rojas como integrante da Comisión negociadora do traspaso de poderes e obrigalo a entregar a súa acta de deputado. (*Aplausos.*) Non se trata só, señorías, de que o señor Hernández Rojas incumprise abertamente a Lei de incompatibilidades de altos cargos –que o fixo–, senón que a súa conduta inhabilitaio eticamente para ser membro do Parlamento e do Goberno de Galiza. Lémbrolle, por se non a ten a man, que o artigo 3.5 da Lei de incompatibilidade de altos cargos, na súa redacción orixinal de 1996, prescrebe que, durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os cargos comprendidos –entre eles os directores xerais–

no ámbito de aplicación desta lei non poderán realizar actividades privadas relacionadas con expedientes sobre os que xa ditasen resolución no exercicio do seu cargo. Ao día seguinte do seu cesamento, o señor Hernández Rojas comezou a traballar para unha empresa á que dous meses antes lle adxudicara a construción dunha estrada; por certo, co Goberno en funcións.

Non é preciso, señoría, moito esforzo para demostrar que neste caso non houbo respecto polas normas; mais, alén diso –porque para algo está a xustiza ou debería estar–, o relevante é que estas actitudes revelan toda unha concepción da política de relacións entre o Goberno e a sociedade. A denominada porta xiratoria entre o Goberno e as corporacións, entre o Goberno e as empresas privadas, é unha constante no Estado neoliberal. Baste ver como na Administración Bush os seus máis altos representantes tiñan intereses relevantes no sector privado, intereses que mimaban con contratos e prebendas no exercicio do cargo, para logo, en xusta contraprestación, obtiren un retiro dourado ao saíren del. O escándalo da reconstrución do Iraque, previamente destruído, é unha boa mostra. E a outra escala, señor Feijóo, iso mesmo é o que vostedes practican. Para vostedes, señor Feijóo, a política non é servizo público senón pagamento de favores. Para vostedes, señor Feijóo, non é o interese xeral senón o interese particular de certas empresas o que debe guiar a acción de goberno. Se non é así, ten unha ocasión para nolo demostrar destituíndo o señor Hernández e obrigándoo, polo seu ben e polo de Galiza, a abandonar o escano que indignamente ocupa neste Parlamento.

Entremos, pois, señoría, en materia e vaíamos a aquilo que neste momento preocupa á maioría do noso pobo. Falemos, señorías, da crise económica.

Estamos en tempos de crise, que son tamén tempos de paradoxos. A ortodoxia neoliberal sacraliza o mercado, sacraliza a redución do déficit público, predica o esforzo e a responsabilidade individual –a iso se referiu vostede antonte–, iso si, sempre que os intereses en causa e a posición de dominio das elites financeiras non estean en perigo. Cando tal sucede, todas as excepcións son poucas en forma de incremento do déficit e de incremento do gasto público.

Regatean vostedes os cartos para protección social, mais cando do que se trata é de inxectar diñeiro na banca privada,

tal e como vostedes decidiron no Congreso dos Deputados, por máis que agora pretendan agachar a súa responsabilidade, todo esforzo lles parece pouco.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos e defendemos que cumpre unha nova regulación das caixas de aforro galegas e que precisamos instrumentos financeiros públicos que aseguren os recursos que precisa a nosa economía produtiva. Vostede recoñeceuno antonte, a banca privada segue coa billa do crédito pechada. Esta é a nosa proposta e mesmo podemos comprender, señoría, que vostede –como neoliberal contumaz que é– non a comparta, mais o que non pode facer, señor Feijóo, é terxiversar a realidade. O problema das caixas de aforro galegas non é o dirixismo público, ese é, señoría, o problema doutras entidades como Caja Madrid, campo de batalla entre faccións diferentes do seu partido. Por outro lado, se ese –o dirixismo público– fose a causa da crise do sector financeiro, non se entende como os bancos privados, exentos en principio de calquera participación pública, teñen problemas tan graves de liquidez e de solvencia. Sexamos serios, señoría, os retos que han de afrontar as caixas galegas no próximo futuro son outros. En primeiro lugar, a necesidade de que exista un compromiso maior, máis estreito, entre as caixas de aforros galegas e a creación de emprego e a economía produtiva no noso país; a coordinación efectiva dos seus instrumentos de investimento estratéxico cos propios da Comunidade Autónoma; diso vostede non falou nada antonte. E hai tamén outro reto, por mellor dicir, outra ameaza, diante da que nos debemos pronunciar, esa si que é unha cuestión de país; a ameaza dunha reforma de lexislación estatal sobre caixas de aforros que elimine a necesidade dunha autorización da Xunta de Galiza para as fusións, unha regulación que abriría a porta á deslocalización dos centros de decisión de Galiza en materia financeira. Nós estamos en contra de que iso ocorra, espere-mos tamén non sermos os únicos nesta Cámara –como noutras ocasións– que defendemos non os nosos intereses de partido senón os intereses do país.

En materia de emprego, señor Feijóo, limitouse vostede a exercer de notario da realidade e a levantar acta dunha situación certamente complexa, agoirando aínda maiores complicacións para os próximos meses.

Dixo que na Galiza agora hai 211.834 parados e xa anunciou vostede que esta cifra se incrementaría dunha forma

substancial nos próximos meses. Recoñeceu vostede que 80.000 deses desempregados carecen de ningún tipo de cobertura, mais non formulou para eles ningún tipo de solución, non lles deu ningún tipo de esperanza.

Señor Feijóo, logo esqueceu vostede as súas promesas de campaña. Dixera que en 45 días ía solucionar a crise. Dixera que o día a seguir das eleccións comezaría a camiñar o camiño inverso á destrución do emprego. Dixera que non ía autorizar novos expedientes de regulación de emprego, mais no seu discurso de antonte, señoría, non avanzou medida concreta ningunha fóra cos consabidos planos e programas, que á súa vez se dividen noutros planos e noutros programas, e das tópicas invocacións ao diálogo e á concertación social.

Agora toca mollarse, señoría. Nós apostamos, como nacionalistas, por incrementar a protección dos desempregados, establecendo un complemento autonómico para as prestacións por desemprego e un salario de integración laboral para aqueles que carecen de calquera protección, ligados ambos a itinerarios de capacitación profesional. Mais vostede onte non esclareceu que dirección vai tomar. ¿Acaso vai tomar a dirección, señoría, que xa lle están a indicar os seus amigos da gran patronal, coincidentes, por certo, cos que o seu partido –algún portavoz do seu partido– adiantou na pasada campaña electoral? ¿Vai apoiar vostede o contrato de crise? ¿Vai apoiar vostede a rebaixa dos salarios? ¿Vai apoiar vostede o abaratamento do despido? ¿Vai apoiar vostede que os expedientes de regulación de emprego non precisen de autorización administrativa? ¿Son esas, señoría, as que quere a grande patronal, os seus amigos, as liñas que van guiar a política laboral do seu Goberno? É o momento de que nolo diga claramente, non pode seguir, señor Feijóo, agachando por máis tempo o seu programa.

E non sería de estrañar, porque esa mesma falta de concreción foi a que empregou vostede ao indicar a necesidade de avanzar na especialización da nosa economía e priorizar algúns sectores estratéxicos para garantirmos a súa expansión e a súa capacidade competitiva. Está ben, é difícil non coincidir con iso, niso traballou o nacionalismo desde o Goberno. Mais alén de enumerar eses doce sectores aos que vostede se referiu o martes, ¿ten vostede hoxe algunha idea concreta acerca de cales van ser as súas estratexias de apoio para eses doce sectores? Porque a listaxe si que a trae feita, pero os deberes semella que non.

Automoción. Di vostede que a automoción é un sector decisivo. Efectivamente. ¿Cal é a súa alternativa, señor Feijóo? Evidencia que a Galiza lle corresponde unha porcentaxe das axudas que non equivale ao noso peso no sector, pero á parte de reclamarlle ao Goberno do Estado –conta co noso apoio– un tratamento xusto para o sector da automoción de Galiza, ¿hai algo máis? ¿Hai algo máis acerca da súa prometida viaxe a París en campaña, ou do seu prometido Plano Prever galego? ¿Hai algún compromiso certo que hoxe nos poida concretar, señor Feijóo?

O sector naval dixo que era imprescindíbel e aí parou. Non dixo nin unha palabra na súa intervención, señor Feijóo, acerca de que futuro prevé, de que futuro pensa o seu partido para un dos piares da nosa economía. ¿Que futuro para Navantia Fene, impedida de construír buques civís? ¿Pensa, señoría, continuar o traballo do Bloque Nacionalista Galego, apoiar a iniciativa lexislativa popular para que o estaleiro de Fene volte á construción civil? Silencio.

¿Cal é a súa proposta para as dificultades que atravesamos o téxtil galego? Silencio.

Sobre a construción falou, efectivamente, algo máis, non por casualidade. É ben indicativo que, no canto de falar vostede da vivenda como un dereito, falase apenas da construción como sector económico. É un sector económico, é un sector estratéxico, pero na medida en que respete o territorio, en que respete o medio ambiente e satisfaga necesidades sociais. Pero eu entendo que esa é exclusivamente a súa perspectiva, esa é exclusivamente a súa preocupación e os intereses que defende. Non defende vostede os intereses das persoas que teñen dificultades para desfrutaren dunha vivenda digna, senón os dos promotores que, despois de moitos anos de encher o peto, teñen agora dificultades para se desfaceren das vivendas baleiras e vostede acode, ¡como non!, solícito na súa axuda. Mais repare, señoría, nalgúns detalles.

Repare en que, grazas á iniciativa do BNG, o Plano estatal de vivendas xa contempla a posibilidade de cualificar como vivendas protexidas o *stock* de vivendas baleiras, o *stock* xa construído. Fronte á súa proposta, a cualificación desas vivendas como vivendas protexidas supón importantes beneficios para os adquirentes en forma de axudas directas e de créditos subsidiados.

Repare vostede tamén, señor Feijóo, que na Galiza a maior parte do *stock* de vivendas baleiras son segundas residencias localizadas no litoral, alí onde, de acordo co rexistro de demandantes de vivenda, non hai demanda. A demanda, por exemplo, está en Vigo, onde non existe ese *stock*. ¿Que pretende? ¿Enviar aos demandantes de vivenda de Vigo á Mariña Lucense para ocupar eses chalés que están en Barreiros baleiros aínda? ¿É esa a súa proposta en materia de vivenda? ¿Esa é a forma de satisfacer o que para nós é un dereito fundamental e para vostedes simplemente unha forma de pagar favores?

Por certo, ¿vai manter vostede o decreto do hábitat ou vai derogalo, tal e como lle solicitou a patronal? ¿Vai manter vostede a porcentaxe do 40% de vivenda protexida nos novos planeamentos ou vai reduci-lo, señor Feijóo, como xa lle solicitaron os seus amigos promotores?

En materia de enerxía, señoría, hai unha contradición evidente entre pretender que Galiza recupere o liderado en materia de enerxía eólica e a vontade manifestada de revisar o decreto e o concurso eólico. Aquí eu creo que se impón a clareza. Hai dous modelos: o modelo do Partido Popular, a adjudicación a dedo de 4.000 megavatios eólicos a amigos e a empresas foráneas; e o modelo do Bloque Nacionalista Galego, a adjudicación dos megavatios eólicos por concurso e o establecemento dunha participación pública nos beneficios do vento.

Ten vostede enriba da mesa, señoría, a posibilidade de revisar o concurso, mais ten que nos dicir a favor de quen, ten que nos dicir a quen lle vai sacar os megavatios –ás conserveiras, ás cooperativas lácteas de Galiza– e a quen llos vai dar, ¿quizais a Fenosa? ¿Á mesma empresa que, segundo informacións que hoxe aparecen na prensa, pretende vostede encomendarlle a xestión da industria e da enerxía no noso país? ¿Eses son tamén, en materia enerxética, señoría, os intereses que vostede defende, os intereses que vostede vén representar hoxe neste Parlamento? Por certo, ¿van manter a participación pública ou –como é a súa especialidade– vana malvender, tal e como fixeron coa autoestrada do Atlántico?

Podíamos, tamén, falar de turismo, para nós é un sector estratéxico, supoño que aí coincidiremos, por iso fixemos unha nova Lei de turismo consensuada co sector e articulamos políticas de apoio fundadas na cooperación entre os

axentes públicos e os privados. Mais vostede aquí segue sen concretar cales son, señoría, fóra das etéreas alusións ao Xacobeo do ano 2010 como escenario de novas oportunidades –créollo ben–, as súas propostas e medidas concretas para o sector turístico. ¿Cales son? Silencio.

Para a Sociedade da información o seu discurso, se algo reflicte, é un profundo descoñecimento do sector e do traballo que xa está feito. A implantación, señoría, do Plano estratéxico galego da Sociedade de Información supuxo un antes e un despois, tanto na extensión da banda larga como na introdución das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas e nos fogares, e na consolidación do sector industrial das novas tecnoloxías. En contraste con isto, señoría, ¿cales son en concreto as súas propostas? Silencio.

En materia de investigación e desenvolvemento, esqueceu vostede que entre os anos 2005 e 2008 incrementouse dunha forma substancial o orzamento global –máis dun 112%–, que grande parte dese orzamento –ademais do investimento en I+D+I– provén –e isto é un dato importante– de investimento privado e que se criaron máis de 8.000 postos de traballo só nos dous primeiros anos de vixencia do plan.

En contraste con todo isto, señoría: ¿cales son as súas propostas, as medidas que vostede propón, en concreto, para o sector do I+D+I? Silencio, absoluto silencio.

En materia de pesca, é certo, vostede foi algo máis preciso, mais non por iso máis ambicioso, xa que se contenta con manter as actuais cotas de pesca no referente á flota da altura, renunciando, por tanto, a revisar a discriminación que Galiza sofre no marco da política pesqueira comunitaria.

Carece vostede, señoría, dun proxecto propio para o noso sector pesqueiro. Abóndalle, segundo manifestou o martes, conseguir os principios de organizacións internacionais e da Unión Europea. Temos en Galiza unha experiencia, unha triste experiencia, do que iso significa.

Iso si, a súa aposta pola acuicultura industrial en detrimento doutros sectores como a baixura ou o marisqueo ofrecen poucas dúbidas acerca de quen son os seus patrocinadores neste ámbito. E máis outra vez, clamorosos silencios.

Nin unha soa referencia para o salvamento marítimo, a seguranza no mar e a loita contra a contaminación mariña, como se vostedes eiquí non tivesen un historial como o que teñen na materia. Silencio absoluto para mariñeiros, mariscadoras e en xeral os traballadores do mar. A vostedes non lles interesa nin a falta de convenios colectivos no sector, non lles interesan as condicións en que se teñen que xubilar estes traballadores, e, ¡faltaría máis!, tampouco lles interesa loitar contra a explotación de que son obxecto os mariñeiros inmigrantes. Todo, señoría, moi coherente con esa suposta falta de ideoloxía.

Respeito do medio rural debemos –e dígollo sinceramente– saudar o cambio que o seu discurso supuxo a respecto da súa actitude na oposición. Agora, ao menos sobre o papel, comparte vostede as liñas estratéxicas que guiaron a acción do Goberno bipartito. Este mesmo cambio de actitude, señoría, é especialmente destacábel no sector lácteo hoxe, cando a esta hora en Madrid os nosos gandeiros están reclamando un tratamento xusto para a súa produción. Cambio de actitude porque, cando vostedes estaban na oposición, non só negaban a responsabilidade doutras administracións, do Estado e da Unión Europea, na evolución do sector, senón que mesmo impediran –e fíxoo vostede persoalmente– que nesta Cámara se adoptasen acordos coa unanimidade dos tres grupos, incluído o Partido Popular, para fixar unha posición galega, unha posición de país, unha posición de forza, diante da Administración do Estado e diante da Unión Europea.

Saudamos o cambio de actitude, mais para ser un cambio de actitude real e críbel debería concretarse nalgúns compromisos concretos. No compromiso de espremer ao límite as nosas competencias e non utilizar o leite como produto reclamo para a distribución; na intervención decidida no mercado; e, por suposto, en darlle un impulso definitivo a políticas de intervención no mercado da terra e outras como o contrato de explotación sustentábel que puxo en marcha o Goberno bipartito.

Desde logo, fronte o Goberno Español e a Unión Europea, é necesario que o seu partido, señor Feijóo, defenda en Madrid o mesmo que se vota eiquí, porque temos tamén a experiencia de que o que aprobamos eiquí por unanimidade resulta despois negado e votado en contra no Parlamento español. Temas como que o prezo do leite se configure de

abaixo arriba; como que se garanta a recollida e a defensa de mecanismos de regulación e de intervención nos mercados.

Estas son, señor Feijóo, as medidas que hoxe está demandando en Madrid o sector e que no seu día, de xeito irresponsábel, vostede se negou a apoiar. Agardamos que de cara ao futuro, na defensa do sector lácteo, o Partido Popular, o seu Goberno, se posicione dunha forma clara, aínda que iso supoña incomodidade ou aínda que iso supoña contradicións en Madrid.

En materia comercial atravesamos unha grave recesión económica e, mesmo así, os índices, os parámetros de situación para Galiza, hoxe no sector comercial –para o comercio de proximidade, o comercio tradicional– son mellores que no ano 2005, tanto en número de establecementos comerciais como en número de empregos xerados, e isto no é casualidade, isto é froito dunha política activa de apoio ao comercio tradicional concretada en medidas como a Lei de horarios e concretada, desde logo, no apoio á mellora das estruturas comerciais e á defensa activa do sector fronte ás grandes superficies.

Vostede antonte falou, sen concretar, dun plano de medidas para combater as consecuencias da crise do comercio. Pero ¿cal é o contido, señoría, deste plano?, ¿cal é o seu calendario de aplicación?, ¿cal é a súa dotación económica? En definitiva, ¿cal é a forma, cal é o xeito en que vai defender o comercio tradicional, o comercio de proximidade, fronte a outras formas de distribución?

A respecto do sector público anunciou vostede –dixo– reformas de calado, para dar exemplo –diciá– de austeridade e de racionalidade. Unha curiosa concepción, por certo, das políticas anticíclicas e da necesidade de que en momentos de crise os poderes públicos actúen como motor económico.

Permítame que lle diga que a respecto das súas propostas de reducir a Administración, de simplificar procedimentos, estas propostas lémbreme, case diría que perigosamente, ás que un conselleiro de Presidencia formulara hai vinte anos. Estabamos en permanente reforma administrativa que ao final non chegou absolutamente a nada. O tempo dirá.

Mais o que si é preocupante é ese anunciado plan de choque para axustar o orzamento á realidade, supoño que previo debate e previa tramitación neste Parlamento.

Tamén un plano de choque para analizar a evolución dos ingresos tributarios. Por iso, seguramente por iso, para que sigan evoluíndo ben, vai vostede reducilos facéndolles regalos fiscais aos máis ricos.

E sobre os regalos fiscais que pretenden vostedes facer aos rendimentos máis altos impóñense, señorías, algunhas consideracións. Non indicou vostede, señor Feijóo, cal é o impacto orzamental que eses regalos fiscais van ter. Non indicou vostede de que maneira se vai compensar esa redución de ingresos no que é o financiamento do sector e dos servizos públicos. ¿Quizais, señoría, elevando os impostos indirectos?

Eliminado co seu voto favorable o imposto sobre o patrimonio e dada a súa intención de suprimir tamén o imposto sobre sucesións e doazóns para os únicos que agora o seguen a pagar, os máis abastados, ¿pensa vostede introducir, señoría, algún tributo que grave as grandes fortunas? Esta podería ser unha forma de reintroducir xustiza fiscal e tamén de compensar esa perda de ingresos.

¿Pensa de verdade, señor Feijóo, que nun momento de crise como o que estamos a atravesar, que tamén é unha crise fiscal —é unha crise de ingresos fiscais—, os nosos servizos públicos poden soportar os regalos tributarios anunciados por vostede?

Sei, señoría, que a ortodoxia neoliberal dítalle adoptar estas medidas fiscais regresivas; porén, faría ben en abandonar o dogmatismo e actuar, polo menos unha vez, con racionalidade e con sentido común.

En materia de servizos públicos, falou vostede de que a sanidade é un sector moi querido por vostede. Ten, desde logo, unha longa experiencia en materia sanitaria e non lla vou discutir, xa falamos antes dela. Pero realizou vostede algúns anuncios preocupantes. Todos estamos de acordo en que se garanta a asistencia en 45 días para probas diagnósticas e en 60 días para intervencións cirúrxicas. Mais se isto non vai acompañado, señoría, dunha esixencia estrita da lexislación sobre incompatibilidades, abre as portas á privatización encuberta do servizo sanitario público. O incentivo é evidente: médico que traballa na pública e na privada, creo unha lista de espera para poder atendelos despois no meu hospital ou na miña consulta privada. (*Murmurios.*) Si, si, non, non, claro, é

que é así, é que é así. E vostede terá que aclarar qué medidas vai adoptar para que esta garantía de asistencia non se converta, señoría, nunha porta aberta á privatización.

Sobre novas infraestruturas sanitarias. Falou vostede de “tentar o novo hospital de Pontevedra”. ¿Que significa isto, señoría? ¿Acaso está estudando a oferta realizada polo señor Telmo Martín de construír o novo hospital de Pontevedra con formas de privatización similares ás que o Partido Popular xa está utilizando en Madrid ou en Valencia?

Nada, por certo, acerca do persoal sanitario, nada acerca da contención do gasto farmacéutico... Terá vostede moita experiencia, efectivamente, en materia sanitaria, non a experiencia que a este país lle interesa.

En materia educativa, vostede, á parte de mentir acerca dos datos de fracaso escolar —segundo os datos do ministerio Galiza é a comunidade autónoma que máis avanzou en redución do fracaso escolar no ano 2007, e tamén nos datos sobre abandono temperán somos a cuarta comunidade autónoma en taxa de abandono temperán do ensino obrigatorio—, retomou as vellas escusas coas que a dereita xustifica sempre nesta materia as súas reformas regresivas. Falou da cualidade, falou da autoridade. Efectivamente, iso é o que fai falta. Mais non fixo referencia a nada do que interesa a país, a nais, a alumnado e a docentes. Sobre servizos complementares, ¿vai estender vostede o servizo de comedor ao conxunto do alumnado dos centros públicos? ¿Vaise comprometer vostede coa redución da ratio e o incremento do persoal non só docente, senón tamén de apoio nos nosos centros públicos? E, sobre todo, ¿vai volver vostede, señor Feijóo, a privilexiar o ensino privado ou vai manter a aposta que polo ensino público realizou o Goberno bipartito?

Á galeguización do ensino, señoría, referireime con detalle máis adiante.

En materia de universidade, a vaguidade é a mesma. A universidade galega está inmersa nun proceso de cambio. O sistema universitario galego está iniciando o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior; por certo, por certo, no marco dun crecente rexeitamento ao que este espazo, este plano Boloña, supón en materia de mercantilización, en materia de recentralización e en materia de xerarquización do que son os ensinamentos universitarios.

Neste estado de cousas, señoría, vostede debe aclarar qué é o que vai facer o seu Goberno. ¿Vai asumir acriticamente uns deseños estatais e europeos de marcado carácter centralista e mercantilista ou, pola contra, pensa aproveitar o proceso de cambio para afortalar o sistema universitario galego como un sistema máis integrado, máis equilibrado e máis comprometido co país? ¿Vai elaborar un novo plano de financiamento que asegure, cando menos, alcanzar no ano 2010 o 1,2% do PIB en investimento público en ensino superior? Estoulle falando da media estatal; a media europea poderemos intentar conseguila máis adiante. ¿Cal é, señoría, o seu compromiso real, certo, en materia universitaria?

O mesmo para outro servizo público fundamental como son os servizos de benestar. Non descubro nada se digo que na lexislatura 2005-2009, que agora está a rematar, as políticas sociais tiveron unha relevancia sen parangón na historia da Administración galega. Isto supuxo un considerábel esforzo, comezando por un esforzo orzamental, e isto materializouse na creación dunha rede pública de servizos sociais ata entón inexistente no noso país. Pero non aclarou vostede, señoría, cal é o seu modelo, se vai volver aos modelos do Partido Popular tamén de primar a iniciativa privada. No seu discurso, á parte dun fondo descoñecemento da materia, apenas se conteñen dúas medidas concretas. Dixo vostede que vai construír un centro de día en todos os concellos con poboación superior a 1.500 habitantes. Iso son 261 concellos en Galiza. Desconte os 57 centros de día que xa están construídos –non construíra ningún o Partido Popular en dezaseis anos de goberno–, ten vostede que pór en marcha 204 novos centros de día na súa lexislatura. Conta con todo o apoio e con todo o ánimo do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Dixo tamén que hai que facer unha residencia prá atención das persoas maiores en cada comarca. A gran pregunta que nós facemos desde o Bloque Nacionalista Galego ten a ver coa titularidade e coa forma de xestión deste recurso. En todo caso, considerando todos os centros existentes, sexan públicos ou privados, neste momento 43 comarcas galegas xa dispoñen deste tipo de recurso. Por tanto, o seu ambicioso plan límitase na práctica a pór en marcha dez novas residencias, nin sequera públicas, como fixo este Goberno; seguramente as súas serán privadas.

E o mesmo podemos falar en materia de dependencia. As propostas que realizou vostede, señoría, revelan non só un

descoñecemento, senón case diría un desinterese absoluto por esta materia. Vostede penso que o primeiro que debe dicir é que lle actualicen as referencias, porque dixo que o seu compromiso vai ser que 16.000 grandes dependentes cobren as súas prestacións. Claro, iso é o que di o Libro branco sobre a dependencia, pero é que neste momento en Galiza xa hai avaliadas e con dereito a prestación recoñecida 28.101 persoas cunha grande dependencia recoñecida. Delas, señoría, 13.513 xa están neste momento, a día de hoxe, desfrutando, efectivamente, dunha prestación. O seu ambicioso plan en materia de dependencia, por tanto, é recoñecer apenas 2.500 novas prestacións. Ese é o seu ambicioso plan; o seu ambicioso plan se realmente ten visión de país e se realmente está comprometido nesta materia sería, señoría, apoiar un novo sistema de financiamento da dependencia, apoiar o que xa co apoio de todo o Parlamento galego defendeu o Goberno de Galiza no Consello Territorial do Sistema de Atención á Dependencia, para que teñamos un sistema de financiamento acorde cos nosos intereses e coa realidade do noso país. Un sistema de financiamento que contemple e que pondere non só nun 20%, senón como mínimo nun 50% o que é a poboación atendida. Unha proposta que vostede, polo demais, coñece e que se artella en base a cinco grandes principios: o de globalidade, o de respecto ás competencias propias, o de suficiencia, o de estabilidade e o de equidade.

En materia de igualdade entre homes e mulleres, a verdade é que non foi vostede moi prolixo; diría que fixo vostede un discurso en masculino e en singular. Masculino non só pola linguaxe empregada, senón porque, ademais, nas súas propostas de actuación, non hai nin unha soa medida concreta, nin unha soa medida que mereza credibilidade. ¿Como pensa vostede acadar a igualdade salarial? ¿Non sabe vostede que as mulleres galegas cobran menos porque traballan con xornadas reducidas e con contratos máis en precario que os homes? ¿Que medidas contempla vostede para atallar esta realidade? E, por certo, é imposible acadar a igualdade real, a igualdade salarial, sen partir de condicións de acceso ao mercado laboral iguais, dun reparto equitativo do tempo entre homes e mulleres; é dicir, dunha aposta, como fixo o Goberno bipartito, pola corresponsabilidade.

E o seu discurso é singular por individualista. Trae outra vez ao debate unha opción ideolóxica clara sobre quen ten que soportar o custo do benestar, e pra vostede son as fami-

lias. Desaparecen as galescolas, e a súa receita é pagarlles ás familias para que as mulleres queden na casa e carguen en solitario cos labores femininos de coidado.

E, por certo, clamorosos silencios. É lamentábel, señor Feijóo, que no seu discurso durante case dúas horas, vostede non fixese nin unha soa referencia á violencia de xénero; é realmente lamentable. O seu silencio, señoría, é elocuente. ¿Van continuar coas medidas que nós puxemos en marcha como o salario da liberdade ou como o Fondo de garantía de indemnizacións, ou o silencio que vostede mantivo a este respecto supón que tamén van facer *tabula rasa* destas conquistas?

Podemos falar doutras materias, como –as infraestruturas deixarémolas para a réplica– a ordenación do territorio e a protección do medio ambiente, mais quero agora, señoría, falarlles da lingua.

O artigo 1, apartado 2, do vixente Estatuto de autonomía proclama que a Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galiza e dos seus intereses. En materia lingüística, señoría, este mandato complétase coa obriga dos poderes públicos de potenciaren en todos os planos o uso normal da nosa lingua propia, do galego. Iso será, xa que logo, unha das súas principais obrigas como presidente do país. E a xulgar polos dados que vén de dar a coñecer a Real Academia Galega, ten vostede traballo abondo. O uso e a transmisión interxeracional da nosa lingua está a experimentar un grave retroceso. E isto, señor Feijóo, require de vostede como candidato a ostentar a Presidencia da Xunta un compromiso claro. Se non é por amor ao país, se non é por amor ao nosa lingua, ao menos que sexa por obriga legal, sobre todo cando esta situación é fruto da despreocupación, do desleixo que os gobernos do seu partido, baixo a capa daquel bilingüismo harmónico, tiveron na materia.

E vostede, señor Feijóo, era consciente desta situación cando de forma irresponsábel acendeu a chama da confrontación. Aínda sabendo que era mentira, non dubidou en apoiar campañas extremistas contra a nosa lingua e contra a convivencia neste país, contra os tímidos intentos realizados polo Goberno bipartito para recuperar falantes e presenza para o galego. Todo o que ten a dicir a respeito da nosa lin-

gua dío desde a prevención, desde a desconfianza, desde a distancia, como se a lingua galega fose algo negativo co que hai que ter coidado; unha carga e non unha riqueza de extraordinaria utilidade que nos identifica como nación e que nos abre as portas dun universo de máis de 200 millóns de persoas.

E así as cousas, señoría, vostede non debe limitarse a lembrar o obvio. É unha obviedade dicir que a lingua non pode ser imposta e que ninguén debe ser discriminado por razón de lingua; claro que si. Ou quizais unha obviedade relativa. Porque vostedes sempre se opuxeron a recoñecerlles aos falantes do galego os mesmos dereitos dos que gozan aqueles que lexitimamente escollen utilizar o castelán. E digo eu que, falando de liberdade, habería que comezar por aí, pola igualdade real de dereitos.

E, con todo, en Galiza temos un consenso, un consenso de mínimos, téñollo que dicir; un consenso integrado polo Estatuto, pola Lei de normalización lingüística e polo Plano xeral de normalización da lingua galega, aprobados por unanimidade neste Parlamento, tamén co voto favorábel do seu partido. Un consenso, señorías, que, dentro do respecto á liberdade das persoas, avoga por estender o uso e a presenza da nosa lingua en todos os ámbitos; un consenso, señor Feijóo, que inclúe a opción por un sistema educativo único e integrador, porque, como establece o artigo 13 da Lei de normalización lingüística, os alumnos non poden ser separados nin en aulas nin en centros diferentes por razón da lingua. Esta segue a ser a nosa opción e isto obríganos a procurar modelos lingüísticos integradores. Iso foi o que fixemos co decreto que regulou o uso do galego no ensino non universitario; por certo, transcripción literal do disposto no Plano xeral de normalización lingüística, que prescrebe que non menos do 50% das asignaturas se impartirán en lingua galega.

E vostede di agora que quer derrogar ese decreto. ¿Quer derrogar tamén, señor Feijóo, a Lei de Normalización Lingüística e o Plano xeral de normalización lingüística? ¿Vai separar, señor Feijóo, os nenos e as nenas en aulas diferentes en función da lingua que escollan seus pais e súas nais? ¿De que xeito, señoría, pensa impulsar a normalización real da nosa lingua no ámbito educativo? ¿Como vai garantir o dereito a sermos atendidos en galego nos servizos públicos, comezando pola propia Administración autonómica?

O Bloque Nacionalista Galego, señoría, e con nós moitos galegos e moitas galegas, imos defender con firmeza o consenso que entre todos construímos, a defensa da nosa lingua e a convivencia en igualdade de dereitos nesta materia, e non imos permitir –desde logo, non será co noso concurso– que pola primeira vez nos vinte e nove anos de autonomía un presidente da Xunta retroceda naquilo no que deberíamos seguir avanzando todos unidos.

Podemos falar tamén de cuestións como autogoberno e financiamento autonómico. Mire, [...] á marxe do que comentaremos despois na réplica, o seu discurso de investidura evidencia un feble compromiso coa procura dun marco de autogoberno máis ambicioso e máis amplo, e non concretou tampouco, en materia de financiamento, de que maneira pensa defender na negociación en curso os intereses de Galiza.

Dixo vostede que que Galiza non conte cun novo Estatuto non afecta á marcha desas negociacións. ¡Claro que afecta! O seu veto ao novo Estatuto nesta lexislatura que agora remata supón que, de acordo co documento do propio Ministerio de Economía, Galiza estea xa cun hándicap de partida nesas negociacións. Contará desde logo, señoría, co noso apoio, pero esperemos que unha vez máis os intereses de Galiza non sexan sacrificados no altar do que lle interesa a Madrid ou do que lle interesa a Valencia, outras comunidades gobernadas polo seu partido e nesta materia con intereses contrapostos aos do noso país.

Remato, señorías. Este...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Rematou o seu tempo. Remate, por favor.

O señor AYMERICH CANO: Creo que nestes debates, presidenta, sempre houbo unha certa flexibilidade no uso do tempo.

A señora PRESIDENTA: Remate vostede, porque eu creo que...

O señor AYMERICH CANO: Ben, dous minutos.

A señora PRESIDENTA: Xa o seu tempo rematou, señor Aymerich. Ou remata a súa frase ou, se non, xa non ten a palabra.

O señor AYMERICH CANO: Ben. Eu lamento, señora presidenta, que se estea estreando desta maneira, é toda unha declaración de intencións. De verdade que o lamento, de verdade que o lamento.

Simplemente dicir que estamos atravesando unha grave crise económica e a forma en que vaiamos saír dela está por ver. O que si está claro do noso punto de vista, señorías, é que non van ser as receitas que produciron a crise as que tamén nos saquen dela. Non vai ser a redución do investimento público, non vai ser a privatización de recursos e de servizos públicos, non vai ser a desregulación de sectores económicos ou do mercado laboral...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

O seu tempo rematou xa hai un minuto.

O señor AYMERICH CANO: Falaremos despois na réplica. De verdade, señora presidenta, que lamento a súa actitude e o seu ton, é toda unha declaración de principios no inicio da lexislatura. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo dos Socialistas de Galicia, ten a palabra don Xoaquín Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señora presidenta, señor presidente, señorías.

Señor candidato, subo a esta tribuna, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para contribuír a esclarecer o momento en que estamos, os horizontes aos que debemos aspirar e os obstáculos que temos que afrontar. Tomaremos posición en relación cos seus compromisos, coas súas promesas, pero tamén en relación coas súas equivocacións, as súas renuncias, as súas inconcrecións e os seus esquivamentos. Cincocentos vinte mil galegos déronnos o seu apoio e quero manifestarlles, en primeiro lugar, o meu agradecemento por ternos confiado a tarefa de protagonizar a oposición neste Parlamento. Os 25 deputados do noso grupo, o mesmo número da lexislatura anterior, teñen sido insuficientes para impedir a súa maioría absoluta. Vaia por diante así o recoñecemento á súa victoria, pola que lle felicitamos publicamente desde aquí. Desexámoslle sinceramente que teña éxito no Goberno de Galicia nos vindeiros anos.

Nós prometémoslle unha oposición seria e construtiva, intensa e dialogante. Faremos unha oposición con vocación de ser goberno, de ser novamente goberno e canto antes, e de representar o conxunto dos cidadáns, votáranos ou non nos votaran. Saberemos estar en desacordo coa cortesía que esta institución merece. Saberemos escoitar, saberemos ser flexibles a partir da defensa do que nós entendemos que é o ben común. Tamén lle digo que saberemos ser firmes e tenaces cando as circunstancias o requiran; que nos opoñeremos ao que nós consideremos camiños equivocados, ao clientelismo, á erosión do sector público; e agardamos do seu labor de goberno que desterre aqueles modos demagóxicos que nunca deberon utilizar na oposición e durante a campaña para atoparmos un terreo fructífero do diálogo razoable.

Teño que dicirlle que o seu discurso nos decepcionou pola renuncia a contextualizar a situación de Galicia no momento presente; pola pobreza de análise; polas ausencias a problemas centrais do noso país, desde a demografía á globalización; pola ocultación premeditada dos aspectos positivos da herdanza recibida; pola falla de compromiso coa igualdade de xénero ou a rexeneración democrática ou a proxección exterior de Galicia, ou o futuro dos xóvenes; pola flagrante ausencia da mínima dose de optimismo en relación co futuro que un dirixente debe inxectar cando se presenta como candidato á Presidencia dun país; pola tendencia apenas reprimida a situar noutros –desde Zapatero ao mercado internacional– as dificultades e, polo tanto, a falla de asunción real das capacidades que nos dá o autogoberno; polo van intento de apropiación do que xa está en marcha, intentando presentalo como unha novidade. Por todo isto, non quero ocultarlle a nosa decepción.

Señoría, os últimos trinta anos de autogoberno e democracia permitíronnos, sen dúbida, ser máis modernos, máis prósperos, estar mellor en relación con nós mesmos. Pero non todo foron luces: os servizos públicos baixo mínimos; a converxencia económica pasiva; o territorio desprotexido; o clientelismo campando polos seus respectos. Vostede participou activamente, como destacado dirixente, na etapa Fraga, e representa, polo tanto, unha liña de continuidade directa con esa administración. Será o primeiro presidente que ten formado parte de dous gobernos previos, e isto non nos preocupa, pero ten tamén unha historia política detrás, e esta historia política é a que si nos preocupa.

Entenda a nosa desconfianza, señor candidato, que aumentou co seu discurso de antonte. Cando un conservador coma vostede di renunciar á ideoloxía, a experiencia nos indica que o que sucede é que non pode amosala á opinión pública, que ten axenda oculta. Voulle citar, para que o entenda ben, ao primeiro Vicente Risco: “Menos política e máis administración é fórmula de despotismo ilustrado enarbolada por tantos reaccionarios”. E xa ten mérito que sexa Risco quen diga isto.

Cando amosa indiferenza entre o público e o privado, a experiencia nos indica que a fortaleza dos servizos públicos será erosionada, a privatización avanzará e os dereitos dos cidadáns poderán verse recortados. Cando vincula xuventude e falla de respecto á autoridade, é que un certo autoritarismo vai ser sacado a pasear. Nós si temos ideoloxía e, por tanto, proxecto: de reformismo progresista; de galeguismo cívico; de defensa das liberdades públicas; dos dereitos sociais; da igualdade de oportunidades; da plena igualdade de xénero; da sostibilidade; do papel que un sector público potente e eficiente ten que ter na corrección dos fallos do mercado; da defensa da nosa personalidade diferencial e do futuro para a lingua e a cultura galega. Por iso nós apostamos, nós si que apostamos, por abrir unha nova etapa de aberto contraste coa que vostede representou no pasado. Isto é o que necesita este país, non só porque unha xeración diferente saia a escena, e isto é unha evidencia neste debate, tamén porque o Goberno que agora remata ten feito unha contribución decisiva á modernización política de Galicia que vostede debería recoñecer, dificultar a posibilidade da ocupación da sociedade desde o poder político, como ten sucedido no pasado. Nada vai ser igual a partir de agora, e este será posiblemente un dos legados máis permanentes destes catro anos. Unha cidadanía máis libre e formada, como a que temos hoxe, non vai aturar un retorno ao pasado, ao pasado que vostede tamén representa.

Esta nova etapa –estamos convencidos– estará caracterizada pola alternancia. Ten habido dous episodios de alternancia nos últimos catro anos, e na nosa opinión isto vai ser norma no futuro. Xa se dixo, pero voulle recordar, tome boa nota de que o seu partido está respaldado por menos votos nesta Cámara que os outros dous grupos que estamos representados nela. Isto non lle resta lexitimidade, señor candidato, non lle resta ningunha lexitimidade, pero obrígaos ao recoñecemento do adversario, á humildade na acción de

gobierno, á procura de acordos. Vostede vai gobernar co menor respaldo relativo de todos os gobernos autonómicos nos últimos vinte anos, non se esquezna diso. Como dicía Hemingway, “o segredo da sabiduría, do poder e do coñecemento, é humildade”. Faga que llo lembren cada día, antes de comezar a xornada, e gobernará mellor.

Pero hai un segundo aspecto da actual conxuntura que convén tratar tamén con certo detalle. Estamos nunha fase, sen duda, excepcional, nunha conxuntura única, nunha crise universal de singular intensidade, que porá a proba a capacidade de resistencia do sistema económico. A crise financeira que provoca a corrosión da confianza, un grave risco de situación deflacionaria. Os operadores financeiros deixan de prestarse entre si e isto transfórmase nunha crise de liquidez e de solvencia que ten efectos moi claros na economía real, nos sectores produtivos, no emprego, provocando unha certa obturación dos mecanismos económicos; convertendo o axuste inmobiliario nunha crise abrupta; os consumidores e as empresas amosando maior preferencia polo aforro e pola liquidez; caendo a demanda global; elevándose o paro; afectando as finanzas públicas.

Supoñía a priori que vostede hoxe tería menos dificultades para recoñecer ese decisivo compoñente internacional da crise, que se combina, sen duda, con factores internos ás economías española e galega, pero equivoqueime. O seu diagnóstico errado e simplista, que mantén, era antes que a crise era o Goberno de coalición. Ségueme pensando, porque o Goberno de coalición a partir de nada xa non vai estar, pero a crise vai seguir. ¿Agora a crise será vostede, señor candidato? ¿Pareceríalle razoable que nós dixeramos isto? E non substitúa agora –porque xa vexo por onde van as súas intencións– o señor Touriño polo señor Zapatero para seguir coa mesma canción. Vostede vai manexar recursos que representan arredor do 20% do produto interior bruto de Galicia, non debe nin pode ollar para outro lado. Asuma responsabilidades, faga de presidente da Xunta e dea solucións.

E augura tempos peores. ¿Pero vostede non se presentaba na campaña como garante fronte a crisis? ¿Que nos garante agora? ¿Un agravamento do desemprego no futuro?, ¿esa é a súa garantía? Sen dúbida, como foi o primeiro sorprendido pola victoria, (*Aplausos.*) non ten programa fronte a crise alén de frases ocas e de lugares comúns, e o seu discurso non nos moveu desta certidume. Ten aínda unha oportu-

nidade na súa réplica, úsea, inxecte confianza nos axentes económicos, nos cidadáns, ou prosiga polo camiño fácil, que seguiu antonte, do clixé, e situarase desde o primeiro momento de costas á realidade, contribuíndo a agravar unha situación de por si moi complicada. Nós non imos a caer na demagogia –repítollo– de dicir que a crise é vostede ou o seu goberno, pero entenderá que coa súa oposición lle pidamos contas de cada novo parado, de cada empresa que ten dificultades, de cada familia con problemas.

A situación, sen dúbida, é grave, pero vela a realidade –vostede que presume do contrario– o non recoñecer nesta Cámara que recibe unha Galicia que está en mellor posición que o conxunto de España en termos de crecemento económico ou desemprego. Recoñecer esa fortaleza, é imprescindible para inxectar confianza na capacidade da nosa sociedade para sobreporse ás dificultades, algo que todo presidente dun país debería de ter, confianza nas súas xentes e no futuro.

Mantivemos un crecemento económico comparativamente máis alto que España entre 2005 e 2008, e era positivo aínda no ano 2008, en extraordinario contraste coa etapa Fraga. Partiamos dun nivel de desemprego dous puntos e medio superior á media española cando vostede deixou o Goberno e pechamos o 2008 con tres puntos por debaixo de España. Partiamos no último trimestre do ano 2004 do 14,3% en taxa Epa e no último trimestre do ano 2008 tiñamos o 9,7%. Vostede antonte foi incapaz de dicirnos que esa era a taxa de paro que recibía, 9,7% en taxa Epa no último trimestre do ano 2008. (*Aplausos.*) Lémbreo, señor Feijoo, 9,7%.

O tempo do goberno progresista, do impulso a un modelo socialdemócrata, ten sido o único en que, de xeito persistente, tivo lugar a converxencia activa coa economía española, na fase alcista e na fase recesiva do ciclo, un feito que debería representar para vostede unha satisfacción e un patrimonio de inmenso valor. Díganos o que vai facer, pero entenda a nosa preocupación, porque aspiramos a máis, porque vostede non ten programa e porque sabemos que esta tormenta perfecta internacional que vivimos non deixa lugar sen axitación, turbulencias e destrución. O importante é que facer, tomar decisións cargadas de futuro e, máis alá do azar, a acción é debedora dun diagnóstico correcto, e o noso condúcenos a actuar en tres direccións.

Primeiro, restablecer a solvencia financeira e a liquidez, con medidas de apoio ao sector financeiro para garantir o seu funcionamento normalizado, responsabilidade sobre todo do Banco Central Europeo e do Goberno de España, pero accións específicas de apoio ao financiamento empresarial e á liquidez das empresas. O autogoberno dános a posibilidade de mobilizar recursos a través do Igape, aumentando o compromiso coas pemes, como estivo facendo este Goberno nos últimos tempos. Nós propoñiamos na campaña desenvolver máis aínda esta faceta financeira do Igape, incorporándolle unha nova división, que o convertese nun real instituto de crédito e promoción económica, para que puidese actuar con maior presteza e rigor profesional en favor das pequenas e medianas empresas. Esta idea non lles agradaba, pero en verdade non coñecemos que teñan iniciativa ningunha nesta dirección, e non podemos deixar os autónomos ou as pequenas e medianas empresas sen abeiro nesta tormenta perfecta.

En segundo lugar, nós defendemos o impulso fiscal a través do gasto en investimentos, con expansión dos fondos para innovación e para infraestruturas, combinando o sostemento da demanda efectiva que precisa este momento coa modernización como aposta de futuro. Vostede predica austeridade na administración –o cal é un lugar común que está moi ben e que todos compartimos, xa veremos se é verdade, pero que a todas luces era insuficiente– e en cambio estigmatiza o recurso á débeda.

Sabe vostede que durante a etapa de expansión, como bos administradores, entre o 2005 e o 2008, a débeda pública da Xunta de Galicia reduciuse en porcentaxe sobre o PIB, que é o que hai que facer, era o razoable dada a fase do ciclo, pero é que agora toca outra cousa. Por poñerlle un exemplo, en Estados Unidos, neste ano fiscal, vai aumentar o déficit público en arredor de 10 puntos porcentuais sobre o PIB. Nesta situación excepcional –e estano dicindo todas as autoridades económicas e financeiras do mundo– só o gasto público é un punto de apoio sólido para mover a economía. Hai que ter audacia de gastar, si, con eficiencia, no marco dun proxecto de modernización e compartido con axentes sociais, pero isto é preferible á prudencia da estabilidade financeira a curto prazo, que nos leva a un desastre inmediato, aínda que haxa que recuperala no medio e no longo prazo.

A súa posición é un retroceso de máis de 70 anos na reflexión sobre o ciclo económico, negando a Keynes e a

todos os demais, e vai a contracorrente na resposta que se está dando en todo o mundo. Non ten que saber de todo, efectivamente; pida consello informado, nomee un conselleiro capaz e rectifique, se aínda é posible.

Dígolle tamén que financiar o programa de investimentos non é posible só co axuste na administración, sen tocar o gasto social, se non hai déficit, polo que terá que establecer prioridades. É como un xogo de catro esquinas cunha manta curta: estabilidade orzamentaria, nivel impositivo, gasto social e investimentos. Con esa manta recortada pola crise, só podemos tapar dúas delas, e nós temos claras as prioridades; optamos por responsabilidade pero tamén por eficiencia, por atender o gasto social de investimento, aínda a custa de ter un desequilibrio financeiro na administración de xeito conxuntural, porque sabemos que se poderá recuperar no futuro se os investimentos están ben feitos. E vostede díxonos antonte que o quería todo, pero isto simplemente non é realista, non é posible, ten que aclarar diante dos cidadáns o contido real da súa política económica.

En terceiro lugar, nós defendemos un reforzamento da política social para manter a cohesión social e soste-la demanda atendendo os desempregados e outros colectivos con dificultades. É máis importante que nunca. O aumento do desemprego afecta –ben o sabemos todos– os equilibrios básicos das familias; a posibilidade de esgotar a cobertura de desemprego introduce un compoñente de anguria que hai que combater; non podemos deixar as familias en desprotección social; por iso propoñemos unha medida de extensión autonómica de cobertura do paro, e quixeramos escoitalle algunha definición en relación con isto; así como un afondamento da política de incentivos que facilite a contratación dos traballadores desempregados, e unha modernización continuada do servizo público de emprego que en vez do retorno ao sistema fracasado de oficinas que vostede propuña no seu programa e que por certo non comparten os axentes sociais. Por iso propomos, tal como se está facendo, continuar complementando o ERE do automóbil co apoio público autonómico á formación dos traballadores, ampliando as súas garantías; por iso impulsamos un plan de acción en cinco sectores básicos na mesma dirección.

Gustaríanos escoitalle nesta sesión de investidura, señor candidato, un compromiso firme, seu, como candidato a presidente da Xunta –para tranquilidade dos que hoxe están

desempregados ou dos que poidan estar no futuro, como vostede augura— en favor da continuidade de todas estas políticas. Verían nas súas palabras unha comprensión que conforta e un estímulo para seguir adiante. Isto é o que a nosa sociedade precisa: arrimar o ombro, axudar os que o precisan e tirar para adiante, e non lle escoitamos as palabras precisas. Pero aínda pode dicilo; díganos: vou conveniar co Goberno de España a ampliación da cobertura de desemprego para garantir a todos os desempregados que non van ter dificultades na súa supervivencia; díganos isto e estaremos un pouco máis tranquilos.

Este reforzamento da política social que nós propoñemos é aínda moito máis difícil coa baixada de impostos que propón —e que por certo non cifrou—; segue cos fogos de artifício de encomendar a outros que baixen impostos; está ben, pero son outros os que teñen que tomar as decisións; o que queda das súas promesas electorais, no mellor dos casos —e cando teñan efectos dentro de polo menos un ano—, é algo escasísimo que beneficia sobre todo as rendas máis altas e que en todo caso vai traducirse nun incremento do aforro que se non dá lugar a decisións de consumo de investimentos terá efectos económicos nulos ou mínimos, porque son inxustas socialmente.

Voume deter só no IRPF, xa falaremos dos outros. A eliminación en todo caso do imposto de sucesións e doazóns —é certo— despois da última reforma vai beneficiar só os patrimonios máis altos, pero no IRPF a súa proposta de campaña foi xa convenientemente devaluada, agora xa nos propón outra cousa, proponnos algo que evolúe cara á mínima expresión. ¿Lémbrese das súas críticas á famosa devolución dos 400 euros? Pois agora vostede fai algo moi parecido, pero cun límite de 50 euros como máximo e que deixa fóra ademais non só aqueles que teñen rendas que non os obrigan a declarar no IRPF senón aqueles que nin sequera superan o mínimo exento da tributación. Polo tanto, as rendas máis baixas tamén quedan fóra; ¿e isto é o que nos propón: 50 euros as rendas medias e altas contra a crise? ¿Esta é a súa solución, señor Feijóo?

En suma, manteña con toda decisión o programa de modernización a través das infraestruturas e o gasto social e aproveite a solidez financeira de partida para incorrer en déficits pasaxeiros que permitan este gasto eliminando ineficiencias, pero non nos veña vender un plan estratéxico e un

plan de choque que son mero fume: ou ben resumen medidas que xa están funcionando desde hai algún tempo ou ben esixirían algunha concreción para poder ser tomados en serio.

Unha axencia tecnolóxica independente con universidades, etc. Oia, ¿en que se diferencia da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento?

Plan estratéxicos sectoriais. ¿Que contido teñen? Axustar o orzamento á realidade. ¿De que cantidades estamos a falar? ¿Ou é que volven á súa proposta do mes de outono cando o que recortaban basicamente era o gasto social, o gasto sanitario e o gasto educativo? (*Aplausos.*)

Señorías, estamos, si, nunha encrucillada, nun novo ciclo político e nunhas circunstancias económicas excepcionais; temos que dar resposta aos retos do presente, establecendo as novas metas, deseñando as estratexias que permitan acadalas; é a nosa obriga desde unha perspectiva de progreso que pon a modernización sostible e con cohesión social e a igualdade no centro das súas ambicións. E para iso nada mellor que fixar algúns obxectivos e indicar como podemos aproximarnos; servíranos para marcar as coincidencias e as distancias co seu discurso.

Neste novo tempo debemos, en primeiro lugar, rematar a modernización do noso tecido produtivo para competir na economía globalizada do coñecemento, e para iso hai que trazar un obxectivo factible, para a nosa economía e para a nosa sociedade: converxer con España e con Europea en ingreso por habitante de xeito activo nos próximos catro anos cando menos ao mesmo ritmo co que o fixemos neste catro últimos, que foron os mellores da converxencia da nosa historia.

Para isto é necesario proseguir o esforzo en educación, dándolles ás escolas públicas os recursos que precisan para acadar a calidade educativa, a integración de todos e a redución do fracaso escolar; continuar axudando as familias a dixitalizarse; modernizar a FP; impulsar o coñecemento do inglés; ampliar a rede de comedores escolares á disposición das familias. Máis educación pública e máis progreso e máis igualdade. Nós últimos catro anos isto significou —por dar unha cifra— que se ampliaron os recursos á disposición do noso sistema educativo público nun 33 %. ¿Comprométese

a seguir con este mesmo ritmo de incremento nos próximos catro anos, señor Feijóo? Gustaríanos escoitallo.

Hai que negociar, si, un novo plan de financiamento coas universidades, que remata o ano que vén, que lles permita a estas cumprir a promesa implícita que estamos facendo a todos os nosos mozos –grandes esquecidos, por certo, do seu discurso– co Plan Bolonia, que a cambio do seu compromiso persoal e do seu esforzo terán unha formación competitiva e válida en toda Europa e con mellor acollida no mercado de traballo.

Confíemnos máis recursos, ata o 1,5 % do produto interior bruto, ás universidades, a cambio de compromisos das mesmas coas demandas da sociedade de resultados medibles, dunha máis eficiente organización interna. ¿Comprométese con estas cifras, con estes compromisos, señor candidato?

Promete novos plans en tecnoloxía e investigación. Oia, acabamos de aprobar hai pouco tempo no Parlamento o Plan galego de I+D para os próximos anos e o programa específico para a sociedade da información, que inclúe actuacións transversais en todo o noso tecido económico, en toda a nosa sociedade. ¿Por que non os desenvolve e os cumpre, porque están ademais perfectamente adecuados ás esixencias do momento presente?

Non nos dixo unha palabra sobre solo empresarial. Fíxese un esforzo, fundamental, en favor do solo empresarial no contorno das cidades, cun alto grao de calidade, que debe de ter continuidade. Hai 13 millóns de metros cadrados que poden entrar en servizo a curto prazo. Pero non debe conformarse con isto; ten que preparar a expansión futura dado o dilatado período de maduración destes proxectos. Ten que indicarnos con claridade os seus compromisos nesta materia, señor Feijóo, e só por esta vía de esforzo múltiple en favor da produtividade conseguiremos garantir aos traballadores do noso país que os seus salarios estarán á altura das súas aspiracións, que a prosperidade é compartida e que se lles permite cumprir os seus soños, e aos emprendedores que os seus proxectos terán futuro.

Señor candidato, a nós tamén os seus compromisos en favor do futuro do sector lácteo nos pareceron insuficiente. Sabemos o momento especialmente difícil que están vivindo as explotacións de leite, endebedadas, con problemas de

recollida do seu produto; sabemos que, a pesar dos esforzos destes anos, a base territorial segue sendo escasa, que os custos de produción aínda son altos de máis; os contratos homologados, a actuación urxente e coordinada das administracións para a competitividade e a intensificación do control sanitario foron xustamente as políticas que se fixeron nestes anos, e que vostedes en moitos casos criticaron arduamente.

Tampouco podemos prescindir do obxectivo buscando o momento preciso de conformar un gran grupo lácteo de matriz galega. Pero o que non é presentable diante desta Cámara é que vostede sitúe aquí, como no caso do mar, os grandes problemas das importacións de produtos desde o exterior e non nos diga o que vai facer para remediar isto, que vostede di que é o gran problema que teñen estes sectores. ¿Que vai facer con isto? ¿Ou é que está de novo botando os balóns fóra e que o resolvan outros? Porque se esa é a súa política, botar os balóns fóra, é bo que os cidadáns de Galicia o saiban.

Neste novo tempo debemos completar tamén a vertebración interna e a conexión externa de Galicia, de modo eficiente, porque son elementos de benestar, de competitividade e de equidade.

Vostedes non dubidaron no pasado en utilizar a Xunta de Galicia como ariete contra un Goberno central doutro signo, non dubidaron en campaña en cualificar a vitoria das eleccións galegas incluso como un chanzo na reconquista do poder en España, pero o presidente da Xunta non pode nin debe conformarse con isto, ten que representar o conxunto dos galegos e os intereses de Galicia por encima dos seus intereses específicos.

Os socialistas galegos estamos a favor da firmeza para reclamar o cumprimento a curto prazo do compromiso de licitación en 2009 de todos os tramos do AVE e a medio prazo de mantemento dun mínimo do 8 % de investimento rexionalizado ata concluír co déficit de infraestruturas que aínda padecemos. Se coopera eficazmente co Goberno central para apurar ao máximo a chegada da alta velocidade e completar os proxectos en marcha, terá a nosa colaboración, señor candidato. Non debe de dar un paso atrás na defensa deste obxectivo do país; traballe en cooperación eficaz, aproveitando a oportunidade da man tendida, para rematar co déficit de infraestruturas que padecemos.

Pero un presidente ten tamén –e isto é moi importante– que manter as súas promesas. Lémbrolle a súa ambición en campaña, como candidato do seu partido comprometeu que a Xunta de Galicia adiantaría os fondos necesarios para que o AVE Ourense-Lugo fose unha realidade. Se vostede resposta da palabra dada, ten que explicarnos aquí con que orzamento e en canto tempo pensa facelo, e se non explicarlles aos cidadáns por que non vai manter esta promesa de campaña. *(Aplausos.)*

E no ámbito específico das competencias autonómicas, eu creo que está moi ben que vostede rectifique en relación co que foi a súa actuación no pasado. Lémbrolle que tiña no ano 2005 orzamentados só 17 millóns de euros para a conservación e mantemento de estradas, prometeunos o outro día que ía elevar isto ata 400. Está ben que rectifique dunha maneira ademais tan decidida, porque esta foi unha das políticas nas que máis se inverteu nos últimos catro anos, cun plan de seguridade vial que eliminou boa parte dos tramos de concentración de accidentes, puxo en marcha outras moitas políticas e salvou moitas vidas. Está ben que rectifique. E sei que todos compartimos que o obxectivo final é facer unha Galicia máis pequena en termos de accesibilidade, acurtar en tempo, en distancia, en risco, as viaxes por Galicia. Pero para isto é necesario completar a rede de autovías libres de peaxe, desenvolver o ente xestor de infraestruturas ferroviarias, mellorar as conexións de proximidade, reforzar a seguridade viaria. Todo isto é necesario, sen dúbida. Isto é o que forma a base do Plan integral de infraestruturas de transportes de Galicia e o Plan director de estradas, que vostede o que tiña que facer era manter e desenvolver.

Deixe o Plan Galicia, que está superado, pois o que dicía, xa está, e moito do que se está facendo, non o dicía; abandone esa idea porque iso é confundir os cidadáns. E debe explicarnos tamén como e en que prazo vai cumprir a súa promesa de recuperar a AP-9, ¿quere dicir que vai deixar de ser de concesión privada?, que é o importante; se é así, ¿para que ampliaron a concesión e a privatizaron; e, se non é así, ¿que consecuencias ten? ¿Vai retirar a peaxe dos tramos que aínda a teñen? ¿Ou vai intentar reintroducir a peaxe nos tramos en que este Goberno fixo o camiño contrario? Díganos con claridade que, a diferenza do que dicía hai poucos anos, vostede agora non está a favor de reintroducir peaxes, nin novas nin vellás. Díganos isto con claridade, sería bo para o conxunto dos cidadáns. E coloque á fronte destes temas, na

súa administración, a que non teña que eliminar a sospeita de que poida atender máis os intereses privados que o xeral de Galicia. *(Aplausos.)*

Vostede esqueceuse do reequilibrio territorial, pero temos que promoverlo por medio da facilidade de acceso aos bens e servizos modernos e á discriminación positiva en favor dos proxectos de dinamización económica e dos servizos básicos nas áreas preteridas. Vostedes criticaron o Plan de reequilibrio territorial 2006-2010. Fagan boa esa crítica e presenten un novo programa, máis ambicioso, se quere, pero non abandonen esta política. Ten que dicirmos algo tamén sobre isto.

Neste novo tempo debemos preservar as riquezas naturais do noso territorio como fonte de benestar, pero tamén de xeración de riqueza de emprego, facendo compatible esta función básica coa de servir de lugar de residencia, de produción ou de ocio. Sostibilidade e planificación integral, control público, son as palabras xustas. E para iso, señor candidato, debe comprometerse a desenvolver os instrumentos normativos en marcha, aprobando definitivamente as directrices de ordenación do territorio, tramitando en tempo o Plan de litoral e respectando os restantes instrumentos de planificación xa en vigor, como o Plan acuícola.

Vostedes explican que van manter a limitación de construír nas zonas saturadas e van abrila nas outras; ou sexa, van protexer o que xa está estragado mentres van dar licenza para estragar o que aínda está preservado. *(Aplausos.)* Non semella a mellor política, señor candidato; reflexione, non é o negocio duns poucos, por lexítimo que sexa, o que hai que atender, é a costa, un patrimonio de todos, o que hai que preservar, son os espazos con valores naturais, paisaxísticos, patrimoniais ou doutro tipo os que hai que prioritariamente protexer.

Tamén fala de retomar o Plan acuícola do último Goberno, do que vostede formaba parte como vicepresidente. Lémbrolle que abría a Rede Natura a novas implantacións, ¿e iso que propón?, ¿o retorno ao pasado da agresión ao patrimonio natural?, ¿revisar o concurso eólico? Adiante, parécenos perfecto, ten que facelo, sen dúbida, é a súa promesa de campaña. Revise tamén de paso as adxudicacións que fixeron vostedes, algunhas delas están aínda cun proceso xudicial aberto. Pero non dea un paso atrás nas melloras

de procedemento de atención aos intereses xerais que o novo modelo incorpora. Houbo un concurso, unha novidade, ¿imperfecto?, seguramente, pero un concurso, un paso adiante de xigante sobre as adjudicacións discrecionais para especular e facer favores. *(Aplausos.)*

Este debe ser o tempo tamén da resposta adecuada ás novas realidades urbanas e ao despoboamento rural e de reforzamento do poder local. O espazo urbano foi desbordado, si, pola aparición de contornos semiurbanos que crecían máis, que non teñen expresión institucional, que son produtores dunha intensa demanda de mobilidade. Hai que dar solución a estes problemas. Foron os consorcios metropolitanos de transporte en cadea urbana, implicando financeiramente a Xunta de Galicia, sumando concellos e operadores. Aproveite a caducidade da maior parte das concesións para racionalizar a prestación de servizos destas áreas edificando un novo sistema. Impulse a intermunicipalidade responsable noutras áreas de actuación e planifique con visión integral do espazo.

Señor candidato, vostedes propoñen cambiar á larga a Lei de Administración local de Galicia para, entre outras cousas, facilitar a fusión de pequenos concellos. Sen dúbida o sistema municipal gañaría en fortaleza e en eficacia, en autonomía, incluso, en fin, en capacidade de participación dos cidadáns.

Posiblemente está vostede en condicións, pola autoridade interna que ten sobre algúns baróns provinciais do seu partido, para impulsar unha política deste tipo. Interéanos o seu compromiso sobre isto, ¿vaino facer de verdade ou é unha mera promesa? ¿Cantos concellos se compromete a fusionar no futuro? ¿Que plan ten na cabeza? En todo caso, continúe desenvolvendo o Pacto local asinado no ano 2006 e afonde nas relacións obxectivas e pactadas cos gobernos locais, resista a tentación do clientelismo, permanente no seu partido, e aínda hoxe moi presente. Si, señor Miranda, moi presente aí na provincia de onde vén vostede. *(Aplausos.)* É preciso, sen dúbida, auxiliar os pequenos concellos para que obteñan a suficiencia financeira que cos recursos propios non teñen. Manteña esta política do Goberno que agora remata.

Vostede promete rematar co raquitismo financeiro dos pequenos concellos, ¿sabe o que está dicindo?, ¿estalles

pedindo que suban os seus impostos e as súas taxas nestes momentos? Porque esta é a razón principal dese raquitismo financeiro. E, sobre todo, non esqueza as cidades, non esqueza as cidades. De novo, é unha tarefa para este tempo integrar definitivamente as cidades no corpo autonómico. Non utilice os nomeamentos de delegados con fins partidistas, propoñendo persoas para que ocupen o cargo ano e medio nunha estratexia de confrontación cos poderes locais.

Tome en serio este tema e garanta a interlocución adecuada cos poderes democráticos das cidades, dialogue e acorde, e comece –se quere coa reforma, cunha nova lei de facendas locais de Galicia– a resolver o desequilibrio financeiro existente. As cidades reciben, por habitante, un euro da Xunta de Galicia por cada cinco que van aos concellos máis pequenos, e non hai que reducirilles a estes a financiación, pero haberá que equilibrar do outro lado. Traslade progresivamente os convenios á subvención incondicionada seguindo a liña dos últimos anos, reparta con criterios obxectivos e dará un paso na boa dirección.

Este é o tempo tamén en que debería consolidarse a construción dunha rede de benestar social e uns servizos públicos de calidade en Galicia. Non debe quedar ningún neno sen atención nun centro público mentres os pais traballan, nin dependentes sen solución. Continúe coa programación existente, continúe co traballo comezado no período 2005-2009 e verá en pouco tempo este obxectivo acadado.

¿Comprométese a desenvolver a rede pública de servizos sociais en vez de optar pola prestación privada? Tamén debe aclararnos se mantén o seu compromiso electoral de gratuidade plena na escola infantil para todos ata os tres anos. E se pretende traspasar os servizos sociais aos concellos. ¿Imos dotar dos recursos económicos e de infraestruturas precisas ou é unha forma de debilitar o nivel de compromiso da Xunta de Galicia cos servizos sociais?

É certo tamén que a implantación da Lei de dependencia é máis lenta do que nos agradaría a todos, pero trátase do problema xeral dunha aplicación dunha lei extremadamente ambiciosa en toda España. Son case 30.000 –que dicía antes– os grandes dependentes beneficiarios de axuda, e vostede só se compromete coa metade. ¿Que pasa cos outros 14.000? ¿E que pasa cos 10.000 beneficiarios xa hoxe recoñecidos que non son grandes dependentes? Porque estamos

falando de 40.000 beneficiarios da Lei de dependencia recoñecidos nestes momentos, non de 16, como vostedes dicían. Debe contestarnos a estas preguntas.

O Goberno de Emilio Pérez Touriño reforzou a sanidade pública, saneou a súa débeda, mellorou o status dos profesionais, impulsou a carreira administrativa, implantou procesos organizativos racionalizadores, puliu as infraestruturas, estableceu novos dereitos aos pacientes, apuntalou a atención primaria, comezou a diminuír o peso relativo do gasto farmacéutico. E non podo ocultarlle a nosa preocupación pola súa posición en relación coa sanidade pública, porque vostede participou activamente nunha xestión que a deixou baixo mínimos. Porque coñecemos a súa vocación privatizadora dos servizos sanitarios, pola ausencia de concreción do seu programa electoral e polos exemplos que nos dan en Valencia ou en Madrid.

Para tranquilizarnos, tería que explicarnos que vai reforzar os recursos da sanidade pública ao mesmo ritmo que o fixo este Goberno, dedicando medios á atención primaria para garantir unha consulta media de dez minutos; que vai mellorar e non externalizar a atención especializada; que continuará co calendario de infraestruturas hospitalarias, incluído o hospital de Pontevedra; que proseguirá co Plan de saúde mental. Darlles garantías aos pacientes, en forma de tempos mínimos de atención, é razoable se hai a vontade de mellorar simultaneamente as capacidades desde o sistema público para atendelas. Doutro xeito é só unha porta aberta para a expansión dos servizos de sanidade privada. (*Aplausos.*)

Só adicou trinta e cinco segundos á igualdade de xénero e, o que é peor, para errar dúas veces: excluír as empresas con discriminación salarial de xénero. ¿Non sabe que temos aprobada unha lei de traballo en igualdade que ten prescrición xa nesta dirección e á que vostedes, por certo, se opuxeron? ¿Plan integral de saúde da muller? Oia, xa está funcionando, desde hai algún tempo, impulsado por esta administración, ¿que é o que nos está prometendo aquí?

A política de igualdade de xénero é transversal e afecta tamén a sanidade, a educación, a investigación e moitas outras cousas. Gustaríanos terlle escoitado, ademais dunha precisa referencia a esa lacra que é a violencia de xénero, un sinal explícito de comprensión dese carácter transversal e de importancia deste empeño, que é unha característica da

modernidade do noso tempo. Este tempo no que estamos tamén debería permitir un encaixe cómodo do noso país nunha España *quasi* federal.

Señor candidato, se acada a confianza desta Cámara debe facer de presidente de Galicia e non de delegado de xénero. (*Aplausos.*) Gañe autonomía fronte ás estratexias do seu partido, represente a todos e defenda con eficacia os seus intereses. Onte preocupounos escoitalles que ía utilizar o Parlamento como ariete ante o Goberno de España en estratexia partidaria. Non semella o comportamento institucional máis adecuado para unha cooperación eficaz, sobre todo porque temos cuestións decisivas diante de nós. Vou citar dúas: o financiamento autonómico e a reforma do Estatuto.

A nosa posición sobre o financiamento autonómico é ben coñecida, o actual Goberno conseguiu situar as necesidades de gasto, a suficiencia, no centro do debate, e garantir que o fondo de suficiencia central afecte a todas as áreas de gasto e non só os servizos básicos. Con estas premisas o novo modelo que se está discutindo vai ter que aportar máis recursos a Galicia, primar máis o avellentamento, a dispersión, os esforzos en favor da lingua propia, e ampliar a súa autonomía financeira. Pero precisamos aclaracións, agora que vostede xa non é líder opositor, senón candidato á Presidencia da Xunta. ¿Canto é suficiente para vostede? ¿Onde sitúa o nivel mínimo de satisfacción para Galicia? Onte non nos dixo nada. ¿Segue a defender que calquera solución que diminúa a porcentaxe de Galicia sobre o total sería negativa? ¿Segue vostede pensando que unha maior participación en IRPF, IVE e impostos especiais é negativa para Galicia? Ten que darnos unha resposta, e, se isto non lle vale, ¿cal é a súa proposta nesta materia?

En canto ao Estatuto, nós vémolos como unha oportunidade para a modernización do noso sistema político, adecuando o marco institucional básico aos novos tempos, así como para a integración de todas as correntes ideolóxico-políticas. Ten que ser o punto de encontro e un xeito de renovar o compromiso das novas xeracións co autogoberno. Fíxese que non é doado en España reformar constitucións e o Estatuto, porque non foi doado conseguir telos e menos conseguir mantelos ao longo do tempo. Galicia é unha nacionalidade histórica, esta condición resume ben a densidade do noso específico ser colectivo, non é froito do azar, senón do peso da historia e da vontade de moitos. Non pode-

mos dar un paso atrás na ambición colectiva do autogoberno, que responde non só aos nosos desexos e aspiracións comúns, senón, tamén, á realidade plural de Galicia no marco da Constitución, por suposto.

Este autogoberno anovado, ampliado, ao que aspiramos, é tamén para nós unha caixa de ferramentas, que nos permitirá atender mellor as necesidades dos cidadáns, prestar en condicións de maior eficiencia os servizos públicos e proxeccionar as nosas capacidades no mundo. Nós queriamos e queremos un novo Estatuto, pensamos que o traballo desenvolvido na última lexislatura é unha boa plataforma de saída, porque xa está feito o 85% do texto global de común acordo. Vostede baixouse do vehículo xusto antes de que a reforma chegase a bo porto, facendo que descarrilase ese vehículo; rectifique, torne a subir e colabore para tecer os consensos necesarios para chegar á meta.

Nos novos tempos, a mellora continuada na calidade democrática xera tamén unha esixencia ineludible, e precisamos mellorar as canles de participación cidadá, facer un reparto máis responsable das tarefas coas entidades locais, unha mellor dación de contas, mellorar a transparencia a pesar dos avances destes anos.

Vostede falou de coalición cos cidadáns no seu discurso de antonte, pero non derivou ningunha medida concreta das súas palabras. As idas e voltas do seu deputado Hernández entre o público e o privado parécenos ética e politicamente non presentables, ten que convencernos do que o seu grupo practica, e non só predica a máxima de Gracián de non facer negocio do non negocio. Aplícase unha doutrina de campaña sobre o caso Carrera, señor candidato, ou, ¿é que xa a cambiou? Unha doutrina para a campaña e outra para o goberno, mal comezamos. (*Aplausos.*)

Compartimos os compromisos de impulso á Lei de publicidade institucional e de reforma da Lei da compañía, cumpra a súa palabra para que o Parlamento elixa, por acordo entre os grupos, o director xeral da compañía. ¿Comprométese ao consenso ou é só unha manobra táctica de diversión para despois facer o que vostede quere facer? Por certo, son vostedes os que teñen bloqueado o acordo xa asignado desde o ano 2007 entre a dirección da compañía e todos os sindicatos para rematar coa precariedade ¿Debo entender que está disposto a desbloquealo xa, das súas palabras?

É, sen dúbida, preciso racionalizar a administración, facela máis eficiente, estaremos atentos e vixiantes ao desenvolvemento das delegacións provinciais. A mera substitución de figuras políticas por outras administrativas...

A señora PRESIDENTA: Lémbrolle á súa señoría que lle resta un minuto.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ..., coas meras prerrogativas, produce un escasísimo aforro e sería decepcionante. Reducir o número de consellarías e manter todo igual por debaixo é un mero tuneado sen valor. Convidámolo, en todo caso, a tomar en serio esta liña de traballo, sobre todo en entes, sociedades e organismos.

Rematamos coas fundacións comarcais e coas fundacións sanitarias; faga, polo menos, tanto. Eu ofrézolle algunha idea adicional: fusione, por exemplo, as catro xestures nunha soa.

Por último, a nosa debe ser a xeración da concordia lingüística e do futuro do galego, defendemos tres criterios básicos: os poderes públicos deben posibilitar o coñecemento do galego e do castelán, por todos, nomeadamente a través do sistema educativo, para garantir a comunicación e evitar a fractura en dúas comunidades por cuestión de lingua. Os poderes públicos deben, por mandato constitucional, por prescrición estatutaria e por encomenda da Lei de normalización lingüística, protexer a lingua propia, máis débil que un patrimonio colectivo español, eliminando as barreiras que impiden o seu uso por aqueles que o desexan, pero nesta materia... —medio minuto—...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ... os principios de máximo respecto á liberdade individual e de non imposición deben ser escrupulosamente observados. Sen dúbida, existe unha evolución da realidade sociolingüística e da conciencia social que debemos atender para que todos nos sintamos cómodos co marco normativo que nos damos. Recoñecemos, sen dúbida, un déficit de pedagogía social, pero vostede, vostede abriu a caixa dos tronos e aínda ten o atrevemento de aleccionarnos sobre a discordia lingüística. Vostede alentou a confrontación política sobre esta cuestión por un puñado de votos, dando cobertura aos que teñen unha

posición extrema. Abandone estas posicións, volva ao diálogo e nós ofrecémoslle diálogo.

¿Está disposto a garantir que o novo decreto de galego será feito sobre a base do consenso?

Remato xa, señora presidenta.

Vostede ten a máxima responsabilidade, o seu discurso decepcionounos, faltoulle ambición, ollada ao lonxe, xenrosidade e sentido de país, sobroulle ollar atrás, inconcreción e demagogia, non mantivo nin un mes as promesas de campaña.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Nós tendemos a man a todos e intentaremos representar non só aos que nos votaron, senón tamén a aqueles que se sintan decepcionados co seu Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, presidenta.

Señorías, quixera que as miñas primeiras palabras fosen de agradecemento, de grazas ao pobo galego que confiou en nós.

Falábase aquí de que nesta Cámara había xente sorprendida cos resultados electorais, só había que ver de que bancadas tiñan esas caras para ver de onde tiñan a sorpresa, quizá se lle fixeran caso a don Pepe, outro galo lles cantaría... (*Aplausos.*), pero iso xa nunca se poderá saber.

Señorías, o pasado martes escoitabamos con atención o que foi o discurso do candidato, quizá fomos os únicos nesta Cámara que tivemos a ben escoitalo. Pois ben, en primeiro lugar, creo que é xusto destacar que o pasado martes puidemos escoitar un discurso de altura, que soubo prestar máis atención ao que nos une que ao que nos separa, igualiño que o que hoxe aconteceu. E hoxe, corenta e oito horas despois, podemos seguir dicindo o mesmo que sempre dixemos,

que o pobo galego é sabio, que o pobo galego acerta e acertou, porque considerou que Alberto Núñez Feijóo era o presidente que Galicia necesitaba, o mellor presidente. (*Aplausos.*)

E ademais, unha diferenza, non só era o mellor presidente, senón o presidente que Galicia quería, o presidente que Galicia quixo. Os grandes pobos falan con claridade cando a situación o require, cando o malinterpretan, e o pasado 1 de marzo falou con claridade, ¿e vaia se falou con claridade! Pois ben, eu creo que se acabaron coas liturxias de quen acusaba a este grupo de que se utilizabamos a abstención como unha arma para os galegos. Señores, a abstención só beneficia a quen non cre no país, e o Partido Popular é o único que cre no país e na súa xente, e o pobo de novo volveulle dar unha lección.

Sete de cada dez galegos chamados a votar quixeron facelo. Nunca o noso pobo se pronunciara tanto e tan claramente, non querían que decidisen por el, non desexaban, unha vez máis, que pactasen ás súas costas, querían saber quen era o candidato, querían saber cal era o seu programa, querían saber antes de votar que era o que ían levar para a diante, nunca máis ás súas costas. Pois ben, non hai maior respaldo que o que dá a participación e o apoio maioritario a unha persoa, a un partido, a un proxecto. E vostede, señor Núñez Feijóo, ten ese respaldo maioritario a ese proxecto que vostede expresou aos galegos. (*Aplausos.*) Outros non poden dicir o mesmo.

E ese proxecto ten a lexitimidade de preto de 800.000 galegos que confiaron en vostedes, que confiaron no Partido Popular, por iso nós nos congratulamos de que hai dous días vostede fose fiel ao seu mandato, fiel ao seu compromiso cos galegos, e que vostede lles dixese aos galegos o mesmo que lles dicía hai un mes en campaña electoral; por iso o felicitamos, señor presidente, e reafirmamos solemnemente na casa de todos que vostede ratificou o que antes polas rúas tamén lles dixo a todos eles. Niso non vai estar vostede só, nesa alta e ilusionante tarefa vai poder contar co apoio dun grupo unido, dun grupo sólido, e non teño que explicarlles a vostedes o que é iso, señorías. (*Aplausos.*)

Pois ben, sabemos que agora vén o máis difícil, que agora hai que estar á altura das responsabilidades, porque os galegos tiveron en nós unha confianza abrumadora, pero

chegar ata aquí tampouco foi fácil, e nós fixémoslo e sempre fomos conscientes e seguimos sendo conscientes de que as eleccións se gañan e se empezan a gañar ao día seguinte de celebralas.

Pois ben, hai catro anos o PP gañaba as eleccións, pero un escano nos separaba da maioría absoluta, sabíamos que non íamos gobernar, outros si intepretaron o pueblo, si dixeron que todos os votos que non eran Partido Popular, eran en contra do Partido Popular, si, dixeron que todo valía para sacar o Partido Popular do poder. Pois ben, significaba sacar o Partido Popular do poder, segundo eses que non entenden a Galicia, que había que facer terra arrasada, que había que convencer a todos os galegos de que os últimos dezaseis anos foran un gran erro colectivo, que foran enganados quen seguindo ao señor Beiras, cando falaba da peste camusiana, representaba, nin máis nin menos, a esa peste, que facía que o pobo galego estivese enganado por esas ratas que representaban o PP e os seus votantes.

Pois ben, nós desde aquel primeiro momento dixemos que había que presidir con normalidade calquera cambio, calquera resultado electoral. Pois ben, hai catro anos, a palabra que máis repetiron os grupos que están aquí foi a de histórico, aquilo era histórico, ao Partido Popular faltáballe un para a maioría absoluta, pero era histórico; soberbios na vitoria, arrogantes na derrota. (*Aplausos.*)

Pois si, nós somos quen de aceptar calquera resultado electoral, calquera acordo que se veña producir con normalidade, porque a nosa xestión, que defendemos con orgullo, sempre foi avalada polas urnas, e por iso nos sentíamos obrigados a, con todos os galegos, seguir a defender o que tamén construíamos durante dezaseis anos. A nós o que nos unía era, precisamente, o país, e quixemos naqueles momentos seguir tendo voz, e quixemos naqueles momentos ter normalidade democrática no que era a alternancia, non houbo baleiros, non houbo coitelos e si moita responsabilidade.

Fronte á división doutros, unímonos máis; fronte ao inmovilismo, propiciamos a renovación, e fronte a quen miraba o pasado, fomos quen de mirar e representar o futuro. Señor Aymerich, por moito que se poña vostede, os galegos dixeron quen era pasado e quen era futuro; e vostede e hoxe o señor Leiceaga soaron tan rancios como calquera

película de Fernando Esteso. (*Aplausos.*) Porque a verdade é que vostedes seguen cos seus chascarrillos, coas súas etiquetas, esas etiquetas que os galegos hai moito tempo lles dixeron que non aceptaban.

Si, mire, por certo, non se me poñan así, que aínda non sei moi ben por que parte do Bloque falaba o Bloque do señor Aymerich, aínda non mo explicou. (*Aplausos.*) Home, vostedes cando menos tiveron unha... Si, si, señora Pontón, vostedes cando menos tiveron unha deferencia que non tivo o resto do Partido Socialista, levantáronse todos, vale; o Partido Socialista, cos mesmos problemas, só se levantaron uns cantos, alá eles.

Bueno, eu, neste contexto, o que si lle quero... –non, eu xa son pequeno–. Mire, neste contexto, o que eu si quero, como fixo o noso presidente, foi manifestarlles ao señor Quintana e ao señor Touriño o noso respecto polo seu esforzo, polo traballo, e gustaríanos que non fosen un testemuño incómodo para o seu grupo dese traballo e ese esforzo, nós si o imos respectar.

Mire, vostede fixo algo, é foi intentar dignificar os seus sucesores. Pois ben, iso mesmo nós queremos para vostede, parece que nas súas bancadas non queren tanto, e polo tanto teño que recordarlle, como vostede ben terá na mente, as palabras de Cervantes: “Tanto el vencedor es más honrado, cuanto más el vencido es reputado”. Sabe que polo noso grupo non vai quedar, por iso ao que apelo é á responsabilidade de todos os grupos políticos. Apelo á responsabilidade de dar unha solución aos seus problemas. O país non pode quedar sen interlocutores, o país non pode quedar en baleiro, o país non pode quedar con mensaxes que non sabemos nin de quen son, porque, nin máis nin menos, as voces que hoxe estaban aquí, son voces da temporalidade.

Pois ben, nós hai xa algún tempo valoramos e seguimos valorando o que vostede dixo onte, señor Feijóo, a unión de esforzos de todos os galegos en torno a unha idea conxunta do país que queremos, a súa chamada a superar diferenzas, a súa aposta por unha Galicia nova. Estamos con vostede como partido de centro e reformista, en reformar, en transformar este país sen ter que volver nin restaurar ningún pasado, sen que iso signifique volta atrás, sen ter que derribar todo o que vostedes fixeron. O país non quer máis liortas estériles, quer saber o que cada un de nós pode aportar para melloralo.

Pois ben, señoría, o PP, cando chega ás eleccións, sempre chega cos deberes feitos. E, ¿por que? Porque intentamos representar a maioría social de Galicia; intentamos sumar, intentamos non excluír. Non é casualidade que 279 concellos nos apoiaran maioritariamente, non é casualidade que todas as comarcas de Galicia apoiaran ao Partido Popular. E sabemos que para conservar ese caudal temos que ter un goberno que sexa de todos, que sume esforzos. Hoxe parece que non era o día máis apropiado para contar co seu esforzo, pero, bueno, fagamos tabla rasa do hoxe escoitado e esperemos que de aquí en adiante se poidan unir tamén aos esforzos do futuro presidente os esforzos do resto dos grupos.

Diciamos que era o partido que máis se parecía a Galicia, e rían; pero é o partido que máis se parece a Galicia porque tamén é o partido que mellor entende a Galicia; un partido que se enorgullece do seu interior, que se enorgullece da costa, dos seus paisanos, sexan da aldea ou sexan da cidade; dos gandeiros, dos mariñeiros, dos nosos mozos e dos nosos maiores, da nosa lingua galega e tamén do castelán; da nosa cultura propia e que nos identifica, pero tamén da cultura propia común e que compartimos co resto dos pobos e dos cidadáns de España. Vostede... (*Aplausos.*), vostede, señor presidente, soubo plasmalo moito mellor que eu e seguramente moito mellor tamén que o señor Lobeira.

Pois ben, para quen non entende Galicia e mais os seus votantes, o PP e mais os seus votantes non son máis que a peste camusiana. Se impedimos o seu contaxio, podemos perpetuarnos no poder, incluso sen ter que gañar as eleccións. Ao fin e ao cabo ao Partido Popular, se lle sacamos o seu sectarismo, o seu caciquismo, a súa rede clientelar, os seus chiringuitos, o control dos medios públicos, non vai ser nada. Porque o Partido Popular para quen non entende a Galicia é simplemente iso.

Polo tanto, señores, aí tiñamos a receita que tiñamos que aplicar fai catro anos. Seguramente eramos capaces de convencer a aqueles ignorantes galegos que eran homes e mulleres que apoiaban ao Partido Popular pois que en catro anos podía cambiar. Tan só facía falta que non gobernarán, aplicarles as súas propias receitas, aderezalas con moita propaganda e unhas gotiñas de talante mentres aplicamos, iso si, o rodillo da aritmética parlamentaria. En catro anos a enfermidade estaría curada. ¿Pero que pasou, entón? ¿Por que a praga se estendeu por todo o país? ¿Como é posible, entón,

que o PP gañase as eleccións? Se facemos caso ao señor Quintana, pois posiblemente sexa porque o actual Goberno foi máis clientelar, máis cacique que o anterior e máis sectarista. Pero bueno... (*Aplausos.*) ¿Ou quizá sexa que os medios públicos controlados polo actual Goberno foron tan plurais que esqueceron os logros do bipartito favorecendo con elo ao PP? É posible. Pero oito chamadas da Xunta Electoral á pluralidade, a respectar a esta parte das bancadas, parece que non é o mellor exemplo.

¿Será que fallaron as campañas publicitarias da Xunta? ¿Xa non seremos potencia? ¿Ou ben será que a emigración, verdade, cumprindo o seu mandato, que tiñan deste Parlamento, puido votar en urna e con iso castigou aos partidos que agora están aí? Podía ser, pero tampouco foi. Entón, só nos queda unha cuestión, queridos compañeiros, querida Galicia, son as campañas sucias do PP. ¿Como non puideron caer nese pequeno detalle: que aos galegos se lles pode enganar en quince días! ¿Pero como é posible... (*Aplausos.*) pensar que os podían facer cambiar de opinión estes do PP?

Claro, dicía Víctor Jara en *Te recuerdo Amanda*, que “*la vida es eterna en cinco minutos*”, e a vostedes fíxoselles eterna a campaña electoral, porque vostedes levaban catro anos detrás deses cristais escuros, vostedes levaban catro anos sen pisar a rúa; e cada vez que empezaron a pisar a rúa na campaña electoral era unha odisea, porque á señora que estaba no mercado, porque ao traballador si lles facían ver unha crise que vostedes negaron constantemente. E falaron os mariñeiros, e falaban os gandeiros, eses que están en Madrid manifestándose, eses aos que a señora ministra di que pouco hai xa que facer. (*Aplausos.*)

E escoitaron a todos aqueles que se sentían agraviados por usar calquera das dúas linguas, escoitaron a todos, e, entón, non o van a recoñecer aquí, pero empezaron a esperar do seu sono. Pois ben, déronse conta e agora non queren recoñecelo: durante catro anos viviron no limbo. Había quen dicía: É que non saíron suficientemente xuntos na foto. Primeiro, era difícil collelos. (*Risos.*) Segundo, non creo que fora nin culpa do PP nin dos señores fotógrafos, pero é que o problema deste país non eran as fotos, o problema deste país é que quería un goberno. Era fácil, era ofrecerlle dous por un, e foi o que fixemos. Porque vostedes en ningún momento durante catro anos foron quen de actuar como un goberno.

Pois ben, señorías, nin agora nin fai catro anos os seus males están no PP. A noite electoral, cando as urnas se pecharon, –si, as urnas–, tan só o PP era quen de sumar máis votos, de gañar votos. O BNG perdía 47.000 –¡ufl, case un resopra, porque para o BNG 47.000 son moitos–, pero o PSOE... –si, 12–, pero para o PSOE, 72.000. Mire, eu creo que algo pasou, que, como ben dicían vostedes, non foron capaces os galegos de entender a súa mensaxe; algo pasou. No exterior si a entenderon. Non votaron en urna, pero alí si lles entenderon a vostedes. Polo tanto, o Partido Popular está completamente lexitimado para dicir o que está a dicir nestes momentos.

Miren, dise que despois do rei non fala ninguén, pero despois do pobo tampouco deberíamos facelo, e menos como vostedes, para levarlle a contraria. Pero, xa que a vostedes lles gusta tanto o noso himno e que ademais se escoite da primeira á última estrofa: “mais sóo os ñorantes e fêridos e duros, imbéciles e escuros, non nos entenden, non”. (*Aplausos.*)

Señora presidenta, señorías, como ben dicía o candidato, nós estamos dispostos a pechar páxina, a mirar cara adiante, a non perder o tempo afondando nas nosas diferenzas, pero teñan vostedes ben claro que, aínda que acabou a Semana Santa ás ofensas ao Partido Popular podémoslles poñer a outra meixela, pero o que son as ofensas a Galicia non llo imos consentir e o que son as ofensas aos nosos votantes, tampouco. É máis, as ofensas e as insidias a calquera dos nosos compañeiros tampouco o imos consentir (*Aplausos.*), chámese Agustín Hernández ou chámese como sexa. Porque, mire... (*Aplausos.*), o noso compañeiro sempre deu exemplo de ética –si, señor Aymerich–... Bueno, oia, vostede ten uns apelidos que tamén podemos ir ao *DOG* a ver onde estaban e onde están agora (*Aplausos.*), se vostede quer. Mire, o que lle podo dicir é que tamén podemos ir a ver onde estaba o señor secretario xeral da Consellería de Sanidade e onde se foi despois. Se quer, podemos ver como a señora Caride facía nin máis nin menos un informe *ad hoc* para adxudicar unha obra cunha empresa coa que estivera relacionada. ¿Quer todo iso? Eu non quero ir aí. Pero si vou defender a integridade do meu compañeiro, porque actuou como tiña que actuar, con ética, con honradez, no seu exercicio do cargo público e tamén do privado. E voulle dicir unha cousa, ¿por que todavía non sabe se lle abriron ou non un expediente? ¿Por que o fixeron agora? ¿Por que non son

capaces nin de respectar os seus dereitos? ¿Ten o señor ese Antolín algún expediente aberto? Non o sei. O que si lle digo é que, poñéndose vostedes como se poñen, ao final nin a señora conselleira de Sanidade –perdón de Educación–, no que naquel momento a súa consellería dera unha axuda para o seu marido, vai poder volver á súa casa nos dous próximos anos. (*Aplausos.*) ¿Claro! Pois volva, que nós non imos cuestionar a ética da súa actuación, que non lle preocupe que non a imos cuestionar.

O que si imos cuestionar e imos repetir: pois a ver se pode ser que todo este ataque se deba al artículo 464 del Código penal: “*El que con violencia o intimidación intente influir directa o indirectamente en quien sea denunciante, parte, abogado, perito, testigo en un procedimiento para que se modifique su actuación procesal...*”. ¿Será isto? ¿Será que o señor Agustín Hernández fixo un informe pericial no que cuestionaba todo o que se fixo coa autovía do Barbanza, señora Caride? ¿Será iso? Deixen a campaña electoral, empecen a traballar, porque lle volvo a repetir: somos capaces de poñer a meixela as veces que teñamos que poñela, pero o que non imos consentir é que falten a un só dos nosos compañeiros coas súas insidias. (*Aplausos.*)

Pois ben, ao día seguinte das eleccións de fai catro anos, este grupo sabía o papel que lle tocaba xogar, e xogouno, e ás veces nos impuxeron os seus criterios 13 e ás veces nos impuxeron os seus criterios 25. Curiosidade: sempre ganaban a 37. Pois ben, sen embargo, fomos quen de presentar máis de 18.000 iniciativas. Dicían que non tiñamos alternativa, e nos debates do estado da Autonomía presentamos máis de 2.000 iniciativas –por certo, todas elas desbotadas–. Neste momento eu quixera agradecer a todos os compañeiros que estiveron na sétima lexislatura apoiando, traballando polo proxecto do Partido Popular, a súa contribución. Grazas a eles tamén estamos hoxe aquí. (*Aplausos.*)

Pois ben, sendo iso así, tamén vimos como gran parte das nosas iniciativas non se contestaban ou non se tramitaban. Por iso coincidimos co señor candidato en que é preciso reformar o Regulamento desta Cámara. Por nós non vai ser.

Señor Feijóo, vostede ten un caudal de responsabilidade que este grupo quer encarnar coa súa unión, e quer que vostede poida ter un goberno forte, un goberno cohesionado, un goberno nunha soa dirección, sen máis presións que os com-

promisos e a responsabilidade adquirida ante o pobo de Galicia. Esa é a única coalición electoral que ten o Partido Popular.

Pois ben, e, ademais –vostede o primeiro e o resto dos homes e mulleres do Partido Popular–, pisamos a rúa. E como pisamos a rúa iso vaille permitir coñecer perfectamente cales son os problemas do país, as súas demandas, as súas prioridades. Por iso valoramos moi positivamente o seu discurso de antonte, apegado a esa realidade, respectuoso, pragmático, para todos e contando con todos; un canto tamén á cultura da adicación e do esforzo.

Señor candidato, teño escoitado que o seu discurso foi abstracto, disperso, sen concreción. E eu creo que pouco máis poderían dicir aqueles que xa anunciaron que non llo apoiarían moito antes de que vostede o expresara aquí nesta Cámara.

E falaban, claro, que nós estamos, pois, dependentes de Génova. Mire, eu dígolle unha cuestión: esta xente de aquí non é xente de góndola, é xente de dorna. Pero, por certo, ¿non será que tamén estes homes que teñen por alí unha sede moi cerca condicionan nin máis nin menos a política de Galicia intentando impoñer ao resto dos que son tan independentes de Madrid un candidato? ¿Non será que se precisamente eses de Madrid que agora gobernan, están gobernando, e poden impoñer os seus criterios será porque agora os que pasan á oposición con 12 deputados fixeron posible que o señor Zapatero ou a señora Magdalena Álvarez fora por moito tempo ministra? Pois si, eu creo que si.

E, polo tanto, miren, eu lle volvo dicir: a nosa coalición, Galicia, vostedes sigan cos seus chascarrillos, quédense nesa mensaxe (*Risos.*), quédense nesa mensaxe reaccionaria que a nós sempre nos gusta que lle dea tan bo resultado. E, xa que se poñen así, entón, si terei que dicir, pois, que o señor Aymerich tamén é o candidato que ten o Partido Popular para dirixir o Bloque (*Risos.*), tamén llo digo (*Aplausos.*), porque nós pensamos que coas actitudes como a de hoxe o que se transmite é nin máis nin menos que unha concepción de país, un home que quer ser alternativa, un home que non quer afondar nesas diferenzas, un home que non é agrío, un home ¿verdade? que ten polos logros nin máis nin menos que a 800.000 galegos, e, polo tanto, é un home que vive e sente a realidade deste país. Moitas grazas, señor Aymerich,

pola súa contribución ao Partido Popular e ao que significa. Seguramente vostede ten moito que ver con actitudes como a que tivo aquí fai media hora.

Pois ben, tamén se dicía que non había actuacións concretas, señor candidato. Pois eu repasei os últimos debates das mesmas características e nunca houbo tanta concreción e tantas medidas como as que vostede dixo aquí. E pódolle dicir que practicamente dous terzos desas medidas eran nin máis nin menos dirixidas ao que nós consideramos que é a prioridade que neste momento ten este país, que é a súa situación económica. Pois ben, ademais vostede concretou que moitas desas actuacións ían necesariamente ter que reformar leis e, como non había concreción, se alguén quere miralo, nin máis nin menos pode ver como máis dunha vintena de leis se van reformar e vostede anunciouno aquí. E ademais unha cuestión que se pode coller ou non se pode coller: pódese empezar a oposición con talante ou pódese empezar a oposición sendo oposición, que é nin máis nin menos a súa chamada ao consenso en todas as cuestións importantes desta lexislatura. Eu, unha vez máis, sinto non ter a altura intelectual e todo eso que ten o señor Lobeira, pero, bueno, que siga falando que eu intentarei, pois, coas miñas limitacións, intentar defender a maioría deste país.

Ben, durante esta lexislatura o PP foi nin máis nin menos que capaz de apoiar a metade das iniciativas deste Goberno. Nós non lle pedimos reciprocidade, o que si lle pedimos é que cada vez que voten, voten en interese de Galicia. Alguén pensa que pedirlle a vostedes que fagan iso é un síntoma de debilidade. Non, nós fomos quen de estar agora aquí apoiando un candidato e fomos quen á vez de apoiarlles a vostedes na anterior lexislatura o 50% das súas iniciativas. Creo que é un exemplo que, cando menos, deberían seguir.

Pero nós escoitamos as súas valoracións, e teño que dicir que non me sorprende a súa actitude, xa que, polo que escoitamos hoxe aquí pero polo que levamos escoitado nas súas declaracións nos medios de comunicación practicamente desde o día seguinte ás eleccións, vostedes non tiñan o máis mínimo interese por escoitar o noso programa de goberno, que tiña que presentar onte ou antonte o noso candidato á Presidencia. Segundo as súas propias verbas, vostede non ía ter nin 100 días nin 100 minutos nin 100 segundos, o malo é que cando dixeron isto, que é unha gran verdade, xa o levaban aplicando algúns días.

Pois ben, eu teño a sensación de que vostedes seguen incidindo nos seus erros, de que non queren escoitar o Grupo Parlamentario Popular, pero o que é peor, non queren escoitar a Galicia, non queren escoitar nin a xente que votou por vostedes. Por contra, eu destacaría, señor candidato, que vostede non se adicou a mirar ao pasado, non quixo buscar excusas, non quixo negar a realidade, non quixo buscar sobre todo ningún culpable, senón presentarse como unha persoa responsable, preocupado en facer un proxecto que estea baseado nunha diagnose acertada da situación de Galicia, para acertar e poder acertar nas solucións propostas. Por iso vostede nos presentou a imaxe dunha Galicia realista e non a Galicia das marabillas, marcada por unha gravísima crise económica, cuxos efectos están sendo máis graves e se están deixando sentir con intensidade na nosa comunidade.

Tivo que producirse o previsible cambio de goberno para que os galegos escoitasen dunha vez por todas a crúa realidade, o que está a vivir o noso país, e que, desgraciadamente, segundo organismos como o propio Banco de España, vai perdurar no tempo. Quizá as urnas expresaron tamén ese descontento, expresaron o descontento con quen lles mentiu, con quen lles dixeron que non padeciamos, sobre os que sempre se escusaban, sobre os que evadían responsabilidades, sobre os que todos os males sempre veñen do exterior, porque, poñan como se poñan as súas señorías, a Galicia que imos coller está na peor situación da nosa corta etapa democrática, cunha situación gravísima de paro, coa confianza dos empresarios en mínimo, cuns efectos negativos da crise que se están trasladando a todos os sectores produtivos; unha Galicia, ademais, que ten importantes retos como a situación da súa sanidade, da dependencia, da educación, da defensa da liberdade lingüística, lexos de imposicións.

Foi un discurso no que se presentou un programa de goberno concreto, adaptado ás necesidades da situación pola que atravesamos Galicia, buscando dotar a nosa terra das ferramentas precisas para saír da crise na que nos atopamos, e vostede expuxo os piares no que vai basear o seu goberno: o pilar económico, o pilar do benestar e o pilar do autogoberno, un pilar do benestar para levar adiante políticas sociais necesarias, que axuden dun xeito integral a todos os galegos e galegas, subministrando servizos –vou elevar a voz– “públicos” de calidade para todos.

Pero, dentro da análise xeral da comunidade, temos que destacar tamén a atención, a especial atención, que vostede adicou ao tema da grave crise económica que estamos a padecer. Galicia ten a obriga de intentar diminuír os efectos da crise, partindo, iso si, das nosas competencias, certamente limitadas, pero máis limitadas son se non se usan. A min dáme a impresión de que este Goberno, que non fixo nada, que aprobaba un presuposto que non ía nin máis nin menos a favor, o anticíclico do que era a nosa crise, pois que estivo a mirar para as súas consecuencias. Sóame tamén ¿verdade? como a aquel médico que vía o enfermo que cada vez se deterioraba, ía pedíndolle máis probas diagnósticas e, ao final, dixo: Fai falta unha última placa. E díxolle o outro: ¿De tórax? E dixo: Non, non, de mármol. (*Aplausos.*) Pois a vostedes paréceme que lle pasou exactamente igual: non viron o problema, non quixeron solucionar e poñer medidas para intentar mitigar ese problema; preferían botarlles a culpa aos demais, dicir que viña de fóra e baixar os brazos.

Pois ben, entre as ferramentas de autogoberno, creo que é importante a política de gasto, e, señor Leiceaga, aí si que foron audaces, no gasto xa lle digo eu que foron absolutamente audaces, pero ten unha dobre compoñente: a inversora e a social. E, mire, non hai maior medida antisocial que nin máis nin menos mandar a xente ao paro, e vostedes mandan á xente ao paro cando están en Madrid e, desgraciadamente, cando están en Galicia. Polo tanto, déanlle poucas leccións a este grupo de aquí de intentar pensar no benestar dos seus cidadáns.

E temos certa marxe na política de ingresos, tanto impositivos como de endebedamentos, temos políticas reguladoras, a política de investimentos en capital humano, en educación, en investigación, en políticas activas de emprego, en políticas de fomento de promoción empresarial e apoio ás empresas, e, polo tanto, hai que utilizalas e hai que coordinarse coa Unión Europea, e temos que coordinarnos co Estado para que, como dicía o noso candidato, poidamos ter un plan estratéxico da economía galega que sirva a medio e longo prazo, polo menos para os próximos anos, e un plan de choque complementario que con carácter inmediato poida empezar a paliar a actual situación de crise.

Por iso, señor candidato, nós celebramos que vostede escollera nin máis nin menos o Acordo pola competitividade como un importante punto de partida. Con iso vén con-

firmar as súas palabras de que non viña a derrubar. Nós falamos no seu momento e apoiamos ese acordo. Tamén dixemos que había que levalo adiante. E, polo tanto, dese bo punto de partida tamén quer partir o Goberno do señor Núñez Feijoo.

Temos que fomentar a competitividade seguindo tamén políticas que teñen amosado excelentes resultados noutras comunidades autónomas. Temos que promocionar o desenvolvemento tecnolóxico, o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, fomentar a calidade dos produtos de orixe galega e facilitar o financiamento das empresas. Coincidimos co señor candidato en que calquera estratexia que non estea baseada na especialización e non conte coa universidade vai ser un fracaso.

Coincidimos tamén co señor candidato en que é importante reformar o Igape. Debe ser un instrumento básico da nosa política económica, que garanta o financiamento das nosas empresas, e centro de todas as axudas vencelladas ao desenvolvemento empresarial de Galicia, así como motor da nosa internacionalización.

E temos que ter unha política tributaria propia. A algúns que se lles enche a boca ao falar de autonomía, e cando chega o momento non é capaz de ter unha política tributaria propia e menos se iso significa rebaixar impostos. E nós cremos que é posible, moito ou pouco, pero si é posible que 600.000 galegos se vexan beneficiados pola rebaixa do IRPF. Todas as deducións que hoxe en día seguen beneficiando os galegos no tramo autonómico do IRPF que corresponden a Galicia foron feitas durante os mandatos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Por iso, imos acabar tamén o que empezamos e o que vostedes non souberon acabar, que foi nin máis nin menos que suprimir o imposto de sucesións e doazóns. Esta vez si, para equipararnos a outras comunidades autónomas, para que non se dean todos os exemplos que nós demos de inxusta aplicación a membros da mesma familia. Pois ben, tamén queremos rebaixar o imposto de transmisións patrimoniais para familias numerosas, para os menores de 35 anos, para que sirva como elemento dinamizador do mercado inmobiliario. E, por último, aínda que a vostedes lles poida soar outra vez, como o outro día, a chascarrillo, e dándose codazos, pois si, vamos a intentar que o Estado central tome con-

ciencia do que é o imposto de sociedades, que o seu actual gravame é unha dobre imposición para as empresas galegas como país fronteirizo que somos. Quizá vostedes non foron conscientes diso.

E queremos o impulso das infraestruturas do transporte e mobilidade. Non podemos voltar a cometer erros de que as infraestruturas sexan o reflexo da intolerancia, da imposición dun goberno. Decía o señor Quintana fai catro anos: “O 19 de xuño os galegos enterraron cos seus votos ese artefacto propagandístico chamado Plan Galicia”. Pois ben, vostedes tiñan a ocasión de aproveitar o Plan Galicia en todas as súas bonanzas. ¿Que fixeron? Cambialo por nada, cambialo por fume; porque, se era fume, dotaran de medios, porque eu lle podo demostrar e este grupo lle pode demostrar que aquí había unha comisión parlamentaria que seguía nin máis nin menos o Plan de dinamización económica de Galicia e que os presupostos do ano 2005 tiñan todo o crédito necesario para cumprir paso por paso e no tempo necesario o Plan Galicia. Pero, ¿que fixeron vostedes? Cambiar iso por nada, e, se non, que llelo pregunten a veciños como os de Noia, que fai catro anos se lles cambiou unha obra que hoxe en día estaría en funcionamento e neste momento non teñen *nin chicha nin limoná*. O que si fixeron os galegos –e quizá tamén fora por esta etapa de Semana Santa– foi resucitalo; os galegos resucitaron o Plan Galicia. Quizá non foi en tan pouco tempo, en catro anos, pero, ben, foi á primeira oportunidade.

Pois ben, aplaudimos nos cen primeiros días un plan de infraestruturas co horizonte de execución do ano 2015 onde estean contempladas todas as obras do Plan Galicia para que sexan realidade esta lexislatura. Falaban do que iam adicar ao que era a conservación. Eu recórdolle que o PEIT fala do 2%. Nós fomos máis ambiciosos, puxemos o 3%, pero tamén estamos a falar do que é un plan de infraestruturas que, no momento que estea nin máis nin menos configurado o gran esforzo desta Administración, o gran obxectivo ten que seguir sendo nin máis nin menos a conservación desa rede viaria.

E dixemos, señor candidato, que iam aprobar as directrices da ordenación do territorio, o Plan do litoral, nos seis primeiros meses. Decía a señora Caride que vostedes, os do PP, deixaran fai catro anos tres folios. A señora Caride non sei se deixa máis folios, o que deixa, á parte da súa incom-

petencia, foi ningunha gana de aprobar nin o Plan de directrices de ordenación do territorio nin o Plan do litoral; se non, poderíao ter feito. *(Aplausos.)*

Aprobaremos, señor Vázquez, o Plan de residuos sólidos urbanos. Aceleraremos o que vostede non foi capaz de facer, o saneamento das rías galegas, incluíndo a de Arousa. *(Murmurios.)* Si, si, é que llo vou falar, xa verá... Si, si... *(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Non dialoguen, por favor, non dialoguen.

O señor RUIZ RIVAS: *Señor Vázquez, que usted es un prescindible, no pierda la calma. (Risos.) (Aplausos.)* Mire, señor Vázquez, vamos ver, vostede dicía que non encontraba a oferta do Concello de Ribeira. Xa verá como o novo responsable a encontra nunha semana... *(Murmurios.)* Vostede o que fixo... Non, non, ¡home, claro! Vostede o que fixo foi, desde a súa consellería, poñer atrancos a que esa ría teña nin máis nin menos saneamento. En catro anos non foron quen vostedes de aprobar e inaugurar un só saneamento –hai dous en obras–. Se quer, recórdollo. *(Aplausos.)* Polo tanto, señor Vázquez, non arremeta contra este humilde deputado, que a vostede lle esperan máis altas cotas de responsabilidade. *(Risos.)*

Promoveremos o traslado de Ence e ademais esta vez cun novo paso adiante, un novo paso que ninguén antes fora capaz de falar, e é que o seu novo emprazamento, nese diálogo de traslado, vai ser tamén a propia comarca onde hoxe está ubicada.

E expresaba tamén o señor candidato o que eran as súas políticas para o medio rural, xa lles botan a vostedes a culpa antes de que empecen, da grave situación na que está o noso medio rural. Unha vez máis os que nunca teñen a culpa, a culpa é dos demais, pero mentres tanto o noso agro, os nosos gandeiros, os nosos mariñeiros están a sufrir as consecuencias de políticas como a súa ou de políticas de non saber defendelos noutras instancias como a Unión Europea. Non me faga así, por que vostede apoia a ese goberno.

E faláron do sector eólico, home, o sector eólico, eu vou dicir o que dixó o noso candidato, analizaremos e revisare-

mos o procedemento do concurso eólico para garantir a súa adecuación á legalidade, ¿moléstalle, señor Aymerich, que se revise a legalidade de algo? Non sei, é que o vexo un pouco con urticaria con este tema, porque entón vostede a ningún dos grupos aquí presentes, a ningunha das ofertas presentadas foi quen de darlle nin máis nin menos o desenrolo dese proceso, dese concurso, porque non ten coñecemento. Este mesmo deputado pediuno, e pediuno como deputado e cidadán de Galicia, e parece ser, hoxe lía por algunha información, que agora si o van dar, ¡que remedio!, e íanllo dar dous días despois. *(Aplausos.)*

Mire, reformas no sector público, a nós gústanos, señor candidato, que vostede vaia facer precisamente da austeridade, da racionalidade, unha norma e unha pauta a seguir na súa conduta como presidente de Galicia, sei que non vai conseguir o que outros tentaron, eliminar 1.000 altos cargos, vaino ter difícil, pero bueno, non había tantos, pero, en fin, nós valoramos suficientemente o que vostede quer de facer unha administración máis áxil, máis eficaz, pero tamén con menos engorde presupostario.

E queremos un plan de choque, e diciámolo, porque é imposible seguir a traballar con medidas concretas e a curto prazo coa nosa economía, cos presupostos do ano 2008 por vostedes aprobados e por vostedes aplicados, e polo tanto hai que voltar á realidade económica, pero á realidade contable, e polo tanto esas estratexias téñense que basear no que temos, pero con realidade; por iso este plan de choque se artellará nun plan de inversión de infraestruturas públicas, un plan de vivenda, de medidas para o financiamento das empresas, melloras do capital tecnolóxico, etc.

E non sei se o señor Vázquez me vai acusar de ser do Opus por defender a familia, pois ben, vouno facer, en calquera caso vale a pena facelo. Mire, imos aprobar a Lei de apoio ás familias galegas, e imos constituír o Consello Galego de Política Familiar porque é unha obriga deste país; a familia non é un concepto arcaico, tradicional ou non, a familia é o cerne desta sociedade e nós ímola apoiar porque esa é a nosa obriga, é a nosa obriga, verdade; chascarrillos á parte de quen non son capaces de escoitar a este humilde portavoz.

Pois ben, nós tamén celebramos, verdade, que agora se poida dar un novo xiro ao que foi o olvido da necesidade que

moitos galegos tiñan de poder acceder a unha vivenda. Nós o que non imos nomear é conselleiros ou conselleiras que teñan que ver co sector inmobiliario, pero ben, iso non pode facer olvidar que hai necesidade de vivenda, iso non pode facer olvidar a ninguén que hai vivenda necesaria, pero hai moita vivenda que está no mercado e que temos a obriga, a través da vivenda de protección oficial, do prezo máximo, do prezo taxado, de dar satisfacción a esa necesidade, e á parte, efectivamente, pois poder liberar ese *stock* de vivendas que dun xeito ou doutro está prexudicando o que é a economía deste país.

E si que imos apostar por unha educación de calidade, de convivencia, reformando o que é a formación profesional.

En sanidade eu só lle vou dicir unha cousa, que diría Risco, verdade, xa que se sacou, se alguén quer máis política e máis administración, igual non dicía reaccionario, igual simplemente lle chamaba totalitario.

Pois ben, nós o que si queremos é unha lei de garantía de ...

A señora PRESIDENTA: Lémbrolle que lle queda un minuto.

O señor RUÍZ RIVAS: A eficacia da administración, a ineficacia da administración non a pode pagar o cidadán.

Eu remato, señora presidenta, e remato co que é unha das partes para min importante despois de vivir moitos anos nun concello e ser un fervoroso crente da autonomía desta administración. Creo que foron os grandes esquecidos deste goberno, os grandes vilipendiados, sufrían incendios, sufrían riadas, temporais ou furacáns, e a esta Xunta non se lle ocorría outra cousa que culpalos a eles, non solucionar os problemas, pero si facelos culpables da ineficiencia e ineficacia da Xunta de Galicia.

A oitava lexislatura debe ser tamén a dos concellos, non chega con aprobar o Pacto local, hai que cumprilo, hai que desenrolalo, hai que crer nos concellos, na súa capacidade, non é unha administración subsidiaria ou dependente da Xunta, ten a súa autonomía e hai que outorgarlla.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Remato, presidenta, dicindo que a reforma da Lei da Administración local, o papel básico e primordial dos concellos na prestación dos servizos sociais ou nas emerxencias, é un paso importante para esa implicación; pois ben, nós pensamos que non haberá verdadeira autonomía local se non teñen autonomía tamén financeira, por iso nós aplaudimos o que se vai facer, a lei das facendas locais.

Remato señor presidente, señorías, por favor, vou acabar, se me permiten.

Señor Núñez Feijóo, conta co noso grupo para responderlle a Galicia, estamos preparados, chegou o momento, grazas Galicia. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Procede agora a contestación do candidato a presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra don Alberto Núñez Feijóo para responderlles aos señores portavoces dos distintos grupos parlamentarios.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, comparezo nesta Cámara para dous cometidos, en primeiro lugar, para dar resposta ás intervencións dos portavoces dos grupos parlamentarios e así poder completar a exposición do programa que onte iniciéi, e en segundo lugar, como digo, fundamentalmente para completar esta sesión de investidura.

Por iso me gustaría comezar agradecendo a intervención dos voceiros dos tres grupos parlamentarios, quixera agradecer as aportacións dos portavoces, quixera agradecer as aportacións do portavoz do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista de Galicia, PSOE, e do Grupo Parlamentario Popular. Creo que estas aportacións son tan importantes, sen dúbida, como a miña propia, creo que estas aportacións son imprescindibles para que a voz da totalidade dos galegos se escoite antes de elixir o próximo presidente de Galicia.

Señora presidenta, señoras e señores deputados, "*quisieran que escribiera las cosas, no como fueron, sino como mejor les suena. Para quien ama la linsonja es enemigo quien no es adulador*".

Hai séculos que un ourensán ilustre, do que oín falar na miña casa, na miña aldea, chamado Benito Jerónimo Feijóo, escribiu isto no seu *Teatro crítico*, é unha defensa da verdade. O noso ilustre paisano considerábaa como un limiar da ilustración, e polo tanto como o primeiro e necesario impulso do rexurdimento que el tanto anceiaba; el confiaba no valor terapéutico da verdade, nun tempo afeito a disfrazala con mil subterfuxios. Os galegos de hoxe tamén confían nela. Temos un pobo maduro, un pobo sabio, por cuxa xenética descorren lembranzas de épocas enteiras de loita contra o infortunio. Poucos pobos, como o noso, tiveron tantas probas difíciles que superar e poucos souberon aproveitalas para dar un salto a adiante.

Galicia existe porque ningunha crise de antano foi quen de dobregar a nosa xente, Galicia seguirá existindo porque na nosa sociedade actual latexan enerxías dispostas a poñer en marcha outra vez o país.

Señoras e señores deputados, coincidirán comigo en que o principal combustible para manter o avance deste país é a verdade. Recurrindo ás palabras de Benito Jerónimo Feijóo, o noso pobo quere que lle digan as cousas como son, e non como mellor soan na orela dos amantes da lisonja; gobernar non é adular a cidadanía, por iso me esforzarei neste debate de investidura en describir a situación tal como é, iso é o que nós están pedindo os galegos, describir a situación de Galicia tal como é.

E por iso o primeiro que intentei facer foi dicir a verdade, o segundo chamar sinceramente a unha unidade de todas as forzas políticas, e terceiro ser consecuente e que o goberno sexa e estea á altura das circunstancias desa unidade das forzas políticas que podemos acadar.

A miña oferta para un gran pacto nun momento excepcional como o que estamos a vivir non ten data de caducidade. Tan pouco se inspira nun cativo cálculo partidario, senón no exemplo que nós dan todos os días os galegos.

Este, señoras e señores deputados, é un país de acordos, non existen valados que separen a nosa cidadanía, non temos muros que derrubar para reunificar o noso país, tampouco deberá de haber valados nin muros neste Parlamento; reflexo, reflexo este Parlamento de moitos parlamentos espontáneos que cimentan a convivencia das nosas xentes na rúa.

Quixera que nestes momentos de desacougo para tantos galegos a sesión de investidura servise para algo; quixera que nestes momentos de excepcional crise económica na que estamos a vivir, a sesión de investidura servise para enviar desde aquí unha mensaxe de esperanza, unha mensaxe de esperanza aos demócratas, unha mensaxe de esperanza ao noso pobo.

Sei que non hai milagres, os únicos que existen, eses milagres, débense ao esforzo dos pobos e ao acerto dos seus gobernos, sen dogmas, sen pretender, como dixer, restaurar ningún pretérito, sempre imperfecto, nin derrubar sen máis o que fixeron os que nos antecederon.

Galicia, queridos amigos, hoxe pertence aos galegos, máis que nunca, coa verdade por diante, cun programa realista, cun proxecto unido e sen fisuras e reiterando de novo a disposición ao acordo. Este candidato, que “*no ama la lisonja*”, solicita hoxe a confianza deste Parlamento, a confianza deste Parlamento para gobernar, a confianza deste Parlamento para gobernar con toda a humildade persoal e con toda a ambición colectiva, a ambición colectiva que dá a convicción de que os acordos nos dan toda a capacidade para superar incluso as dificultades que estamos a vivir, e a humildade persoal por ser conscientes de que aínda que a maioría absoluta lexitimou a acción do próximo goberno debemos dialogar, debemos dialogar e escoitar todas as opinións, por minoritarias que sexan, para chegar aos necesarios acordos.

É a miña intención e reitéroa hoxe. Quero, se obteño a confianza deste Parlamento, gobernar para todos, e hoxe novamente o reafirmo, e por tanto diríxome a todos os galegos e a todas as galegas de diferentes preferencias políticas para darlles resposta ás cuestións que plantexan os portavoces e que han de representar, supoño, ou polo menos de momento, os grupos que poderán conformar a oposición nos próximos meses.

Señorías, supoño que todo o mundo entendeu a mensaxe destas eleccións, supoño que todo o mundo sabe por que os que gobernaban perderon e os que estaban na oposición gañaron.

O pobo galego deixou moi claro o que non quería, e o pobo galego basicamente dixo que non quería, primeiro, un goberno dividido. Segundo, non quería un goberno sen norte claro, sen unha dirección coñecida. E en terceiro lugar, sobre

todo o que os galegos non querían eran dous gobernos enfrontados, senón un só goberno, un goberno forte, un goberno rigoroso e un goberno liderado.

En definitiva, o pobo galego non quería o que o portavoz do Partido Socialista Obreiro Español, nunha frase maxistral, dixo: “O pobo galego, sobre todo, non quería goberno pola mañá e oposición pola tarde”. Iso era o que non quería o pobo galego e por iso (*Aplausos.*) dixo estas cuestións.

Iso era o que non quería o pobo galego, e o pobo galego non quería porque o pobo galego rexeitou unha serie de comportamentos, os galegos rexeitan un goberno que acéntúe, que acentúe, o clientelismo e o partidismo. O pobo galego rexeitou un goberno que non faga uso responsable e rigoroso dos recursos públicos. O pobo galego rexeitou un goberno que en vez de facilitar as cousas interfira na vida privada dos cidadáns, como se os cidadáns non tivesen a suficiente madurez democrática para elixir libremente, de acordo cos seus dereitos civís. O pobo galego, sobre todo, rexeitou que o goberno non fose sensible aos verdadeiros problemas da xente e que, sen embargo, aquí se convertera nunha Cámara onde non falabamos dos problemas da xente, senón dos problemas dos que formaban parte do goberno.

Señorías, creo que a primeira conclusión é que temos que entender a mensaxe da sociedade, non só os grupos que perderon as eleccións, senón tamén o grupo que gañou as eleccións. Porque o que temos que aprender e o que temos que entender é que os galegos si queren, os galegos si queren un goberno centrado na austeridade; os galegos si queren un goberno centrado na responsabilidade, no sacrificio e na dedicación. Só se teñen un goberno centrado na responsabilidade, no sacrificio e na dedicación lle poderemos pedir ao pobo responsabilidade, sacrificio e dedicación. Os galegos teñen dereito a que cada euro que se gaste do diñeiro público vaia crear riqueza, e a nada máis.

Señorías, formaremos por iso un goberno que propoña as solucións efectivas e realizables, e por iso reitero, non sei se o conseguirei, non o sei, non sei se serei capaz de facelo, pero si lle podo asegurar que o vou intentar. Vou intentar gobernar para todos, porque ese é o noso compromiso, e ese é o meu compromiso. (*Aplausos.*)

Señorías, estou convencido que o pobo galego, que é capaz de aguantar o que lle boten enriba, de vez en cando tamén é capaz de decidir con total liberdade o que quere. Por iso imos intentar, señorías, facer unha descrición razoable do que ocorreu para, pola miña parte polo menos, non volver falar disto. Hoxe podemos constatar unha dobre reprobación á política do bipartito: a primeira máis importante se constata nas urnas, as urnas falan: 39 escanos, un máis da maioría absoluta; despois chegaron os votos da emigración, lamentablemente non en urna, seguro que entre todos imos conseguir que non se volva elixir un presidente de Galicia sen que todos voten en urna. (*Aplausos.*) Seguro, seguro.

Digo que a primeira reprobación do bipartito tivo lugar contundentemente nas urnas, e a segunda reprobación inmediatamente despois, eu diría ás poucas horas despois, de ser celebradas as eleccións. Non só vostedes se apresuraron á renovación dos seus respectivos liderados –cousa que, por suposto, nós respectamos–, senón que incluso pretenderon pasar páxina e esquecer o modelo do goberno no que estiveron. Permítanme ler unha cita: “A actitude do BNG ten sido un problema continuado. Decisións como o Plan eólico, decisións como o da vivenda, decisións como as galescolas ou as políticas de substitución da Lei da dependencia por unha política de festas cos maiores foi un erro. Creo que hai que desmarcarse do BNG para as municipais e non aparecer como reféns”. Señorías, isto non o di ningún membro do partido político que gañou as eleccións, son vostedes mesmos os que fixeron o diagnóstico despois das urnas. (*Aplausos.*)

Señorías, eu agradezo a felicitación do voceiro do Partido Socialista, e agradezo tamén a felicitación do voceiro, por suposto, do Bloque Nacionalista Galego. Pódolles asegurar que sabía máis ou menos o que ían dicir, porque xa o dixeron antes do discurso. Creo que dicir que o discurso era vacuo, vacío... , xa o dixeron antes de ser pronunciado. Mire, o discurso mantén 174 propostas: 104 propostas no ámbito económico, 30 propostas no ámbito das institucións e da rexeneración democrática e 40 propostas no ámbito do benestar. Estas 174 propostas poderán ser boas ou malas, poderemos estar de acordo ou en desacordo, pero dicir que non hai propostas é simplemente non ter lido o discurso ou, outra cousa, ter feito este discurso antes de escoitar o discurso do candidato.

Señorías, presentar un plan estratéxico da economía galega para a lexislatura, presentar un plan de choque antes de finalizar o ano, propoñer unha axencia independente de I+D+i para regular e potenciar a innovación, plantexar un plan estratéxico para as tecnoloxías da información, volver recuperar a calidade dos nosos produtos, renovar totalmente o Igape; por certo, un Igape que xa non dependerá da Consellería de Facenda, senón que dependerá da Consellería da Innovación e da Consellería da Competencia, senón que o Igape será un instrumento real para promocionar as empresas e non só un Igape dependendo dunha Consellería de Facenda e Presupostos.

Ese, señorías, como reformar as leis de caixas, como facer unha completa reforma das normas de competencia, como plantexar un plan autonómico do emprego para o ano 2009-2013, como procurar o plan de inserción laboral específica para os maiores con máis dificultades para alcanzar o emprego, como novas medidas para mellorar a estabilidade laboral. Señorías, ¿como podemos dicir que non temos propostas cando plantexamos unha modificación dos procedementos administrativos para crear as empresas? ¿Como podemos dicir que non temos propostas cando plantexamos insistir no capital risco e no capital semente? Instrumentos autonómicos de política tributaria. Señorías, ¿en que quedamos? ¿Rebaixamos moito os impostos?, como di o voceiro do BNG, ¿ou rebaixamos pouco?, como di o voceiro do Partido Socialista Obrero Español? *(Aplausos.)* ¿Que temos que facer?

Señorías, ¿rebaixarlle o imposto da renda ás persoas que cobran menos de 17.000 euros ao mes..., perdón, ao ano, 17.000 euros ao ano, é realmente un regalo fiscal? Eliminar o imposto de sucesións e doazóns, como ten máis da metade de España, ¿é un regalo para os patrimonios altos?, ¿ou será un regalo para os patrimonios altos suprimir o imposto do patrimonio na súa totalidade, como fixo o Partido Socialista Obrero Español? ¿Cal é exactamente o regalo, señorías? *(Aplausos.)* ¿Cal é exactamente o regalo?

Señorías, non é ningún regalo dicirlle a un xoven que non pode comprar unha vivenda que vai diminuír o imposto de transmisións patrimoniais e o imposto de actos xurídicos documentados un 50%, non é ningún regalo. Non é ningún regalo dicirlle a unha familia numerosa que se adquire unha vivenda pode rebaixar o imposto de transmisións e o imposto de actos xurídicos documentados, non é ningún regalo.

Señorías, non se pode dicir, por unha banda, que non se poden rebaixar os impostos porque podemos estar con dificultades para manter o gasto social e simultaneamente dicir que a rebaixa de impostos que plantexamos é unha rebaixa insuficiente. Temos que manter unha coherencia, temos que manter unha postura, e esa é a nosa postura. Plantexar que imos presentar á Cámara e aprobar nun prazo máximo de seis meses o plan de infraestruturas, ¿non é unha proposta? Dicir que queremos a transferencia da Autoestrada do Atlántico, que dicíamos cando estaba na oposición que o levamos no noso programa electoral do ano 2005 e que o volvemos levar agora, iso, realmente, ¿é unha incongruencia ou é simplemente facer fe do que plantexamos no 2005 e no 2009?

Si, señorías, hai xente que ampliou o período concesional da Autoestrada do Atlántico a cambio de nada. Hai outro partido que ampliou o período concesional da Autoestrada do Atlántico a cambio de dous tramos gratis: o de Rande ao aeroporto e o de Fene-Ferrol. Hai unha diferenza substancial. *(Aplausos.)*

Señorías, hai un partido político que lle entregou á concesionaria uns 350 millóns de euros, o mellor negocio posible dunha empresa construtora en Galicia. Levantar unha peaxe e pagarlle con independencia dos tráfico, cantos máis, máis lle pagan, sen ningunha limitación de tráfico, uns 340 a 350 millóns de euros para os próximos corenta anos; e agora esa empresa que recibiu os 340 millóns de euros vende a autoestrada a un fondo de capital risco estadounidense. Iso, señorías, ¿é a súa política en materia de autoestrada?, a nosa non. *(Aplausos.)* A nosa é recuperar a autoestrada, xestionar a autoestrada e regular a autoestrada.

Señorías, cando plantexamos diminuír dúas empresas públicas e unha dirección xeral, e crear unha única axencia galega de estradas, é unha proposta concreta. Cando planteamos facer un consorcio de transportes, é unha proposta concreta. Cando traemos á Cámara, á Cámara, e, por certo, señorías, eu vou invitar o representante do Partido Socialista e o representante do BNG para que nos sentemos na Comisión Bilateral entre a Administración xeral do Estado e Galicia e empecemos a falar de infraestruturas co novo ministro de Fomento. Supoño que iso lles parece ben, eu así o farei, non excluirei a ninguén para facer o seguimento das infraestruturas galegas. Lamento que a nós nos exclúisen. *(Aplausos.)*

Cando propoñemos no prazo de seis meses aprobar as directrices de ordenación do territorio, cando nos comprometemos no prazo de seis meses a aprobar a Lei do litoral, cando nos comprometemos ao que nos comprometíamos antes, e é que todos os grupos votamos facer a área metropolitana de Vigo, e cando chegou ao Parlamento resulta que o que dicíamos en Vigo era distinto ao que dicíamos aquí, e iso non pode ser, porque se non a xente, señorías, non cre nada do que dicimos.

Traeremos a Lei da área metropolitana de Vigo, e pídolles xa o seu consenso, porque estaba consensuado e pola nosa parte segue consensuado. Faremos a Lei da área metropolitana da área da Coruña, se os alcaldes da área metropolitana si están de acordo. Faremos un catálogo de paisaxes de Galicia e un novo plan de residuos sólidos, e ampliaremos Sogama. Por suposto que prosequiremos co saneamento das rías, e por suposto que lles podo asegurar que imos tentar facer o traslado de Ence.

Señorías, os labregos e os gandeiros que hoxe están en Madrid sentaranse con nós en canto tome posesión o novo conselleiro ou conselleira de Medio Rural, pódolles asegurar. Señorías, creo que facer unha consellaría do mar, onde nesa consellaría estean todos os problemas do mar, e tamén a xestión de todos os portos de Galicia, é apostar claramente pola pesca, polo mar, pola industria transformadora, pola acuicultura e polo marisqueo. Esa é a nosa política. *(Aplausos.)*, esa é a nosa política.

Señorías, se en vez de ser eu quen fixese o debate de investidura fose o presidente, o presidente en funcións, seguro que o BNG lle podería preguntar exactamente o que me preguntou a min hoxe. Preguntaríalle, ¿que vai facer vostede co Plan eólico? Pois eu, señoría, o que vou facer é simplemente cumprir coa lei e defender os intereses xerais de Galicia. Non teño máis intereses, ningún máis, o mesmo que anunciou o presidente en funcións cando foi aprobado unilateralmente pola metade do Goberno o Plan eólico con conselleiros e representantes de consellarías que se levantaron desa mesa de contratación dicindo que se cometeran prevaricacións e irregularidades. *(Aplausos.)* Iso é o único que vou facer, o que faría el, non o que faría eu soamente.

O que imos facer co turismo, señorías, é, en primeiro lugar, preparar o Ano santo xacobeo, quedan uns meses, non temos nada feito. Quedan uns meses e a Igrexa se está reu-

nindo pola súa conta simplemente, porque nós non acudimos ás reunións. Quedan seis meses e non hai ningún decreto e incentivos fiscais para a xente que queira esponsorizar as actuacións do Ano santo xacobeo. Quedan seis meses para un ano especialísimo, o ano 2010, non será Ano santo xacobeo hasta o ano 2021; quedan seis meses e temos que empazar dunha vez.

Temos que reformar a administración pública, e, xa lles digo, imos eliminar varios instrumentos de administración institucional; imos eliminar varias organizacións, fundacións, institutos, organismos de administración institucional. Iso é reformar a administración pública. Imos facer un plan de choque antes dos seis próximos meses, imos facer un plan de choque que, baseado na austeridade da nova estrutura da Xunta de Galicia, baseado nesa austeridade, faga todo o posible, entre outras cousas, para axudar aos que non cobran ningunha prestación por desemprego, entre outras cousas; ademais de infraestruturas e ademais dun plan importante de axuda ás familias sen prestacións por desemprego.

Señorías, imos facer un Consello Galego de Política Familiar e unha Lei de apoio ás familias numerosas, imos facer e impulsar un acordo entre todos para a materia de vivenda. Señorías, ¿como se pode dicir aquí que non hai vivendas baleiras, sen vender, porque ninguén as pode comprar, nas sete cidades galegas e nas súas áreas metropolitanas? ¿Pero vostedes coñecen o país de verdade? ¿Vostedes de verdade coñecen o país? ¿Onde hai máis demanda de vivenda? Nas áreas metropolitanas, ¿e aí non hai vivendas que non se poden vender porque ninguén as pode comprar?

Señorías, imos facer política de vivenda en aluguer e política de vivenda en opción de compra, e imos, por suposto, tamén facer construción de vivendas públicas.

Imos protexer a educación porque é a garantía da nosa liberdade. Imos protexer a educación e reformar a formación profesional. E imos facer un mapa de titulacións universitarias porque un dos problemas que herdamos xustamente é ese, xunto co financiamento das universidades. E sei que o Goberno actuou de forma responsable, e sei que os reitores están plantexando cuestións de forma responsable, e entre todos teremos que ver o que hai para intentar solucionar en parte, polo menos, o problema que temos neste momento.

Señoría, cando a sanidade do Partido Socialista crea empresas públicas, iso é progresista; cando a sanidade do Partido Popular crea empresas públicas, iso é reaccionario. Cando no medio rural se fai a empresa pública máis grande que nunca tivo a Comunidade Autónoma, Seaga, iso é progresista; cando o fai o Partido Popular, é reaccionario. Cando se fai un consorcio para controlar todos os servizos sociais, incluído o dos concellos, iso é progresista; e cando o fai o Partido Popular, iso é reaccionario.

Señorías, señorías, o tempo dá e quita razóns, e neste momento falar diso é simplemente volver ao pasado, e eu viña aquí falar do futuro. (*Aplausos.*)

Señoría, non sei se as 174 propostas é insuficiente –seguro que podemos velo con maior atención–, non sei se as 104 propostas no ámbito económico é simplemente unha perda de tempo, fixémoslas coa mellor intención, a de acertar. Non sei se as 30 propostas en materia de rexeneración democrática, de reforma do Regulamento, de reforma constitucional do Estatuto, de reforma da Lei de facendas locais, de reforma da Lei de Administración local, de reforma da Lei de emerxencias, non sei se todo iso non é ter un proxecto ou pola contra é realmente un proxecto reformista.

Señorías, 40 propostas en materia de ámbito do benestar. Rexeito absolutamente que o monopolio do benestar pertenza ao Bloque Nacionalista Galego ou ao Partido Socialista Obreiro Español. (*Aplausos.*) O benestar e a economía é a mesma moeda, soamente por unha cara ou por outra; se non funciona a economía, señorías, non funciona o benestar.

¡Dicir agora que o problema da xente que xa acabou as prestacións do paro é do PP...! Será o problema da xente que non estivo á altura das circunstancias, do Goberno para que non se incrementara o paro, non será o problema dos que estiveron na oposición durante estes anos, señoría.

Señorías, os dous voceiros coincidiron en algo que non ten maior importancia pero no que simplemente por respecto á Cámara me gustaría incidir un momento.

Din vostedes que non coñecen a miña ideoloxía por descoñecida. Señoría... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Grazas, señoría. Quero dicir, señor Leiceaga, que

vostede non coñece a miña ideoloxía por descoñecida. Mire, eu afilieime a un partido político e estiven nel, nada máis. Na miña primeira votación votei que si ao Estatuto de autonomía, creo que vostede votou que non. Eu sempre estiven no mesmo partido, creo que vostede non exactamente. Eu sempre fun do Partido Popular, un partido galeguista e reformista, vostede non sei que me dicía cal é a súa ideoloxía, se cando se refería a cando vostede era nacionalista ou cando agora é socialista... (*Aplausos.*) A miña ideoloxía está clara, señoría, a miña ideoloxía está clara. A miña ideoloxía está clara, señor Leiceaga, e eu estou convencido de que a súa tamén. Pero se vostede quere falar de ideoloxía, non hai ningún inconveniente.

Mire, dixen que non ía facer un debate de investidura fácil, senón que ía facer un debate de investidura real, e o debate de investidura real, señoría, é que nos deixa un país moito peor que no ano 2005. O crecemento económico no terceiro trimestre do ano 2005 era do 3,55 %; agora xa non soamente estamos en crise, non soamente estamos en recesión, senón que estamos en deflación.

Señoría, o paro é paro; no terceiro trimestre do ano 2005, cando entregamos o Goberno, eran 109.000 parados e agora hai 129.000 parados neste trimestre. A taxa de paro, cando entregamos o Goberno, era do 8,65 %; vostede díxonos que era do 9,64; agora, pois se vostede está contento co 9,74, nós preferiríamos o 8,65, que foi a que lle deixamos, exactamente.

Señoría, o crecemento da afiliación á Seguridade Social crecía 2,88 puntos, e agora está baixando 4,41 puntos. O paro no ano 2005, señorías, baixaba o 2,60 %, e agora creceu no último ano un 32 %. E agora resulta que temos que dicir que a Galicia que herdamos é a Galicia realmente en positivo e a Galicia que esperabamos; non, señorías. Vostedes comprometeron moitas cousas, nada máis e nada menos que a crear 30.000 postos de traballo por ano, é dicir, 120.000 empregos; de crear 120.000 empregos agora atopámonos con 54.000 parados máis. Esa é a verdade da economía, e iso é seguro o que a vostedes os preocupa igual que a nós.

Mire, señoría, hoxe os medios de comunicación reflicten a situación na que imos entrar no Goberno da Xunta, se o Parlamento nos outorga a nosa confianza: “Galicia roza por primeira vez la deflación al desplomarse los precios hasta el -0,5”, catro veces máis que a media de España. E a segunda

noticia de hoxe, o traspaso de poderes, parlamentariamente falando, é que o Banco de España avisa de que a Seguridade Social entrará en números vermellos este ano. Señorías, este é o balance económico; seguro que non é culpa do Goberno da Xunta, soamente, seguro que todos somos responsables, pero, por favor, asumamos a situación na que entramos, porque se non perderemos a idea do que asumimos.

Señoría, é certo que afrontamos a peor crise económica que recordamos na historia da Autonomía, unha crise que golpea con forza todos os sectores, unha crise que está constante e continuamente limando as posibilidades de esperanza de familias que non atopan o seu traballo porque soamente atopan máis desemprego. Unha crise que algúns soubemos anunciar desde aquí, dende esta tribuna; dende esta tribuna tiven a posibilidade, en representación do meu grupo parlamentario, de anunciar que os presupostos do ano 2009 non eran uns presupostos reais, e agora lamentablemente, señorías, temos que axustar eses presupostos na súa totalidade.

É irreal a previsión de crecemento, é irreal a previsión de ingresos, é irreal a previsión de emprego, é irreal a totalidade do presuposto, e dígollo –como pode vostede imaxinar– con moitísima máis preocupación do que vostedes o reciben. Porque nós temos que facer a reforma do presuposto e vostedes, simplemente, déixannos ese problema. Temos un presuposto que non vale, e sabíano, sabíámolo todos, pero ninguén quixo dicilo, salvo o grupo da oposición. E iso é unha das razóns, señoría, pola que un grupo gaña credibilidade na rúa e porque outros grupos a perden. *(Aplausos.)*

Señorías, eu lamento algunha das cuestións que se dixeron, pero por suposto que as acepto, entre outras cousas para intentar corrixilas, se é que realmente nalgunhas das cuestións non estamos á altura das circunstancias, que seguro que si.

Mire, señoría, hai que dicir a verdade sobre o Plan de infraestruturas. ¿Exactamente que queremos dicir con dicir a verdade? ¿Queremos dicir, con dicir a verdade, que o AVE vai chegar no 2012, ou queremos dicir, con chegar á verdade, o que di o novo ministro de Fomento, que hai que recalcular o calendario realista das obras do tren de alta velocidade? Señor Leiceaga, exactamente, ¿cal é a súa referencia

en materia de infraestruturas: os seus compañeiros en Galicia ou o seu ministro en Madrid?

Señoría, vostede dime se vou ser capaz de facer o AVE entre Lugo e Ourense. ¿Quere dicir, señorías, que vostedes non o van facer? ¿Quere dicir que o AVE entre Lugo e Ourense vostedes non o van facer e ímolo ter que facer cos cartos da Comunidade Autónoma? Espero, señoría, espero, señoría... *(Aplausos.)*, espero, señoría, que o novo ministro de Fomento me poida respostar para despois eu poder respostar a esta Cámara... *(Murmurios.)*, espero, señoría, espero. Xa lle digo que os compromisos electorais seguen vixentes; pero dado que xa falei dúas veces co ministro de Fomento, espero que o que me dixo o transformemos nun acordo explícito e solemne entre o Goberno de España e o Goberno de Galicia co referendo parlamentario. Esa é a miña proposta, señoría. *(Aplausos.)*

Propoñenme que deixe o Plan Galicia. Pero, señorías, ¿como vou deixar o Plan Galicia se son máis de 12.000 millóns de euros? O presidente actual, o presidente en funcións, dixo, con acerto, antes das eleccións do ano 2005, unha frase que eu traio a colación; dicía o presidente en funcións, naquel momento candidato á Presidencia da Xunta: eu serei o garante do Plan Galicia; señoría, eu tamén quero ser o garante do Plan Galicia, non me faga retirar o Plan Galicia, imos facelo, entre todos, o Plan Galicia, señor Leiceaga; seguro que vostede, e o seu grupo parlamentario, nos axudará, e estou convencido de que o BNG tamén axudará a facer todas as obras do Plan Galicia.

Imos plantexar algunhas respostas a algunhas cuestións: o Plan do litoral. Galicia non é un país estándar, e como se fixo unha norma estándar, en vez de solucionar un problema, incrementámolo máis. Ordenar é o contrario de prohibir, prohibir non ten nada que ver con ordenar. E agora resulta que cando pasaron dous anos e nada fixemos, damos unha rolda de prensa para dicir o que hai que facer, ¡menudos consellos!, ¡menudos consellos! Pero eu xa lle vou dicir o que vou facer. Mire, non vou improvisar, imos aprobar o Plan do litoral, e namentres non aprobemos o Plan do litoral, na súa totalidade, e fagamos un diagnóstico completo, serio e razoable para definitivamente acabar con esas improvisacións, deixaremos a lei como está. Non imos dicir aquí si e aquí non; non, imos facer un Plan do litoral, e namentres non fagamos o Plan do litoral deixaranse as cousas como están,

coa moratoria da construción no litoral, para aprobar un Plan do litoral que racionalice a costa e que protexa a costa. Esa é a miña resposta: deixar as cousas... (*Aplausos*)... coa moratoria e facer un novo Plan do litoral.

Señorías, eu non falei da violencia de xénero; eu non falei da violencia de xénero porque non me gusta facer demagogia, e lamento profundamente que vostedes interpretaran iso como unha falta de sensibilidade. (*Aplausos*.)

O que si lle pode asegurar é que a igualdade real e efectiva na estrutura administrativa da Xunta de Galicia dependerá directamente do presidente da Xunta de Galicia; dependerá a estrutura, a través dunha Secretaría Xeral da Igualdade, do presidente da Xunta de Galicia, iso si que llo pode asegurar, e ese é un compromiso que reitero á Cámara. (*Aplausos*.)

Señoría, remato referíndome a unha das cuestións importantes, sen dúbida, xunto coa crise económica: os nosos sinais culturais e os nosos sinais lingüísticos.

Señoría, eu non son prisioneiro de ningún dogma; cando os dogmas chocan coa realidade, acusan á realidade de Galicia de ser antigalega; cando o dogma de alguén non é seguido polo pobo, automaticamente o pobo convértese en antigalego. Eu non teño máis dogmas que aqueles que a maioría, a inmensa maioría do pobo galego exerce, como é a liberdade lingüística e como é a querenza, profunda, do idioma de Galicia. ¿É que acaso non podemos aunar a normalización e a liberdade? ¿É que acaso temos que decidir entre normalizar a lingua galega e non respectar a liberdade? ¿É que non podemos intentar aunar a normalización e a liberdade lingüística? ¿É que ese realmente non é o cometido deste Parlamento? Eu creo que si.

E por iso eu non podo acompañar algunhas señorías polo camiño dos dogmas. A lingua non é propiedade de ninguén, non é propiedade de ninguén. Os galegos e as galegas son os seus donos e os seus lexítimos titulares. E, dende logo, a lingua non é propiedade das minorías, é propiedade sempre de todos e, en todo caso, das maiorías. (*Aplausos*.)

Eu reitero o compromiso ao diálogo, o compromiso ao acordo e o compromiso a mesturar a normalización e a liber-

dade. O idioma deféndese con amabilidade, o idioma deféndese falándoo. O idioma deféndese en liberdade, en igualdade e confraternidade. O idioma, señorías, é como as dúas pernas ou os dous brazos: necesitamos os dous, as dúas pernas e as dúas linguas. E eu dende logo non vou mutilar a ninguén. E o que si lles pode asegurar é que intentarei que os galegos, sobre todo as xeracións máis novas, poidan explicar en inglés que hai un mundo chamado Galicia, cunha norma e cunha lingua propia. Supoño, señorías, que hai algúns que o idioma o toman a broma cando non coincide cos seus dogmas. (*Aplausos*.)

Pero, señorías, ¿exactamente cal é a parte da oposición que non está de acordo co que propugna o Partido Popular? ¿Cal é? Permítanme citalo outra vez: “non soubemos valorar o conflito da lingua, que exacerbou ao mundo educativo e que reuniu máis de 100.000 sinaturas; é un aldabonazo ás conciencias”.

Señoría, este grupo parlamentario, maioritario da oposición, pensa iso, o grupo maioritario da Cámara tamén pensamos iso. Eu pídolles aos nacionalistas que se incorporen outra vez a un acordo lingüístico, pídollelo expresamente. Alá cadaquén. (*Aplausos*.)

Remato definitivamente, e remato recollendo un sentimento xeneralizado no noso país. Eu convido as forzas da oposición –e volvo reiteralo– a que se sumen aos pactos básicos que estamos ofertando nesta sesión de investidura. Para aceptalos, señoras e señores deputados do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, non teñen máis que mirar o que está ocorrendo fóra, na rúa. ¿Que nos pide a xente? ¿Que esperan de nós? ¿Vostedes cren que a xente espera de nós confrontacións, que espera pelexas, que espera xogo duro, que espera un xogo duro contra un Goberno que aínda nin sequera naceu? ¿Ou, polo contrario, o que a xente espera de nós é intentar estar á altura destas extraordinarias e difíciles circunstancias?

Non o creo, porque durante todos os días do ano moitísimos militantes e votantes do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista e do PP traballan xuntos, traballan xuntos nas escolas, traballan xuntos nos bares, traballan xuntos na pesca, traballan xuntos no agro, traballan xuntos. Traballan xuntos e eu o que pido aquí é traballar xuntos polo menos polos grandes temas do país.

E eu píddolles que fagan caso a esa Galicia, a esa Galicia que non entendería neste momento de extraordinaria dificultade que non estiveramos á altura das circunstancias. Eu escoitei as intervencións dos dous voceiros dos grupos que non apoian esta investidura, e ningún negou as dificultades nas que estamos fronte á crise económica. Coincidimos niso. Tampouco negou que, aínda que non temos todas as pancas para solucionar os problemas, si temos algunha ferramenta no autogoberno para intentar minimizar e paliar o problema. Tamén coincidimos niso. Polo tanto, se coincidimos niso, ¿por que non imos intentalo? Eu busco razóns que expliquen estas reticencias e, dende logo, estas razóns non as atopo na Galicia real. Penso que hai que buscalas noutro sitio, quizais na provisionalidade dos liderados dos partidos da oposición.

Pero eu non vexo nin verei –xa llelo anticipo, sexan quen sexan os novos líderes destas dúas forzas políticas– a oposición como unha anomalía democrática, ao contrario. Nunca direi que un partido é antigalego, nunca direi que un partido é antidemocrático e nunca direi que un membro desta Cámara é franquista, nunca o direi, nunca o direi. *(Aplausos.)*

Señorías, intentemos interpretar o que pensan os galegos, intentemos interpretalo. Eu, dende logo, vou facelo. Non sei –insisto– se o conseguirei.

En momentos como este as maiorías mecánicas non abundan; sei que podemos gañar as votacións na Cámara, pero gustaríame non gañalas soamente na Cámara, gustaríame gañalas con vostede no pacto que propoñemos para plantexar unha postura unívoca no financiamento da Comunidade Autónoma. Gustaríame gañalas con vostede tamén para buscar políticas activas de emprego, para reformar constitucionalmente o noso Estatuto e para conxugar a normalización da lingua coa liberdade lingüística.

Señorías, eu non creo que sexa imposible. Si lle digo que me sinto orgulloso da miña militancia política, si llo digo. Teño a honra de formar parte dun partido que tivo as responsabilidades de erguer as estruturas fundamentais da nosa Autonomía, primeiro coa presidencia de Xerardo Fernández Albor. E sintome orgulloso tamén de pertencer a un partido que tivo a maioría permanente do pobo galego para sentar as bases da Galicia do benestar e, polo tanto, sintome orgulloso tamén do presidente Manuel Fraga.

Síntome orgulloso pero á vez un modesto eslabón, un modesto eslabón máis dun gran proxecto no que cremos que é o galeguismo cívico. Síntome orgulloso de todo isto, sintome orgulloso da miña militancia política, pero sei que Galicia non é o Partido Popular, que Galicia é un mosaico de xentes que votan a outros partidos e, dende logo, xa lle podo asegurar que son consciente absolutamente de que sendo o partido maioritario Galicia non é o Partido Popular. Galicia é unhas mulleres e uns homes que ás veces votan a algúns e outras a outros, e Galicia é o que nós queremos que sexa, se somos útiles ao país.

Remato definitivamente, señorías, con outra –permítanme– cita doutro ourensán coma min, de Curros Enríquez: “Na unión dos bos galegos está da patria o porvir”. Poñerei o mellor da miña parte para que esta arela sexa posible.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Moitas grazas, señor Núñez Feijóo.

Suspéndese a sesión ata as 17 horas desta tarde.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás tres e doce minutos da tarde.

Retómase a sesión ás cinco e dous minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Prégolles ás súas señorías, por favor, que vaian ocupando os seus escanos.

Boas tardes, señorías, reiniciamos a sesión.

Corresponde agora unha rolda de réplica dos grupos parlamentarios por un tempo de quince minutos cada un, de conformidade co acordado pola Mesa-Xunta de Portavoces o 7 de abril de 2009.

Anuncio, en cumprimento do disposto no artigo 136 do Regulamento, que tras o debate a votación levarase a cabo ás 18:30 horas, sen prexuízo, loxicamente, de que as incidencias da sesión obriguen a modificar a dita hora. A votación será pública e farase o chamamento por orde alfabética agás

os membros do Goberno e mais os da Mesa da Cámara, que o farán ao remate, comezando polo deputado ou deputada elixido por sorteo.

As súas señorías deberán pronunciarse sobre a candidatura presentada, dende o propio escano, coas expresións: si, non ou abstención. O candidato será elixido se obtén os votos da maioría absoluta, de acordo co artigo 136 do Regulamento da Cámara.

Deseguido proseguimos a sesión coa intervención da réplica dos grupos parlamentarios, tal e como se fixou.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, eu pola mañá –permítanme comezar cunha pequena confidencia– pensei que me equivocara de debate, pensei que estaba nun debate do estado da nación, que non era, señor Feijóo, o seu debate de investidura.

Penso que aínda queda moita lexislatura e todos temos tempo de rectificar. Espero que as actitudes que houbo esta mañá, que o ton da súa intervención á hora de dirixirse á oposición, por máis que as palabras dixesen que si que nos respecta e que nos ofrece o diálogo, a verdade é que a súa linguaxe corporal, a súa actitude, o seu ton, desmentían dunha forma rotunda. Xa digo, espero que sexa unha impresión miña e espero que entre todos poidamos rectificar no que queda de lexislatura.

Dixo algo pola mañá, eu recoñecino sen ningún tipo de matices, e recoñezoo, porque penso que para actuar o primeiro é, efectivamente, sermos conscientes, analizarmos cal é a realidade: que vostedes gañaron as eleccións. Eu iso non llelo discuto, vostedes gañaron as eleccións. Non poño en cuestión as súas conviccións democráticas, en todo caso creo que o que me interesa, e o que lle interesa ao pobo galego, é o que vostede pensa e o que vostede fala. Pero hoxe pola mañá dixo algo... Porque vostede aínda non recoñeceu que o Goberno bipartito foi un goberno lexítimo tamén apoiado polos galegos e galegas co aval das urnas. Dixera nunha entrevista: Bueno, houbo unha serie de electores que

votaron polo BNG e polo PSOE. Dixo pola mañá que o pobo galego, de cando en vez, decide libremente o que quere. Eu creo que o pobo galego decide sempre, tamén o 1 de marzo, libremente o que quer, sempre; e a partir de aí deberíamos comezar a falar.

No ton do seu discurso, na réplica –que por certo xa traía escrita, o cal parece que non é unha mostra de moito respecto nin pola Cámara nin polos galegos e as galegas que seguen o debate nin, desde logo, polos portavoces da oposición–, vostede ten tres modulacións diferentes. Cando fala da crise económica, dos traballadores, cando fala dos servizos sociais, da dependencia, das mulleres, da xente nova, á parte de non asumir ningún compromiso –porque unha cousa é anunciar imos facer un plan, pero ¿cal é o seu contido, cal é a súa dotación económica, cal é o seu calendario?, e unha proposta é iso, un compromiso é iso, o outro é, en fin, pois un brinde ao sol–, vostede adopta un ton de distancia, como se non fose con vostede. Eu chego aquí, fago simplemente de xornalista e levanto acta do que sucede; acusado contraste a respecto do que vostedes dicían cando estaban na oposición.

Hai unha segunda modulación en todo aquilo que, aínda que sexa de esguello, teña que ver co país, coa lingua, coa cultura, coa identidade, co autogoberno. O ton xa non é de distancia, parece que lle provoca algún tipo de alerxia. Sempre é un si, pero..., un ton de prevención. A normalización si, pero...; o autogoberno si, pero...; a cultura si, pero... Lembra vostede aquel que dicía que cando lle falaban de cultura botaba a man... En fin, xa sabemos a onde. E iso si, hai unha modulación distinta, cando... Non, era Millán Astray que dicía que botaba a man á pistola, non pensen mal. Dígoo para ilustralos.

Iso si, hai unha terceira modulación que é cordial –aí si que vostede é cordial–, de compadreo, de compromiso, do que faga falta, cando se trata dos intereses dos seus patrocinadores. Cando se fala dos construtores, dos promotores, de levantar a prohibición para construír no litoral; cando se fala do concurso eólico, que agora vai poñer vostede en mans de Fenosa a súa revisión, ao parecer; cando se fala –si, si–, en fin, de todos eses sectores que o auparon, que o apoian e que agora xa lle están dicindo o que debe facer.

Porque hai quen dixo pola mañá que non, que nós coñecemos a realidade, pisamos a rúa, e son os comerciantes, os

mariñeiros... Non, non, eses... si, puideron votar por vostedes algúns, algúns, outros moitos votaron aquí, deste lado. *(Interrupcións.)* Si, si, 800.000 deste lado, 800.000 deste. Non se enganen, non se enganen, teñan iso sempre en conta, por favor; téñano sempre en conta. Estamos comezando a lexislatura, téñano en conta, por favor. Pero vostede non vai gobernar para eles, os intereses que vai defender vostede no Goberno son outros. Xa llo está decindo o señor Fontenla, xa llo está dicindo. Se non é así, rectifique agora, diga que non é así. Se non é así, efectivamente móllese en materia laboral e díganos, á parte dese plan de emprego do que non sabemos nin contido nin dotación nin calendario, que medidas concretas vai adoptar vostede.

Di: Imos poñer os parados a traballar nas obras públicas. Bueno, supño que será pagándolles algo, ¿non? ¡Claro! Porque... *(Interrupcións.)* Non, non, claro, claro, si si, diso saben bastante vostedes tamén, das cunetas. Efectivamente, saben vostedes bastante. Saben vostedes bastante das cunetas, si. Non, o que lle quero decir, señoría, é que diga exactamente que vai facer para que esas persoas, 80.000 galegos e galegas que non teñen ningunha cobertura de desemprego, podan levar adiante e dignamente un proxecto vital. Iso terá que nolo dicir agora. Nós fixémoslle unha proposta: Complemento autonómico para as prestacións por desemprego, que son máis baixas en Galiza que na media estatal; e salario de integración laboral para eses desempregados, maioritariamente xente nova, que por non teren traballo anterior, por non teren cotización anterior, están no paro e sen ningún tipo de cobertura. Pero diga vostede que quere facer, porque, se non o di, teremos que pensar que, efectivamente, si que está de acordo co que está dicindo a grande patronal: que está de acordo co contrato de crise, que está de acordo co despedimento barato, que está de acordo cos expedientes de regulación de emprego sen autorización administrativa. É dicir, que vostede pensa –como algún portavoz do seu partido dixo na campaña– que a solución á crise é desregular o mercado de traballo e precarizar aínda máis os dereitos dos traballadores e das traballadoras. Se non é así, estou disposto a asumir o erro; enganeime, non teño ningún problema, pero, por favor, díganolo. Díganos de que lado vai estar, de que lado vai estar.

Claro, as súas ofertas de diálogo e de acordo acollémoslas, de verdade. En temas de país, en temas que teñen a ver coa defensa de Galiza diante do Goberno español, diante da Unión Europea, ten todo o apoio do Bloque Nacionalista

Galego. Iso si, actuemos todos lealmente e actuemos todos de boa fe. E cando falo de lealdade e de boa fe, falo de lealdade non só entre nós, falo de lealdade co país. Non se pode dicir aquí unha cousa e en Madrid outra. Non se pode preter, por exemplo, en materia de financiamento autonómico, buscar eiquí un acordo para que despois a posición de Estado que formule o Partido Popular sacrifique os intereses de Galiza no altar dos intereses de Valencia ou de Madrid, que lles interesa só a poboación sen ningún tipo de modulación; eles non están interesados nin no avellentamento nin na dispersión. Polo tanto, señor Feijóo, acordo si, pero desde a boa fe na negociación e desde a lealdade despois no compromiso e no cumprimento dese acordo. E a verdade, a experiencia non é precisamente tranquilizadora.

E cando falo de lealdade, falo tamén doutra cousa. Xa llo dixen pola mañá, eu creo que é un mal negocio utilizar a Galiza como primeiro chanzo na reconquista –como din vostedes– de España. Díxoo vostede antonte no seu discurso, citando a Couceiro Freixomil: “Galiza non é un medio, é un fin”. E se vostede vai ser presidente deste país, por favor, seña presidente deste país, cumpra o mandato estatutario de defender insobornabelmente os intereses de Galiza, de non utilizar o seu cargo e a confianza que lle deron os galegos, que eu non lla discuto, para outro tipo de encomendas e para outro tipo de intereses.

Fixo vostede tamén outras ofertas, pero, como no resto, espero que nolas concrete. En materia de lingua xa hai un consenso; un consenso que construímos entre todos xa desde o ano 83, ou desde o ano 81 se quere que nos remontemos ao Estatuto: o que di o Estatuto de autonomía, a Lei de normalización lingüística e o Plano xeral de normalización da lingua galega. Ese é un consenso, para nós é un consenso de mínimos, pero asumímolo porque pode ser o punto de encontro de todos. Se vostede, amparándose no que dixo –a situación cambiou–, entende que o consenso debe situarse noutro lugar, díganos onde. Díganos se á parte de derrogar o decreto pensa tamén derrogar a Lei de normalización lingüística. É unha reivindicación dalgunhas asociacións que vostedes apoian, pero temos dereito a que nolo digan. Díganos se queren revisar o Plano xeral de normalización lingüística que en setembro de 2004 votamos todos, tamén vostedes, por unanimidade neste Parlamento. E lémbrolle que ese plano establece que no ensino non universitario a lingua galega ten que ter unha presenza, como mínimo, do 50%. Se

quere formular outro acordo, o primeiro que ten que facer é traer eiquí cales son os termos dese acordo e, en función diso, falaremos. Nós entendemos que este consenso é válido e que son vostedes os que teñen que volver ao consenso que entre todos construímos hai xa pois case trinta anos.

Ben, eu penso, señoría, que este debate se produce nun momento de crise económica que non é unha crise máis, é unha crise estrutural, unha crise de modelo –do modelo, por certo, que vostedes apoian, do modelo neoliberal–, unha crise que garda grandes semellanzas con outras experimentadas polo capitalismo tamén no século pasado, nos anos vinte do século pasado, a coñecida como a gran depresión. Lembremos que daquela tamén a crise veu como consecuencia de políticas económicas que levaron a reducir o gasto público, a reducir os salarios, a desregular o sector financeiro e a incrementar dunha forma espectacular uns beneficios empresariais que debido á falta de demanda foron canalizados cara á especulación financeira. As consecuencias son de todos coñecidas.

¿Como se saíu da crise do 29? Pois da crise do 29 non se saíu da man das doutrinas que nos levaron a ela. Daquela crise saíuse cun cambio de modelo, incrementando o gasto público, establecendo un sistema fiscal progresivo, establecendo mecanismos reguladores da actividade económica e da actividade financeira, regulando o mercado laboral para protexer os dereitos dos traballadores e intervindo e reservando o sector público actividades e recursos estratéxicos. Aquela foi a saída e comprobouse daquela que incrementar os salarios e incrementar a protección social, lonxe de reducir a competitividade das empresas, mesmo podía aumentala, porque era precisamente esa demanda inducida por salarios dignos, por salarios altos, o que inducía tamén as empresas a investir e a innovar.

Un presidente norteamericano, o señor Roosevelt, a principios dos anos corenta, resumía a lección que eu creo que todos debiamos ter hoxe aquí presente; dixo daquela: ata o de agora dixéronnos que era o egoísmo e o individualismo a condición para unha economía eficiente, o que estamos a ver pola contra é que é a solidariedade a condición para termos unha economía eficiente; mágoa que desde os anos 40 esta lección fose esquecida e mágoa, señor Feijóo –dígolle de verdade– que vostede non o pareza ter moi presente. Como vaiamos saír desta crise aínda está por ver, o futuro temos

que escribilo nós e penso que vostede a partir desta tarde vai ter un papel singularmente importante.

O que si está claro é que as vellas receitas xa non valen, as vellas receitas xa non valen, e vostede ten un discurso inzado das vellas receitas. Eu fágolle tamén un convite para buscar xuntos os termos dun acordo, os termos que nos permitan construír no noso país un modelo económico e un modelo social máis xusto, máis sustentábel, máis equilibrado, un modelo no que todos nos poidamos recoñecer. Porque cando vostede di: traballemos todos xuntos, agora que hai unha crise, o que nos ten que dicir é en que dirección quere que traballemos, e iso non nolo di.

E, claro, temos que recoñecer que vostedes e nós representamos proxectos políticos moi distintos, eu mesmo diría que antagónicos, democraticamente antagónicos. Eu reivindicoo tamén –e sobre todo en épocas de crise– o antagonismo ideolóxico, alternativas diferentes, posicionamentos diferentes, porque tamén representamos intereses diferentes na base da sociedade.

Nós, os nacionalistas, representamos unha alternativa política transformadora, favorable das maiorías sociais, comprometida coa profundización da democracia e en consecuencia defensora dos intereses de Galiza e da súa identidade e do seu autogoberno. O que vaian ser vostedes e o que queiran representar vostedes empezará vostede a escribilo a partir desta tarde. O que si lle digo é que quizais podo ser inxenuo, porque, como dixo Castelao, os galegos somos xente prudente e de bo sentido, confiamos, confiamos –dicía Castelao–, non temos ningunha fe nos españois pero si témola en nós mesmos e nas ideas que profesamos. Temos confianza en que, efectivamente, vostedes camiñen e poidamos chegar a acordos. Lembro que en tempos duros...

A señora PRESIDENTA: Esgotouse o tempo, vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Si, xa remato, señora presidenta.

En tempos duros, despois da Segunda Guerra Mundial, a dereita europea foi capaz de liberarse de dogmas, de liberarse de preconceptos e de facer seu o modelo do Estado de benestar. Penso, señorías do Partido Popular, penso, señor

Feijoo, que vostede faría ben tamén en liberarse de dogmas, en liberarse de preconceitos e en traballar tamén por crear en Galiza un Estado de benestar para todos e para todas.

De vostedes, señorías, depende, nós ímoslle dar o noso voto negativo, pero se polo camiño nos encontramos, benvidos; nós estaremos sempre alí traballando por unha Galiza máis libre, máis xusta e máis próspera; se queren coincidir con nós, benvidos. (*Aplausos.*)

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Xoaquín Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes de novo.

Eu teño a sensación, señor candidato, de que vostede representou esta mañá aquí todos os papeis da obra, fixo o discurso de quen pecha unha festa de Nadal nun colexio facendo apelación a bos principios, que todos compartimos: ética, verdade, responsabilidade, etc., que eu creo que está moi ben, que todos compartimos pero que sen dúbida non poden formar o nervio dunha actuación política.

Fixo tamén de candidato en campaña, seguiu como candidato en campaña, sen concretar, sen definir, sen fixar calendarios, prazos, sen fixar recursos en cada unha das medidas, sen explicar como se vai facer, simplemente pois con algúns *slogans* repetidos que formarían a base do seu compromiso de goberno –entendo eu–.

Fixo tamén de oposición do anterior Goberno, e fixo de oposición da oposición, cousa que sen dúbida imos ver aquí no futuro pero que tampouco é moi recomendable para sustentar unha acción de goberno.

Fixo de todo iso menos de candidato cabal á Presidencia da Xunta... (*Aplausos*), que a través do Parlamento presenta o seu programa de goberno aos cidadáns. Poderíamos aplicarlle as palabras que pon Homero en boca de Néstor nunha pasaxe da *Ilíada*: “ningún de cantos aqueos hai aquí criticará as túas palabras nin falará en contra pero non chegaches a ningunha conclusión efectiva”. Esta é a realidade.

Tamén teño que dicirlle, señor candidato, que nós tomamos boa nota dalgúns cambios no seu discurso que celebramos, e ademais facémolo sinceramente.

Tomamos boa nota do cambio en relación co chamado Plan de protección do litoral; parécenos que é un camiño na boa dirección, algo que o anterior Goberno, o noso grupo, viña reclamando desde hai tempo; ese compromiso en favor da protección da costa que vostede anuncia é un avance decisivo na boa dirección; felicítoo por iso; parécenos que é un bo punto de partida para seguir traballando nesa dirección e espero que se concrete e se confirme.

Parécenos tamén ben ese compromiso en partir do acordo de competitividade asinado entre o Goberno que aínda está en funcións, os sindicatos e os empresarios o verán pasado; que iso sexa a base para o deseño da política económica que vostede ten en mente parécenos que é dalgunha forma aceptar o programa económico deste Goberno, pero se é así, se é así, felicítoo e paréceme que vai na boa dirección e que ese é un bo punto de partida. Pero tamén teño que dicirlle que a partir deses dous recoñecementos importantes, porque afectan a economía e o territorio, que son dous elementos centrais de acción política, hai moitas outras cousas que necesitan máis explicación.

Vostede facía referencia a aproximadamente cento e pico medidas que contiña o seu discurso nalgún dos apartados e en total cerca de duascenas –non me lembro da cifras exacta–. Pero as medidas –e tomo as negriñas– son, por exemplo, fomento do uso das tecnoloxías da información e comunicación; ben, todos o compartimos, é necesario imbricar a universidade galega na dinámica e desenvolvemento económico de Galicia, unha medida.

Establecer accións mixtas de formación e emprego, perfecto.

Establecer medidas para mellorar a calidade e a estabilidade laboral; ¡ah!, pero non di cales medidas.

Recuperar a oposición de liderado na enerxía eólica. En fin, hai un libro que eu lin hai moitos anos que tiña un título un pouco estraño, “Por un puñado de pelos”, que dicía que, claro, a máxima dun político tiña que ser procurar a felicidade universal; aí estamos completamente de acordo

con vostedes, señor Feijóo, pero a acción política necesita ademais concreción, necesita de definición, e iso é tamén o que lle pedimos, e imos axudarlle, modestamente, desde o noso cometido de oposición.

Eu non me vou referir ao portavoz do seu grupo, simplemente indicar que creo que como oposición temos non só o dereito senón a obriga de manifestar con claridade a nosa posición política, e que para iso estamos aquí, e que xustamente o debate de investidura ten entre outras cousas esa misión, e polo tanto imos intentar facelo, imos intentar que nos explique cando, como e para que, con que recursos vai cada unha das súas medidas, intentar que nos diga algo máis.

Fíxese. Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados ás familias numerosas. Eu dígolle: apliquemos un criterio de necesidade, apliquemos un criterio de capacidade de pago; o que nos está proponendo é que un parado ou un pensionista pague todo o imposto mentres que unha familia numerosa de alta renda e dun elevado patrimonio pague moito menos (*Aplausos*). ¿Aplicarase igualmente para as vivendas de 100.000 euros que para as vivendas de 500.000 euros? ¿Para unha primeira vivenda que para unha segunda residencia de luxo que sexa unha familia numerosa? ¿Estanos dicindo que pagará a metade polo imposto de transmisións patrimoniais por unha residencia unha familia numerosa de fóra de Galicia que un parado de Vigo con dous fillos? ¿Iso é o que nos está dicindo? Porque se é iso dígao aquí, recoñézanos iso.

Eu o que lle propono é que nas reformas impositivas en todas elas aplique un criterio de capacidade de pago.

Tamén debe aclarar –porque no texto do seu discurso non queda claro– se a medida do IRPF é para todos ou só para unha parte dos contribuíntes, porque non o di; nun sitio di para todos e noutro di para unha parte. E en todo caso debe de aclararnos tamén que pasa cos que non tributan para o IRPF, ou están por debaixo do mínimo exento, do mínimo familiar ou do mínimo individual, ¿que pasa con eles? Que non o van recibir, non o van recibir. Ben.

Por certo, imposto de transmisións patrimoniais. Claro, o que nós está dicindo é que isto se aplica a vivenda usada

pero non a primeira vivenda, señor portavoz do Partido Popular; isto non afecta, en todo caso prexudica ao mercado inmobiliario, porque é para a vivenda usada, non para a primeira, que tributa polo IVE, e por tanto que hai unha discriminación entre os que compran primeira vivenda e os que compran segunda; isto é así, pero hai que dicirlles a verdade aos cidadáns, vostede mesmo o di: hai que dicirlles a verdade aos cidadáns; ¿isto é así ou non é así? Eu creo que si.

Ben, e hai outras cousas que tamén necesitan máis aclaración. Vostede fala de reforzar a educación pública. Eu creo que se está facendo un esforzo moi considerable; se a vostede lle parece insuficiente tería que dicirnos: vou incrementar cando menos na mesma porcentaxe nos próximos catro anos os recursos para educación pública que se fixo nestes últimos catro, polo menos un 33 %; vou duplicar cando menos as prazas de educación infantil na vindeira lexislatura, e manteño a miña promesa de campaña de gratuidade, para todos –que é o que vostede prometeu en campaña, non estou dicindo nada estraño–. Porque está moi ben o discurso sobre a familia, a min paréceme moi ben ese discurso, pero eu creo que mellor que falar de familias ficticias, abstractas, dunha familia abstracta, é mellor falar das familias concretas, daquelas que teñen fillos que levar á gardería, e para iso hai que poñer en marcha un programa de construción de escolas infantís, para iso hai que poñer en marcha unha lei de dependencia –cando hai persoas ás que hai que atender, persoas maiores que hai que atender–, para iso hai que poñer en marcha un programa, como fixo este Goberno, un Programa Aurora para incrementar o emprego feminino, porque iso é o que dá máis oportunidades para as familias. En concreto, realmente esas son as cousas con que vostede se debe comprometer.

Díganos tamén que vai igualar cando menos o esforzo feito en termos orzamentarios na sanidade pública nos últimos catro anos, que aumentou un 39,%; díganos que se compromete a non entregar a sanidade pública con débeda, díganos que se compromete a manter o período de pago que ten nestes momentos nun mes, que antes era moito peor.

Díganos que se compromete a que ao final do seu mandato –póñollo fácil– cando menos o 50 % do emprego total sexa feminino e as mulleres sexan menos da metade ou a metade do total dos parados, porque iso é posible simplemente con manter os incentivos que están previstos no Plan

Aurora, que forma parte ademais do acordo de competitividade ao que vostede fixo referencia.

Díganos tamén que non vai tolerar en ningún caso a apertura de novas instalacións nas zonas protexidas pola Rede Natura. Díganos tamén que ten previsto duplicar –porque é posible– nos próximos catro anos o número de hectáreas cubertas por esta rede, e con iso ampliar decisivamente o territorio protexido de Galicia.

E en relación coa súa promesa con Ence, ten interese para o noso grupo e supoño que para esta Cámara e para os cidadáns saber que cando di de reemplazar a súa ubicación por outra na comarca de Pontevedra, ten interese saber se se refire aos próximos catro anos ou non ou se é unha promesa *ad calendas graecas*. Ten interese saber tamén se se compromete cando menos a que utilizará todas as ferramentas que vai ter na súa man para impedir a prolongación da actual concesión. Sería bo un compromiso firme nesta dirección.

En relación co desemprego, díganos que, cando menos, vai estender a cobertura aos parados outros seis meses, complementando a acción do Estado, por medio dun convenio ou por outra fórmula similar. Isto sería moi importante para esta Cámara. Vostede di que agora hai unha cobertura menor. Non é verdade, ten un error aquí –vou ser suave–; aquí ten un error. A cobertura dos parados a finais do ano 2004 era do 47%, a cobertura aos parados o último dato é do 60%; por tanto, hai un incremento da cobertura que, entre outras cousas, ten que ver con que a incorporación ao paro nos últimos meses é procedente do mercado laboral e non da inactividade como antes. Por tanto, a taxa de cobertura é superior, o número de parados sen cobertura é inferior á que vostedes deixaron. Pero non ten que ver, é certo que este é un problema que se vai agravar nos próximos meses, todos o sabemos, por iso é bon que utilice ao máximo as capacidades de auto-goberno, igual que está facendo Castilla-La Mancha –vén hoxe na prensa–, para aumentar a garantía que teñen aquelas persoas que están hoxe en paro ou que van a estalo no futuro. Díganos que vai utilizar os recursos da Xunta de Galicia para comprometer, cando menos, a contratación de 20.000 traballadores desempregados máis con programas da Xunta.

Recoñeceu –paréceme importante– que a taxa de paro do último cuarto trimestre do ano pasado –a última publicada do paro EPA– era do 9,7%. Vostede dixo: Eu deixei no co-

oito e pico. Non, non é verdade. A última taxa –xuño do ano 2005, eleccións xa celebradas– era do 11,1%. Pero voulle dicir máis, voulle dicir máis –teño aquí os datos–, voulle dicir máis: a taxa do 9,7 é inferior a calquera taxa de paro EPA de todo o período Fraga; non dun trimestre, de todos os trimestres do período Fraga. Por tanto, esa é a realidade.

E, en relación co emprego: cuarto trimestre do ano 89, 1.061.000 empregos en Galicia; cuarto trimestre do ano 2004, 1.105.000. En quince anos, 44.000 empregos adicionais; en catro anos, cuarto trimestre do ano 2008, 1.095.000, 90.000 empregos adicionais en catro anos. Estas son as cifras. Non se pode dicir: vostedes non crean emprego, nós si, porque non é a verdade, non é a verdade con series oficiais longas como as que se deben utilizar, non é a verdade.

Dous temas importantes que saíron aquí en relación co galego, en relación co Estatuto. Vostede sabe coma min que os alumnos procedentes dun medio galegofalante rematan o ensino obrigatorio falando perfectamente galego e castelán e que, en cambio, á inversa non sucede. Se se trata de equilibrio, do que se trata é de poñer os medios para que ese equilibrio poida obterse, e iso é o que ten que explicarnos: cómo o vai facer. Eu pídolle tres compromisos, en relación con este tema, para poder establecer un consenso razoable sobre unha cuestión central para o noso país: primeiro, manteñamos os consensos que xa existen, que veñen do pasado, e nos que o seu partido participou. Segundo, respectemos, por tanto, as normas que aprobaron vostedes cando tiñan maioría absoluta e que en moitos casos nós tamén apoiamos. Segundo, manteña o consenso; manteña o consenso por tanto tamén sobre a elaboración do novo decreto do galego, como vostede se comprometeu aquí hai dous días. E, terceiro, liberdade e normalización lingüística con igualdade de dereitos; por tanto, que nesta materia todos, desde os monolingües en castelán ata os monolingües en galego, deben ter os mesmos dereitos. Eu, se quere que lle explique moi rapidamente a nosa posición, voulle citar un texto pequeno do primeiro Risco, que di así: “Non queremos que se perda o galego, defendémolo con afervoramento, con sacrificio; pero non queremos que o castelán desapareza de Galicia. Queremos a paz e a igualdade dos dous idiomas”. Sobre estas bases é posible un consenso.

En relación co Estatuto, vostede prometeu gobernar en coalición cos cidadáns. Como non vai poder ser un a un, supoño que terán en conta aos que representamos un con-

xunto numeroso dos cidadáns. ¿Vai promover, a través do seu grupo parlamentario, a constitución dunha comisión para a reforma do Estatuto, como a lexislatura anterior, que parta ademais dos consensos xa acadados nesta Cámara que afectan a máis dun 80% do texto? Se se quere o consenso e sacar as cousas adiante e non se quere facer *tabula rasa* do pasado –como vostede prometeu–, isto é o que hai que facer. Sobre esa base ofrecémoslle tamén a posibilidade dun consenso.

Ofrézolles tamén –e xa vou rematando, señora presidenta– a nosa colaboración para preservar a estabilidade financeira...

A señora PRESIDENTA: Grazas. Por favor, dous minutos.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:... do sistema de caixas de aforro en Galicia que poida incluír, porque o propoñen os tres grupos, unha nova lei reguladora que manteña o seu carácter e a súa xestión profesionalizada. O importante non é se hai políticos ou non hai, porque hoxe xa hai políticos nas caixas galegas, nos seus consellos de administración. Pero trátase de manter a súa xestión profesionalizada, que as adecúe aos tempos e, sobre todo, que reforce a súa fortaleza para poder seguir prestando servizos ao conxunto da economía e da sociedade galega nun contexto máis difícil.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor don Manuel Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, presidenta.

Señorías, pois a pesar de todo o escoitado hoxe á tarde, querido presidente, non o debeu facer vostede tan mal, porque a verdade é que os vin bastante apagados. Eu creo que o que necesitamos tamén é forza nesa oposición, que eu supoño que farán con moita máis unión na oposición que no Goberno. Espero que verdadeiramente funcionen vostedes como un bipartito na oposición, que foi o que tamén funcionou no Goberno. Pero eu creo que, claro, para empezar a entender, que empeza pola letra “e”, habería tamén que empezar a atender, que empeza pola letra “a”, e calquera

sabe, evidentemente, o abecedario. E vostedes, se non atenden, é difícil que entendan, e hoxe entenderon moi poucas cousas.

Vostedes seguen instalados no seu conformismo, seguen instalados na súa autocompracencia. A nós parécenos moi ben que vostedes defendan a xestión do seu bipartito. Pois ben, se o defenden, déanlles o trato digno que ten que ter aos artífices precisamente da súa xestión. Porque, se non, estarán enganando a todos os galegos defendendo un proxecto cando non son capaces de defender as persoas que o levaron adiante. (*Aplausos.*)

Tamén creo que vostedes seguen vivindo de costas ás necesidades de Galicia. Quizá están mirando máis as súas necesidades. Decía o señor Aymerich –e por unha vez vou a coincidir con el– que hoxe creu que se equivocaran de debate. É que vostede equivócase sempre. (*Risos.*) Efectivamente, hoxe á mañá só había dúas persoas que puideron estar contentas co seu discurso: o señor Beiras e o señor Guillermo Vázquez. E hoxe á tarde ningún. ¡Noraboa!

Señor Aymerich, eu creo, sinceramente, que seguir metendo etiquetas do vello e do novo cando fai simplemente un mes lles dixeron os galegos a todos vostedes que os resesos son vostedes... Ben, pois sigan defendendo o que non vai gobernar en Galicia estes catro anos, sígano xa defendendo, porque nós si entendemos a mensaxe, e a mensaxe é non cometer os seus erros; e seguramente a mensaxe é non cometer moitos dos erros que temos cometido no pasado. (*Aplausos.*) Por iso o candidato falaba de reformar este país sen ter que dar volta atrás. Porque, orgullosos do noso pasado, orgullosos do que temos feito por ese país, sabemos que agora nos reclaman un novo camiño, que queremos andalo con vostedes. Se queren facer oposición, noraboa, conseguírono. Pero eu creo que tamén podían mirar destas bancadas que, cando fomos oposición, tamén fomos quen de apoiar o Goberno no máis do 50% das súas iniciativas, e iso chámase responsabilidade. E vostedes empezan o camiño na oposición con todo menos con responsabilidade.

E falamos e seguimos falando de dúas galicias, de dividir a Galicia, de que non teñen fe nos españois, cheguei a escoitar aquí. Pois entón non teñen fe en Galicia nin nos galegos, porque somos... Si, porque somos o mesmo e orgullosos diso. E, como vostedes non escoitan e vostedes son

vostedes, pois así só están o 15% dos galegos con vostedes. Pero é que se equivocan os outros 85%, ¿como non saben ver o que vostedes contribúen, como dicía o señor candidato, a facer unha Galicia de todos? Son vostedes claramente ese exemplo.

Pois ben, eu creo que o candidato ofreceu hoxe mostras evidentes de que se poden facer as cousas de formas diferentes. E contou co seu respaldo, transmitido a través do diálogo que vai ofertar aos grupos. Vólvolle repetir, teñen vostedes dúas opcións: opoñerse antes, con réplica escrita ou sen ela, con oposición escrita, antes de empezar con 100 días ou sen eles; ou poden, ¿verdade?, pois contribuír coas súas aportacións, pero sobre todo coa súa boa fe, a que entre todos escollamos as mellores solucións.

Pero hoxe eu crin que aquí non estaba no debate de investidura. Crin, é verdade, que seguíamos cun debate, pois, de política xeral, o mesmo que celebramos fai poucas datas. Porque aquí se veu defender –volvo repetir– ideas, conceptos, proxectos, que os galegos non quixeron ratificárllelos nas urnas. Polo tanto, creo unha vez máis que se equivocaron vostedes, si efectivamente, de discurso. E claro que non cuestionan que nós ganamos as eleccións, en alto, aquí; cuestiónano polo baixiño, iso si o cuestionan. Porque o Partido Popular, para gañar as eleccións, ten que gañalas por maioría absoluta; se non, como aquí se fixo, pois xa se suman os votos do bipartito. Volvo repetir: volvan vostedes ás hemerotecas, miren todos os votos que había nas urnas, ¿verdade?, e alí verán como as urnas estaban cheas de votos desta color, e superaban eses votos á suma de vostedes dous. Pero, superando ou non, segue tan lexítimo ese goberno como se non o fixera. E, polo tanto, deixen vostedes polo baixo de cuestionar o que están a cuestionar porque o seguinte ao que vemos polo retrovisor está a 200.000 votos, e os outros, desgraciadamente, non sei en que curva veñen, pero non os damos visto nunca (*Aplausos.*), pero son os que parece que sempre teñen a razón.

Falaron tamén de lingua, de que había consenso na lingua. Vostedes realmente, despois de catro anos de goberno, ¿están satisfeitos da súa política lingüística? ¿Están satisfeitos e realmente cren que nas rúas, nas aulas, hai en verdade harmonía lingüística? Ou sexa, ¿vostedes cren sinceramente? Non, non se me ría, señor Suárez Canal. Eu o galego aprendinllo á vez que tomaba o biberón case; outros tiveron

que ir á universidade e aportuguesalo para falalo. Eu non, mire, sonlle de Ribeira, ¿sabe? Polo tanto, é moi difícil que a estes homes e ás mulleres deste lado de aquí (*Aplausos.*), que queremos e amamos o noso idioma, que nos dean vostedes leccións diso. Porque durante moitos anos precisamente esa convivencia pacífica co idioma debeuse a que aquí gobernou un partido que se chamaba Partido Popular, e debeuse a un plan de normalización lingüística. E se alguén incumpriu ese plan e esa lei foron vostedes con aquel decreto, non sei se diría con nocturnidade ou con demasiado madrugar, porque saben agora que mandaron aquel fax a este partido, ¿non? Pero ben, se vostedes cren que sinceramente o mellor camiño de todos para que se respecten as dúas linguas, para que non sexa un motivo de confrontación calquera das dúas linguas, é o que vostedes levaron, eu xa lles digo desde aquí que non é o modelo que imos levar nós, porque temos que reflexionar por que o galego nin máis nin menos está perdendo falantes se estaban os garantes dese idioma que din ser vostedes. Pois xa ven que as políticas que aplicaron levaron totalmente polo camiño contrario.

E dicía, por unha parte, o señor candidato que tiña que concretar tanto e tanto e tanto que eu creo que na reforma regulamentaria o que temos que facer é que este segundo debate non sexa 48 horas despois senón, a poder ser, 48 días despois. Porque se en verdade non saben vostedes ver o que é marcar as liñas estratéxicas, as medidas que se van tomar, e non saben ver que sobre cada unha desas medidas se podían facer unhas xornadas e un máster sobre o que é competitividade ou calquera outra das medidas que anunciou vostede, é que sinceramente queren sacar absolutamente de contexto o que foron as 179 propostas que fixo o que vai a ser o presidente de Galicia.

Pois ben, dicía o señor Leiceaga que o imposto de transmisións patrimoniais, xa que dixeramos absolutamente como ía ser, supoño que si llo di o candidato, pois xa o poderemos aprobar por lectura única, ¿non? Porque a verdade é que parece mentira que a vostedes non lles chegue que anunciara unha política tributaria propia ou que anunciara que vai rebaixar o IRPF para 600.000 galegos, os de rendas máis humildes. A vostedes non lles chega ou non lles parece suficiente que vaíamos acabar o que comezamos, que é derrogar alí a onde chega a nosa competencia o que é imposto de sucesións e doazóns, o que vostedes non foron capaces de facer. E dicía o señor Leiceaga: Pois se só pagan

o 10%. ¡Home, pois non foran tan tacaños! Polo 10%, mire, ¿verdade?, quedarían e non se evitarían ter que reformar a lei ¿verdade? Porque sabe que deron, deron lugar... Porque falaba da capacidade de pago. ¿Por que non o fai segundo a capacidade de pago, dicía o señor Leiceaga? ¿Pode vostede dicir, e todos os que me moven a cabeciña así, que o actual imposto de sucesións e doazóns está pensado na capacidade de pago? ¿Quer vostede dicir que ao fillo menor, ao fillo maior se lle está mirando a renda ou a capacidade que ten diso? ¿Querme dicir vostede que ao fillo que herde ou ao fillo que non herda estamos buscándolle a capacidade de pago? Mire, déixese de monsergas, porque a verdade é que vostedes fixeron un imposto discriminatorio dentro do mesmo concepto, dentro da mesma familia, e, aínda por encima, discriminatorio co que eran outras autonomías deste país chamado España.

Polo tanto, eu remato, compañeiros, pero remato como remataba esta mañá. Nós queremos darlle sinceramente as grazas ao pobo de Galicia. Dicía que se en algo nós quixemos pasar neste día é por darlle unha normalidade ao que foron os resultados destas eleccións. E dicía que fai catro anos todo aquilo era histórico, histórico, histórico. Eu só vou nomear unha vez a palabra histórico, porque si é histórico que un partido, catro anos despois, volva recobrar a maioría absoluta, porque iso non o fixera nunca na historia democrática de España, e iso, nin máis nin menos, débese ao que lle dicía á mañá, que queremos representar a maioría social dos galegos, que queremos parecernos aos galegos, e querer parecernos aos galegos é querer parecerse a todo o que eles significan, sóelles a algún alleo ou lles soe a algún propio. Pois ben, ese agradecemento quero dárllelo a todos os compañeiros que estiveron no Grupo Parlamentario Popular, quero dárllelo a todos os que hoxe están aquí, quero darllo ao Partido Popular e aos seus afiliados, quero dárllelo a todos eses militantes de base, quero darlles a todos eses alcaldes e presidentes de comité locais, que, co seu esforzo, foron capaces de espallar por toda Galicia a nosa mensaxe, moito máis que a TVG os logros deste Goberno. (*Aplausos.*) Pois ben, a todos eles, moitas grazas por facer, nin máis nin menos, sentirnos unha vez máis orgullosos deste partido e por darlles as grazas a todos os galegos. Sabemos que agora comeza o máis difícil, pero temos feito moitas cousas máis difíciles, e iso faise con traballo, con dedicación. E esta xente, estes homes e mulleres, non lle caiba a menor dúbida, señor Núñez Feijóo, que vai a telos ao seu lado con ese tra-

ballo e esa dedicación, para que o seu Goberno sexa un goberno para Galicia e para todos os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

Se o señor candidato quere facer uso do seu dereito de dúplica, ten a palabra.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, antes de dar a mensaxe de peche deste debate, quixera facer algunhas consideracións en relación coas actitudes e os comentarios dos voceiros dos grupos parlamentarios, que, polo que se ve, polo menos un deles, xa anunciou a negativa a apoiar a investidura, e outro supoño que ata o último momento teremos a posibilidade de contar, polo menos, coa súa abstención. En todo caso... Digo que non se anunciou o sentido de voto e, polo tanto, eu albergo esperanzas, como corresponde.

Quero dicirlle, señor Aymerich, que, se en algo vostede se sentiu insatisfeito coa miña actitude desta mañá, teña vostede a seguridade de que o retiro. Quero dicirlle tamén que, se as miñas palabras, aínda que algunhas delas lles gustaron, pois o meu ton ou a miña linguaxe corporal non lle gustou, pois o lamento profundamente; fíese vostede moito máis das palabras que dalgúns xestos. Eu non me vou fiar, nin sequera, dalgunhas das súas palabras, porque as vou ter por non ditas.

Vostede esta mañá me acusou de ser discípulo dun tal Fernández de la Mora, personaxe que non tiveron a sorte de coñecer. E esta tarde incluso me comparou con Millán Astray, tampouco teño a sorte de coñecelo. Polo tanto, señoría, estou convencido que vostede, igual ca min, sabe que eu non teño patrocinadores; non teño ningún patrocinador, de ningún tipo, nin de compañías eléctricas nin de compañías eólicas nin de compañías construtoras. Os únicos patrocinadores que me levan a poder estar aquí, neste momento, a desempeñar esta gran alta tarefa son as 800.000 galegas e galegos que votaron libremente (*Aplausos.*) nas urnas o pasado 1 de marzo; os únicos, señoría, os únicos. (*Aplausos.*)

Señoría, pódolle asegurar que cando me despida das miñas responsabilidades –que xa sei que me queda un mes menos para ser presidente da Xunta de Galicia dende o día 1 de marzo, porque xa estamos a mediados de abril, e xa estou preparado para despedirme desas responsabilidades–, pódolle asegurar que lle estarei dicindo o mesmo: non teño ningún patrocinador, señor Aymerich; o que puideron facer na miña vida profesional, na miña vida política, a confianza dos meus compañeiros e do meu partido, e máis nada; é moito, pero máis nada.

Señorías, eu agradézolle moitísimo, señor Aymerich, igual que ao señor Leiceaga, o cambio de ton desta segunda réplica, porque creo que é máis positivo para a sociedade galega esta tarde que o discurso desta mañá. Creo que é máis positivo, aínda que vostede me dixo que fixera un discurso, en fin, como un peche dunha festa do nadal, sen concretar nin definir, un discurso en campaña. Eu diría, señorías, un discurso completo, fixen un discurso realmente completo, porque fun capaz de facelo todo á vez. Iso vou telo, polo tanto, como unha nota positiva e en ningún caso como unha nota negativa.

Señoría, eu non teño ningún inconveniente en que vostede diga que eu coincido no Plan do litoral, ningún inconveniente, porque me sinto tan seguro de que vostedes están coincidindo co que queríamos facer que non teño ningún problema para que vostede interprete o contrario. No ano 2005, queríamos facer un plan do litoral, deixámolo encargado; agora imos chegar á consellería no mesmo xeito, sen facer o Plan do litoral, e o 17 de maio tendo que tomar unha decisión.

¿Cren vostedes que eu son o que coincido ou polo contrario vostedes, se volveramos a moviola cara atrás, farían ese Plan do litoral e non estaríamos na situación na que estamos? Pero, se vostede cre que eu coincido con vostede, non teño ningún problema, non me importa coincidir, como non me importou coincidir aquí pra dicir que o Plan de competitividade cos sindicatos era unha boa ferramenta, aínda que nin nos chamaron nin nos consultaron nin nos pediron nin sequera opinión, de ningún tipo, sendo o partido maioritario o que gaña as eleccións. Señor Aymerich, non soamente aceptamos a situación electoral do ano 2005, senón que fomos ás bancadas da oposición, despois de gañar as eleccións, pero sabendo que a aritmética parlamentaria facía que

por un deputado non puideramos gobernar; a mesma aritmética parlamentaria que agora fai, señorías, que por dous deputados, e por un despois do voto da emigración, poidamos gobernar. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señoría, hai algúns que están agora falando da calidade do voto emigrante. Recordo que no ano 2005, cando quedaba por escrutar o voto da emigración, os que agora están pedindo a mesma lexitimidade para o voto da emigración dicían que en ningún caso ese voto da emigración podería cambiar o resultado das urnas e levar o Partido Popular ao Goberno, exactamente os mesmos, señoría, exactamente os mesmos. (*Aplausos.*) Por iso creo que o que temos que facer –e dende logo lle pido dende xa o apoio– é que nunca máis volvamos estar como estivemos; que o voto da emigración, ben a través do voto en urna ben a través do voto electrónico, teñamos a seguridade que vén nunha caixa de cristal, igual que o resto dos votos de Galicia, porque, se non, señorías, poderíamos estar ante unha anomalía democrática que non existe en ningún país de Europa.

Señor Leiceaga, dime vostede que non concreto as medidas. Mire, señor Leiceaga, o Plan de competitividade 2008-2011, que vostedes asinaron, ¿pódeme dicir unha soa cifra dese Plan de competitividade? ¿Pódeme dicir un só prazo? ¿Pódeme dicir un só obxectivo concreto, específico? ¿Pódeme dicir algo, realmente, algunha medida concreta ao Plan de competitividade que vostedes asinaron? Nós imos sentarnos cos sindicatos para encher de cifras, para encher de obxectivos e para encher os prazos dese Plan de competitividade.

Por iso, señoría, cando vostedes nos acusan de non ter un programa político, ¿vostedes queren dicirnos que o programa político desde fai un mes é disinto ao seu? ¿Quere dicirme que cando nos últimos cinco anos o programa económico do Partido Socialista Obrero Español era do señor Solbes estaba ben, e agora que é da señora Salgado o do señor Solbes estaba mal? ¿Quere dicir, realmente, que vostedes teñen algunha proposta económica para España e, en consecuencia, tamén para Galicia?

Señoría, cando vostede me aprema para concretar exactamente cuestións específicas, porcentaxes, datas, téñenas todas no programa electoral. Pero cando vostede non quere dicir aquí que o presuposto que fixeron simplemente hai que

reformalo na súa totalidade, porque todas as previsións de crecemento, todas as previsións de emprego, todas as previsións de ingresos se desmoronan, como se desmoronou a súa política económica, ¿non se dá conta, señor Leiceaga, que segundo os datos do primeiro trimestre deste ano hai unha redución do imposto de transmisións –imposto cedido á Comunidade Autónoma– por enriba do 25% aos ingresos previstos no seu presuposto?

Señorías, ¿cales son os ingresos, realmente, que temos? Supoño que a partir do luns o imos saber; de momento non o sei. ¿Como está a recadación dos ingresos do presuposto do ano 2009? ¿Por que non temos esa información? ¿Como podemos concretar, exactamente, cales son as nosas partidas, cando non sabemos nin sequera co presuposto que contamos?

Señoría, creo que é razoable a súa postura de intentar buscar puntos de encontro, e por iso eu a saúdo.

Mire, señoría, vostede criticou a nosa proposta de modificación da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Ratifícome nela, hai que facelo, imos facelo. Mire, vostede dixo que enganabamos a xente porque iso soamente vale para as segundas vivendas e non para a primeira vivenda. Señoría, ¿vostede cre que a xente non sabe que iso soamente vale para a segunda vivenda? É que a primeira paga o IVE e a segunda paga transmisións. Claro, señorías. Pero se vostedes queren baixar o IVE, se queren baixar o IVE para a primeira vivenda, iso pódeno facer vostedes; o seu partido pode, neste momento, anunciar unha baixada do IVE para as familias numerosas e para os menores de 35 anos cando adquiren unha vivenda. Fágano, fágano, e aplaudímolo, pero non nos bote a nós a culpa de non facer o que non podemos facer.

E o que non me gustaría é que vostede aquí critique que imos rebaxar o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para as familias numerosas e para os menores de 30 anos cando adquiren unha vivenda, que o critique aquí e o faga exactamente en Aragón e o faga exactamente en Cataluña. ¿Que ocorre? En Aragón vostede rebaxan do 7% –o imposto de transmisións patrimoniais– ao 3% ás familias numerosas e en Aragón está ben e en Galicia está mal. En Aragón vostedes rebaxan o imposto de datos xurídicos documentados do 1% ao 0,3%, e alí está ben

e aquí está mal. Señorías ¿e en Cataluña? ¿En Cataluña pódese rebaxar tamén ese imposto ao 5% aos xoves menores de 32 anos e aquí non se pode?

Señoría, é importantísimo manter a coherencia, porque, se non mantemos a coherencia, non somos capaces de tirar para diante. Mire, eu interpreto, efectivamente, que vostede está preocupado, igual ca min, de facer unha proposta regresiva e, polo tanto, inxusta en materia tributaria; eu tamén. E pódolle asegurar que non traeremos á Cámara algo que se poida considerar inxusto, pero vostede tamén estará comigo que as familias numerosas de máis de tres fillos –tres ou máis– teñen máis dificultades para adquirir unha vivenda. E os xoves de 30 anos, ou 35 anos, teñen moitísimas dificultades para adquirir unha vivenda. E, polo tanto, ou lle axudamos ou, lamentablemente, estarán en peor situación, sobre todo, como vostede di, se algúns dos seus membros xa están no paro, porque iso, lamentablemente, está ocorrendo.

Polo tanto, señoría, créame, non imos traer aquí ningunha cuestión que a vostede lle pode soar mal, e, se non, nós explicarémolo, intentaremos que vostedes estean de acordo e, se non están de acordo, como é lóxico, pois buscaremos, se é posible, poñernos de acordo.

Gustárame, efectivamente, poñernos de acordo no tema da lingua, porque creo que é bo. Creo que é bo poñerse de acordo no tema da lingua, e eu saúdo moi positivamente a súa frase que eu intentei trasladar esta mañá de “si” á normalización lingüística e “sí” á liberdade lingüística. Eu saúdoa. Vostede me propón retomar o consenso que eu lle propuxen durante a campaña electoral e que durante a lexislatura vostedes saben que o romperon. E saben que o romperon incluso en contra do informe do Consello Consultivo de Galicia; en contra. Se nin sequera se acepta iso, é difícil adquirir un consenso. Pero, en fin, eu vou seguir a intentalo.

Miren, ¿vostedes estarían de acordo con consultar os pais si ou non? Nós, si. Vostedes... Hai algunha deputada que di: ¿Para que? (*Risos.*) ¿Para que consultar os pais, se nós aquí xa lle dicimos aos pais o que teñen que facer, a todo o mundo, claro? E, se non fan o que nós dicimos, como é natural, pois é unha sociedade inxusta e analfabeta. (*Aplausos.*) Mire, eu vólvoo reiterar, eu volvo reiterar: ¿vostedes estarían de acordo con consultar os pais? Digo: nós, si. ¿Vostedes estarían de acordo en facer un ensino trilingüe? Nós, si. Eu

comprendo que hai algúns que rin porque poden mandar os seus fillos a Inglaterra a estudar. (*Murmurios.*) Insisto, insisto, non se rían dos temas importantes do país. (*Aplausos.*) Non se rían dos temas importantes do país. (*Aplausos.*)

¿Vostedes estarían de acordo en dar liberdade aos alumnos para que poidan dirixirse ao profesor en calquera das linguas, salvo cando se dea clase de lingua española ou de lingua galega? Nós, si. ¿Vostedes estarían de acordo en que os alumnos poidan facer o exame en lingua galega ou en lingua castelá, á súa libre elección, salvo cando se trate de facer os exames de lingua galega ou de lingua castelá? Nós, si. Señorías, se estamos de acordo nisto, estou convencido de que imos consensuar a nova proposta do galego, estou convencido.

E creo que este tipo de preguntas son preguntas que non se está facendo soamente o candidato á presidencia da Xunta; son preguntas que se están facendo milleiros de pais e de nais que votaron ao Partido Socialista Obreiro Español e seguro tamén que votaron ao Bloque Nacionalista Galego. Escóitenos un pouco máis, escoiten a eles un pouco máis, se non nos queren facer caso a nós. Escoiten os seus militantes un pouco máis, que lle daremos un bo servizo ao país, sen dúbida, sen dúbida. (*Aplausos.*)

Señorías, eu quero pechar esta sesión de investidura que chega ao seu remate para reiterar a esta Cámara os compromisos con que abría a mesma sesión de investidura o pasado martes. Quero recordar os compromisos que asumín e quero recordalos de forma solemne e explícita nos últimos momentos da miña intervención, antes de votar polas súas señorías.

Pido a confianza desta Cámara para que nestes momentos de crise e incerteza económica o Goberno debe liderar a unión de todos os galegos e de todas as galegas. Non estamos nun suposto excepcional, estamos nun suposto excepcionalísimo. O Goberno ten que tentar, e dende logo tentará, mobilizar o mellor das cualidades das nosas xentes, dos traballadores, dos servidores públicos, dos empresarios. A acción do Goberno non estará supeditada a apriorismos ideolóxicos nin dogmáticos. Sabemos que diante da crise non caben solucións nin receitas máxicas, soamente caben, señorías, pactos, acordos e consenso; soamente caben pactos, acordos e consensos para mellorar a situación e non caben, pola contra, dogmatismos nin imposicións nin divisións.

Por iso cremos fundamental que o Goberno non debe contribuir a fomentar as disensións sociais. Dixen e reitero que a cohesión da nosa sociedade en torno a uns valores compartidos é un dos bens máis prezados que temos na propia sociedade. Uns bens, uns valores compartidos que se reflicten directamente desde as nosas normas fundamentais: dende a Constitución española de 1978 e dende o Estatuto de autonomía de 1981. Uns valores que levan a uns principios; principios como os de igualdade de acceso a un traballo no sector público; principios como os de igualdade tamén a un posto de traballo no sector privado, onde unha muller non pode estar condenada, ocupando o mesmo posto, a un salario distinto que un home; principios como é o de respecto á liberdade das persoas; liberdade das persoas –insisto, liberdade das persoas– que non debe ter máis limitacións que as previstas na Constitución, no Estatuto e nas leis. Un goberno cohesionado, que traballe con honestidade para mellorar as cousas.

Xa sei que a democracia é o xogo da alternancia política e xa sei que aos que nos poida tocar gobernar temos o deber de utilizar os instrumentos para mellorar as condicións de vida da sociedade. E xa sei tamén que ao que lle toca estar na oposición ten a obriga de denunciar o que pense do que o Goberno fai mal e ten a obriga tamén de presentar alternativas fronte ás propostas do goberno. Pero tamén sei que as democracias que teñen máis éxito no mundo son capaces de que os seus representantes se poñan de acordo nos grandes temas do país. Creo que o pobo galego ten dereito a aspirar a isto.

Señorías, o pasado martes ofrecín aos grupos desta Cámara seis grandes pactos, seis grandes acordos moi concretos. Dous deles en política económica, dous deles en política de benestar e dous deles en política de autogoberno. Quero reiteralos para finalizar. Queremos acadar un gran pacto en torno ao Plan estratéxico da economía para a lexislatura baseado no acordo de competitividade que subscribiu este Goberno. É necesario incrementar a competitividade da nosa economía e é necesario impulsar as infraestruturas de transporte; e é necesario pactar e despois facer o seguimento do tren de alta velocidade, que non chega, e das autovías, que non comezan. E é necesario e é fundamental que Galicia planifique e ordene o seu territorio; e é necesario que conquiramos realmente o sono desa Galicia cidade única; e é necesario aprobar as directrices de ordenación do territorio este ano; e é necesario aprobar o Plan do litoral este ano, antes de que remate este ano, é dicir, no 2009. E é necesario,

señorías, reformar a Administración para adaptala xustamente aos momentos nos que estamos, e para iso temos que contar cos empregados públicos. E ese pacto, en definitiva, polo futuro de Galicia; é o futuro de Galicia sen dúbida un interese –estou convencido– que todos compartimos na Cámara.

En segundo lugar, é necesario un gran acordo pró financiamento da nosa Comunidade Autónoma. Todos nos beneficiamos ou todos nos prexudicamos. Creo, polo tanto, que merece a pena intentar; intentar non soamente que se fale de dispersión, envellecemento, emigración, senón que teñan sido en conta dunha forma clara e concreta; intentar que o factor de poboación non prexudique a medio e longo prazo os intereses do país; intentar que, por conseguir unha serie de millóns de euros pra que poidamos nós levar mellor adiante a lexislatura, non prexudiquemos os que nos sucedan por unha mala negociación no financiamento autonómico.

E por iso eu reitero ese pacto, e eu reitero un pacto tamén na educación, porque sei que a educación é clave en todos os momentos e nos momentos de crise dunha especial atención. Un pacto na educación sobre a educación non universitaria, e creo que ese pacto ten que facerse considerando o tema da lingua. E reitero que os nenos son os que terán que sufrir as consecuencias dos nosos erros no presente. Por iso chamo a ese pacto para beneficiarnos todos, pero sobre todo aqueles que aínda non poden votar. Chamo a ese pacto tamén na educación no que se refire ás universidades galegas, que teñen un dobre reto transcendental: primeiro, a súa integración no espazo común europeo, e, segundo, o reto de implicarse no desenvolvemento real, económico, de Galicia.

A quinta proposta destas seis é a reforma dos medios públicos de comunicación de Galicia. A sociedade non acepta xa que os medios audiovisuais públicos se comporten como voceiro do goberno de quenda. A demanda demanda uns medios de calidade máis obxectivos. E por iso, antes de reformar a lei, tentarei chegar a un acordo co director da Compañía de Radio-Televisión Galega. Entendo que podiamos pasar catro anos dicindo que vamos a chegar a un acordo, pechar a lexislatura e non chegar ao acordo. Pero creo que é necesario chegar a un acordo co director da Compañía da Radio-Televisión Galega. Como creo que é necesario dar estabilidade aos profesionais da Compañía da Radio-Televisión Galega.

Por iso, señorías, creo –e remato– que é necesario tamén intentar un acordo na reforma do Estatuto de autonomía; un pacto para a reforma do Estatuto que legalmente é necesario pero en termos políticos creo que é imprescindible. Se chegamos xa a uns acordos na Cámara, ¿por que non os imos respectar? ¿Pero respectaremos, en consecuencia, a Constitución e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional? Se vostedes din que si, estou convencido que esa reforma constitucional do Estatuto pode ver a luz; se vostedes din que non, pois, como é natural, teremos máis dificultades.

Señorías, durante este debate de investidura hai moitas palabras ditas, pero creo que hai tres especiais: diálogo, pacto e acordo. E esas palabras foron pronunciadas de forma constante e reiterada, porque sabiamos na noite electoral que o importante non era só gañar as eleccións, porque sabiamos na noite electoral que había moitísima xente que tiña unha expectativa e unha esperanza, porque non é normal que nunha comunidade autónoma haxa un cambio político tan só á primeira lexislatura dun goberno que fenece nas urnas. E esa esperanza queremos compartir e esa esperanza dependerá de todos, sen dúbida, primeiro, de obter a confianza da Cámara de quen fala; segundo, do goberno que nomee; terceiro, do Grupo Parlamentario Popular, pero aquí estamos todos os grupos que conforman o arco parlamentario galego.

E por iso non quero en ningún caso rematar sen facer un agradecemento explícito, un agradecemento sincero e un agradecemento que estará no *Diario de Sesións* de forma clara. E eu quero agradecer claramente en nome do Grupo Parlamentario Popular a dous dignos deputados desta Cámara o seu traballo por tentar facer unha Galicia mellor. E quero agradecerllo de forma explícita a don Anxo Quintana e a don Emilio Pérez Touriño. Quero dicilo dunha forma moi clara: discrepancias á parte, para min son dous políticos que forman parte xa do patrimonio de Galicia. (*Aplausos.*)

Desde o pasado martes teño xa escoitado a varios representantes da sociedade civil –que agradezo a súa presenza– que amosan, con independencia da súa ideoloxía, a intención de colaborar nalgúns dos proxectos que o pasado martes e hoxe mesmo intentamos trasladar á Cámara. Esa creo que é a actitude que nos interesa, creo que é a actitude positiva. E por iso agradezo moi especialmente as declaracións dalgúns alcaldes, sexan ou non sexan do Partido Popular, como é o alcalde de Pontevedra, que acolleu con predisposición colaborar no

traslado de Ence dentro da comarca de Pontevedra. Quero agradecer, polo tanto, a presenza tamén dos distintos alcaldes doutros partidos políticos que estiveron durante a xornada do martes e a xornada de hoxe; quero agradecerlles, sen dúbida, a súa presenza. E quero tamén agradecer as declaracións dos representantes dos traballadores, tanto de Comisións Obreiras como de UXT, de compartir a nosa preocupación pola evolución do emprego e de darlle a marxe de confianza que teñen todos os gobernos democráticos no mundo.

Quixera tamén agradecer as valoracións dalgúns representantes empresariais. Quixera, en definitiva, agradecer algunhas das reaccións de moitos representantes da sociedade, con independencia da súa adscripción política.

É preciso que todos e cada un dos que formamos parte desta gran sociedade, que todos e cada un dos que habitamos nesta terra, que todos e cada un dos que arelamos deixar un país mellor, intentemos polo menos dialogar, xuntar forzas e acomodarse xuntos no que do interese común compartimos. Foi ese motivo e non outro polo que concluíu o meu discurso o pasado martes cunha frase, cun *Deus fratresque Gallaecia*, que algúns, levados por un exceso de pudor laicista, teñen criticado. A eles e a todos os que me escoitan quixera lembrarllles que esta frase conta Alfredo Brañas que foi o grito co que en 1623 os estudantes composteláns defenderon a vila de Monterrei fronte á invasión portuguesa, e que os heroes do Batallón Literario asumiron como propio para enfrontarse contra o feudalismo e o absolutismo despótico na Guerra da independencia española e loitar contra o invasor francés. Quero reiterar igualmente que esta frase, según di Castela en *Sempre en Galiza* –por certo, un texto co que algunhas das súas señorías acudiron a prometer o seu cargo, deberían de coñecerlo–, é a chamada con que os Irmandiños se agruparon na súa segunda sublevación en 1467. É certo que a situación de 1467 e do ano 2009 en nada se parece, pero é certo tamén que volve a ser necesario –na situación excepcional na que está a vivir o pobo galego– pronunciar, para xuntos loitar por unha Galiza mellor, esta frase, e con isto remato: *Deus fratresque Gallaecia*.

Moitas gracias. Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Núñez Feijóo.

Tal e como tiña anunciado antes, a votación farase ás 18:30 horas.

Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Rogo ás súas señorías, por favor, que vaian ocupando os seus escanos.

Retomamos a sesión.

Procedemos deseguido á votación para a elección do presidente da Xunta de Galicia.

A votación levarase a cabo conforme o procedemento antes explicado e reitero ás súas señorías que deberán pronunciarse dende o propio escano coas expresións: si, non, ou abstención.

Deseguido o secretario procederá a sacar a sorte o apelido da deputada ou do deputado polo que se vai comezar a votación. Os membros do Goberno en funcións e mais os da Mesa da Cámara votarán ao final e rematará a votación esta Presidencia.

Por tanto, señor secretario...

(O señor secretario saca a sorte o número do deputado ou deputada polo que vai comezar a votación.)

A señora PRESIDENTA: A sorte di que é o número 57, que corresponde ao deputado don Alberto Sueiro Pastoriza.

Por tanto, comezará a votación polo deputado que acabo de nomear e, señor secretario, por favor, comece entón a chamar os deputados.

Por favor, déanlle voz ao escano do señor secretario.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Grazas, señora presidenta.

Sueiro Pastoriza, Alberto: Si.

Tomé Roca, José: Non.

Valcárcel Gómez, Marta: Si.

Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis: Si.

Verdes Gil, Sonia: Non.
Viéitez Alonso, Henrique: Non.
Acuña do Campo, Carmen: Non.
Adán Villamarín, Carme: Non.
Álvarez-Campana Gallo, José Manuel: Si.
Arias Rodríguez, Raquel: Si.
Árias Veira, Pedro Manuel: Si.
Aymerich Cano, Carlos Ignacio: Non.
Baamonde Díaz, Agustín: Si.
Barcón Sánchez, Mar: Non.
Barros Sánchez, Natalia: Si.
Bouzas Santiago, Ana Luisa: Non.
Burgo López, María Concepción: Non.
Calvo Pouso, Diego: Si.
Castiñeira Broz, Jaime: Si.
Cerviño González, Francisco: Non.
Cobián Fernández de la Puente, Pablo: Si.
Fernández Fernández, Rosendo: Si.
Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Non.
Fervenza Costas, José: Si.
Fraga Santos, Silvia: Non.
Gallego Lomba, José Manuel: Non.
García López, José Antonio: Si.
García Pacín, María Isabel: Si.
Herández Fernández de Rojas, Agustín: Si.
Lage Tuñas, José Manuel: Non.
Lobeira Domínguez, Bieito: Non.
López Abella, María Susana: Si.
López Campos, José: Si.
López-Chaves Castro, Ignacio Javier: Si.
López Vidal, Pablo Xabier: Non.
Losada Álvarez, Abel: Non.
Mato Otero, Beatriz: Si.
Meijón Couselo, Guillermo: Non.
Negreira Souto, Carlos: Si.
Novoa López, Enrique: Si.
Núñez Feijóo, Alberto: Si.
Oubiña Solla, Rosa: Si.
Pardo López, Carmen: Si.
Paz Franco, Tereixa: Non.
Pontón Mondelo, Ana Belén: Non.
Prado del Río, Paula: Si.
Puy Fraga, Pedro: Si.
Quintana Carballo, Rosa: Si.
Quintas Álvarez, María: Non.
Rego González, Ismael: Non.

Rodríguez Arias, Marta: Si.
Rodríguez González, Román: Si.
Rodríguez Miranda, Antonio: Si.
Romero Fernández, Cristina Isabel: Si.
Rueda Valenzuela, Alfonso: Si.
Ruíz Rivas, Manuel Santos: Si.
Sánchez Montenegro, Isabel: Non.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.
Seara Sobrado, Laura: Non.
Sestayo Doce, Beatriz: Non.
Soneira Tajés, María Soledad: Non.
Táboas Veleiro, María Teresa: Non.
Vázquez Fernández, Manuel: Non.
Gallego Calvar, Carmen: Non.
Suárez Canal, Alfredo: Non.
Blanco Álvarez, Fernando Xabier: Non.
Caride Estévez, María José: Non.
Méndez Romeu, José Luís: Non.
Pérez Touriño, Emilio: Non.
Quintana González, Anxo Manuel: Non.
Balseiro Orol, José Manuel: Si.
Varela Sánchez, Ricardo: Non.
Baltar Blanco, José Manuel: Si.
Rojo Noguera, Pilar: Si.

¿Queda algunha deputada ou deputado sen nomear?
(*Negación.*)

Moitas grazas, señorías.

A señora PRESIDENTA: O resultado da votación é o seguinte: votos emitidos, 74; votos a favor, 38; votos en contra, 36.

Obtida a maioría absoluta, proclamo elixido presidente da Xunta de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo. (*Aplausos.*)

Da elección darase conta de inmediato á súa Maxestade El-Rey, conforme o disposto no artigo 18 da Lei 1/1983, de normas reguladoras da Xunta e do seu presidente.

Levántase a sesión.

Remata a sesión ás seis e corenta e dous minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25